



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 127
4 de decembro de 2024



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

I 15135 (12/PNP-001277)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 16 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no que atinxe ao mantemento e á ampliación para toda a poboación dos servizos que se recollen dentro do concepto de servizo universal de telecomunicacións

[51405](#)

Admisión a trámite e publicación

I 14833 (12/PNP-001252)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no que atinxe á cobertura sanitaria en Galicia do Instituto Social da Mariña

[51410](#)

I 14835 (12/PNP-001253)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Marnotes Fernández, Argimiro e 8 máis

Sobre a demanda que Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que leve a cabo as obras necesarias para mellorar a seguridade viaria na estrada N-541, especialmente entre Punxín e Pontevedra

[51412](#)

I 14837 (12/PNP-001254)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que adopte as medidas necesarias para poder cumprir en Galicia os obxectivos da Unión Europea en materia de reciclaxe e reutilización de residuos municipais

[51415](#)

I 14858 (12/PNP-001255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración, coa participación da Pegamp e con criterios obxectivos, transparentes e á marxe do Fondo Galego de Cooperación, dun plan único autonómico para o financiamento de proxectos locais

[51419](#)



I 14867 (12/PNP-001256)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago**

Sobre as condicións das vivendas dotacionais, ou dos aloxamentos compartidos, que debe ter en conta o Goberno galego nesta solución de emerxencia no contexto actual de dificultade para o acceso á vivenda

[51422](#)**I 14874 (12/PNP-001257)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Presas Bergantiños, Noa Olalla**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar coa finalidade de mellorar o servizo do Centro de Información á Muller de Ponteareas

[51429](#)**I 14890 (12/PNP-001258)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que garanta na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés un servizo estable de logopedia

[51434](#)**I 14913 (12/PNP-001259)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que tome as medidas necesarias para garantir a asistencia sanitaria de todo o colectivo docente adscrito a Muface

[51437](#)**I 14915 (12/PNP-001260)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Rosende, Jesús María e 8 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que a Dirección Xeral da Mariña Mercante estude a progresiva substitución das bengalas por outros sistemas de alerta no mar

[51439](#)**I 14920 (12/PNP-001261)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e 8 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de habilitar os procedementos necesarios para as empresas poderen patrocinar a partir do 1 de xaneiro de 2025 actividades turísticas ao abeiro do Xacobeo 2027

[51441](#)**I 14928 (12/PNP-001262)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 10 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no que concirne á materialización do proxecto do World Car Center en Vigo

[51443](#)

I 14929 (12/PNP-001263)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe levar a cabo para impulsar o traballo das fundacións e dos centros galegos de cultura de autor baixo un selo distintivo e cun programa conxunto promovidos pola Consellería de Cultura

[51446](#)**I 14936 (12/PNP-001264)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 10 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación cos programas estatais de apoio financeiro ao sector da automoción

[51449](#)**I 14940 (12/PNP-001265)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e 3 máis**

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha no ámbito dos riscos e das enfermidades laborais no sector agrogandeiro

[51453](#)**I 14954 (12/PNP-001266)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa repartición da cota de capturas da frota do abadexo

[51457](#)**I 14963 (12/PNP-001267)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do restablecemento das negociacións relativas á reclasificación profesional na CRTVG e da paralización temporal das modificacións anunciadas polo ente público en varios centros de traballo

[51460](#)**I 14967 (12/PNP-001268)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre as condicións que a Xunta de Galicia debe exixir á empresa concesionaria do transporte interurbano de Pontevedra no servizo que presta na liña 4, que dá acceso á parroquia de Cerponzóns

[51463](#)**I 14973 (12/PNP-001269)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galicia verbo da hospitalización a domicilio (Hado), singularmente a inclusión do concello de Sada na prestación deste servizo por parte do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

[51465](#)**I 14980 (12/PNP-001270)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun incremento no CEIP de Vilaxoán, de Vilagarcía, de docentes especializados e persoal coidador para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo [51468](#)

I 14993 (12/PNP-001271)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que garanta a realización sen incidencias dos procesos selectivos para o ingreso nos corpos da Administración autonómica [51470](#)

I 14998 (12/PNP-001272)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia [51472](#)

I 15004 (12/PNP-001273)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha destinadas ás familias en risco de pobreza con menores ao seu cargo [51475](#)

I 15021 (12/PNP-001274)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre o incremento das contías percibidas polas familias nos programas de acollemento familiar e outras medidas que debe adoptar o Goberno galego respecto destes programas [51478](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**1.3.6.2.1. Proposicións presentadas****Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación****I 14832 (12/PNC-001448)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no que atinxe á cobertura sanitaria en Galicia do Instituto Social da Mariña [51482](#)

I 14834 (12/PNC-001449)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Marnotes Fernández, Argimiro e 8 máis

Sobre a demanda que Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que leve a cabo as obras necesarias para mellorar a seguridade viaria na estrada N-541, especialmente entre Punxín e Pontevedra [51484](#)



I 14836 (12/PNC-001450)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e 8 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que adopte as medidas necesarias para poder cumprir en Galicia os obxectivos da Unión Europea en materia de reciclaxe e reutilización de residuos municipais

[51487](#)**I 14859 (12/PNC-001452)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e 3 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración, coa participación da Pegamp e con criterios obxectivos, transparentes e á marxe do Fondo Galego de Cooperación, dun plan único autonómico para o financiamento de proxectos locais

[51491](#)**I 14868 (12/PNC-001453)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago**

Sobre as condicións das vivendas dotacionais, ou dos aloxamentos compartidos, que debe ter en conta o Goberno galego nesta solución de emerxencia no contexto actual de dificultade para o acceso á vivenda

[51494](#)**I 14873 (12/PNC-001454)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Presas Bergantiños, Noa Olalla**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar coa finalidade de mellorar o servizo do Centro de Información á Muller de Ponteareas

[51501](#)**I 14889 (12/PNC-001455)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que garanta na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés un servizo estable de logopedia

[51506](#)**I 14896 (12/PNC-001456)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun incremento da dotación do CEIP Novo Mesoiro, da Coruña, de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e en Audición e Linguaxe

[51509](#)**I 14912 (12/PNC-001457)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que tome as medidas necesarias para garantir a asistencia sanitaria de todo o colectivo docente adscrito a Muface

[51512](#)

I 14914 (12/PNC-001458)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Rosende, Jesús María e 8 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que a Dirección Xeral da Mariña Mercante estude a progresiva substitución das bengalas por outros sistemas de alerta no mar

[51514](#)**I 14919 (12/PNC-001459)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e 7 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de habilitar os procedementos necesarios para as empresas poderen patrocinar a partir do 1 de xaneiro de 2025 actividades turísticas ao abeiro do Xacobeo 2027

[51516](#)**I 14927 (12/PNC-001460)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 10 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no que concirne á materialización do proxecto do World Car Center en Vigo

[51519](#)**I 14930 (12/PNC-001461)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe levar a cabo para impulsar o traballo das fundacións e dos centros galegos de cultura de autor baixo un selo distintivo e cun programa conxunto promovidos pola Consellería de Cultura

[51521](#)**I 14935 (12/PNC-001462)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación cos programas estatais de apoio financeiro ao sector da automoción

[51524](#)**I 14939 (12/PNC-001463)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e 3 máis**

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha no ámbito dos riscos e das enfermidades laborais no sector agrogandeiro

[51528](#)**I 14953 (12/PNC-001464)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa repartición da cota de capturas da frota do abadexo

[51532](#)

I 14966 (12/PNC-001465)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre as condicións que a Xunta de Galicia debe exixir á empresa concesionaria do transporte interurbano de Pontevedra no servizo que presta na liña 4, que dá acceso á parroquia de Cerponzóns

[51535](#)**I 14972 (12/PNC-001466)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galicia verbo da hospitalización a domicilio (Hado), singularmente a inclusión do concello de Sada na prestación deste servizo por parte do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

[51537](#)**I 14979 (12/PNC-001467)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun incremento no CEIP de Vilaxoán, de Vilagarcía, de docentes especializados e persoal coidador para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

[51540](#)**I 14992 (12/PNC-001468)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que garanta a realización sen incidencias dos procesos selectivos para o ingreso nos corpos da Administración autonómica

[51542](#)**I 14997 (12/PNC-001469)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia

[51544](#)**I 15003 (12/PNC-001470)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha destinadas ás familias en risco de pobreza con menores ao seu cargo

[51547](#)**I 15020 (12/PNC-001471)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre o incremento das contías percibidas polas familias nos programas de acollemento familiar e outras medidas que debe adoptar o Goberno galego respecto destes programas

[51550](#)**I 15046 (12/PNC-001472)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Fernández Fernández, Secundino**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que leve a cabo as actuacións necesarias para conseguir a cesión ao Concello de Bueu do local da antiga Cámara Agraria

[51554](#)

I 15052 (12/PNC-001473)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe levar adiante respecto da dotación docente e da mellora das instalacións do CEIP Canosa-Rus, de Coristanco

[51557](#)

1.4. Procedementos de información**1.4.3. Interpelacións****Admisión a trámite e publicación****I 14860 (12/INT-000646)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 3 máis

Sobre o modelo de apoio financeiro da Xunta de Galicia ao desenvolvemento dos proxectos de infraestruturas e servizos promovidos desde o ámbito local

[51561](#)

I 14872 (12/INT-000647)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago

Sobre a fórmula dos aloxamentos compartidos como solución de emerxencia para afrontar o problema de acceso á vivenda

[51564](#)

I 14931 (12/INT-000648)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre o apoio ao conxunto das fundacións e dos centros dedicados a sosteñer o legado dos persoeiros da cultura de Galicia

[51570](#)

I 15045 (12/INT-000649)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S. A., e os próximos obxectivos que pensa impulsar a Xunta de Galicia nesta materia

[51573](#)

1.4.4. Preguntas**1.4.4.1. Preguntas orais en pleno****Admisión a trámite e publicación****I 14839 (12/POP-002164)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre o expediente de infracción aberto pola Unión Europea ao Goberno de España por non cumprir os obxectivos en materia de reutilización e reciclaxe de residuos municipais

[51577](#)



I 14861 (12/POP-002165)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e 3 máis**

Sobre a postura do Goberno galego ante o eventual impulso dun plan único autonómico, á marxe do Fondo Galego de Cooperación, destinado a todos os concellos e elaborado con criterios obxectivos e transparentes

[51580](#)**I 14870 (12/POP-002166)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago**

Sobre as posibilidades de reorientación do modelo de aloxamentos compartidos destinados á xente nova que prevé pór en marcha a Xunta de Galicia

[51583](#)**I 14876 (12/POP-002167)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Presas Bergantiños, Noa Olalla**

Sobre o nivel de recursos persoais e materiais cos que conta o Centro de Información á Muller de Ponteareas

[51589](#)**I 14892 (12/POP-002168)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que concirne a unha mellora do servizo de logopedia na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

[51593](#)**I 14898 (12/POP-002169)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre a dotación do CEIP Novo Mesoiro, da Coruña, neste curso 2024-2025, de profesorado especialista no alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

[51595](#)**I 14909 (12/POP-002170)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e 20 máis**

Sobre as actuacións de conservación e restauración do patrimonio arquitectónico e arqueolóxico da Ribeira Sacra realizadas desde o inicio dos trámites dirixidos a acadar a súa declaración como Patrimonio Mundial

[51598](#)**I 14911 (12/POP-002171)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e 21 máis**

Sobre a valoración dos pasos dados ata agora co fin de acadar a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial

[51601](#)**I 14918 (12/POP-002172)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre as medidas que está a desenvolver a Consellería de Economía e Industria destinadas a mellorar a competitividade dos equipos directivos das empresas galegas

[51604](#)**I 14925 (12/POP-002174)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo do proxecto E-Diabetes

[51606](#)**I 14932 (12/POP-002175)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre o apoio da Xunta de Galicia, baixo un selo distintivo e un programa conxunto, ás fundacións e aos centros que difunden o traballo dos persoeiros da cultura galega

[51608](#)**I 14942 (12/POP-002176)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a eventual solicitude ao Goberno central da inclusión das enfermidades laborais do sector agrogandeiro no cadro de enfermidades profesionais recollidas no Real decreto 1299/2006

[51611](#)**I 14969 (12/POP-002177)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as razóns de que a liña 4 do transporte público interurbano de Pontevedra, que remata en Cerponzóns, non estea cuberta por un vehículo apropiado que cumpra as condicións do contrato

[51615](#)**I 14975 (12/POP-002178)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a eventual inclusión do concello de Sada nos servizos de hospitalización a domicilio do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

[51617](#)**I 14982 (12/POP-002179)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o nivel da dotación docente do CEIP de Vilaxoán, de Vilagarcía, en comparación coa doutros centros

[51620](#)**I 15001 (12/POP-002180)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a intención do Goberno galego no que concirne á creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia

[51622](#)

I 15006 (12/POP-002181)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as novidades que o Goberno galego pensa introducir en 2025 na súa política de loita contra o risco de pobreza en familias con menores ao seu cargo

[51624](#)**I 15023 (12/POP-002182)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a actualización das contías compensatorias percibidas polas familias que participan nos programas de acollemento familiar

[51627](#)**I 15028 (12/POP-002183)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel**

Sobre as previsións do Goberno galego diante das conclusións da VIII Conxuntura estatística do ámbito cultural, estudo que publica o Consello da Cultura Galega

[51630](#)**I 15037 (12/POP-002184)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, Carmela e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre a valoración dos resultados da campaña *Galicia sabe aMar*

[51632](#)**I 15048 (12/POP-002185)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Fernández Fernández, Secundino**

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da obtención da cesión ao Concello de Bueu do local da antiga Cámara Agraria

[51635](#)**I 15054 (12/POP-002186)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, José Daniel e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre a postura da Xunta de Galicia diante do estado das instalacións do CEIP Canosa-Rus, de Coristanco, e da súa dotación docente

[51637](#)**I 15058 (12/POP-002188)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 9 máis**

Sobre o estado en que está a tramitación do proxecto da Biblioteca Pública do Estado en Vigo

[51641](#)**1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia****Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación****I 14987 (12/POPX-000027)****Grupo Parlamentario Mixto**

Ojea Bouzo, Armando

Sobre o tratamento orzamentario da provincia de Ourense previsto para o ano 2025 e para futuros exercicios [51644](#)

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

I 14862 (12/POC-002319)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 3 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante o eventual impulso, coa participación da Fegamp, dun plan único autonómico á marxe do Fondo Galego de Cooperación, destinado a todos os concellos e elaborado con criterios obxectivos e transparentes [51646](#)

I 14869 (12/POC-002320)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago

Sobre as características do modelo de aloxamentos compartidos orientados á xente nova que prevé pór en marcha a Xunta de Galicia [51649](#)

I 14875 (12/POC-002321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre as accións que prevé levar adiante o Goberno galego co obxectivo de mellorar a atención do Centro de Información á Muller de Ponteareas [51655](#)

I 14891 (12/POC-002322)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a situación do servizo de logopedia na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés e as previsións da Xunta de Galicia no que concirne a unha mellora da atención nesta especialidade [51660](#)

I 14838 (12/POC-002323)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre o expediente de infracción aberto pola Unión Europea ao Goberno de España por non cumprir os obxectivos en materia de reutilización e reciclaxe de residuos municipais [51663](#)

I 14897 (12/POC-002324)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a situación neste curso 2024-2025 do CEIP Novo Mesoiro, da Coruña, verbo do seu cadro de profesorado especialista en alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto [51666](#)



I 14908 (12/POC-002325)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e 21 máis**

Sobre as actuacións de conservación e restauración do patrimonio arquitectónico e arqueolóxico da Ribeira Sacra realizadas desde o inicio dos trámites dirixidos a acadar a súa declaración como Patrimonio Mundial

[51669](#)**I 14910 (12/POC-002326)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e 21 máis**

Sobre a valoración dos pasos dados ata agora co fin de acadar a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial

[51672](#)**I 14916 (12/POC-002327)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis**

Sobre as medidas que está a desenvolver a Consellería de Economía e Industria destinadas a mellorar a competitividade dos equipos directivos das empresas galegas

[51675](#)**I 14924 (12/POC-002328)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo do proxecto E-Diabetes

[51677](#)**I 14933 (12/POC-002329)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto**

Sobre o apoio da Xunta de Galicia, baixo un selo distintivo e un programa conxunto, ás fundacións e aos centros que difunden o traballo dos persoeiros da cultura galega

[51679](#)**I 14941 (12/POC-002330)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e 3 máis**

Sobre a eventual existencia de estudos elaborados pola Xunta de Galicia respecto dos riscos laborais do sector agrogandeiro e a solicitude ao Goberno central da súa inclusión no cadro de enfermidades profesionais recollidas no Real decreto 1299/2006

[51682](#)**I 14964 (12/POC-002331)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Longueira Castro, Silvia**

Sobre as modificacións anunciadas pola CRTVG en varios dos seus centros, as súas consecuencias nas condicións de traballo e a posibilidade de extensión futura deste sistema ao centro de San Marcos

[51686](#)**I 14968 (12/POC-002332)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre as condicións en que se leva a cabo o servizo da liña 4 do autobús interurbano de Pontevedra, que remata na parroquia de Cerponzóns [51689](#)

I 14974 (12/POC-002333)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre o balance da implantación do Plan de hospitalización a domicilio na Área Sanitaria da Coruña e Cee e as previsións do Goberno galego respecto da eventual inclusión do concello de Sada nos servizos de Hado do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña [51691](#)

I 14981 (12/POC-002335)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a dotación do CEIP de Vilaxoán, de Vilagarcía, de profesorado e persoal coidador orientado ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo [51694](#)

I 14994 (12/POC-002336)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as incidencias acontecidas no proceso selectivo da escala de axentes técnicos en xestión ambiental do corpo de técnicos de carácter facultativo da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (grupo B) do día 16 de novembro de 2024 [51696](#)

I 14995 (12/POC-002337)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante as incidencias acontecidas no proceso selectivo da escala de axentes técnicos en xestión ambiental do corpo de técnicos de carácter facultativo da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (grupo B) do día 16 de novembro de 2024 [51699](#)

I 15002 (12/POC-002338)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a intención do Goberno galego no que concirne á creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia [51701](#)

I 15005 (12/POC-002339)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as novidades que o Goberno galego pensa introducir en 2025 na súa política de loita contra o risco de pobreza en familias con menores ao seu cargo e a valoración das medidas que se están a tomar na actualidade [51703](#)

I 15022 (12/POC-002340)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo dun eventual incremento nas contías que perciben as familias de acollida nos programas de acollemento familiar

[51706](#)**I 15027 (12/POC-002341)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre as previsións do Goberno galego diante das conclusións da VIII Conxuntura estatística do ámbito cultural, estudo que publica o Consello da Cultura Galega

[51709](#)**I 15036 (12/POC-002342)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a promoción do consumo de produtos do mar, as actuacións desenvolvidas polo Goberno galego con este obxectivo e o balance concreto que fai da campaña *Galicia sabe aMar*

[51711](#)**I 15043 (12/POC-002343)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S. A., de nova creación, os seus obxectivos en materia de solo residencial e de promoción de vivenda pública, así como sobre as súas previsións orzamentarias

[51715](#)**I 15047 (12/POC-002344)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Fernández Fernández, Secundino

Sobre a postura da Xunta de Galicia verbo da cesión ao Concello de Bueu do local da antiga Cámara Agraria e as previsións que ten sobre a materialización desta demanda histórica das sucesivas corporacións municipais da vila

[51719](#)**I 15053 (12/POC-002345)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a situación do CEIP Canosa-Rus, de Coristanco, no que atinxe á súa dotación de docentes especializados no alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao estado das súas instalacións

[51722](#)**I 15059 (12/POC-002347)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 9 máis

Sobre a situación en que está a tramitación do proxecto da Biblioteca Pública do Estado en Vigo e as perspectivas respecto da súa construción

[51727](#)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 2 de decembro de 2024, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 15135 (12/PNP-001277)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 16 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no que atinxe ao mantemento e á ampliación para toda a poboación dos servizos que se recollen dentro do concepto de servizo universal de telecomunicacións

Admisión a trámite e publicación

- 14833 (12/PNP-001252)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no que atinxe á cobertura sanitaria en Galicia do Instituto Social da Mariña

- 14835 (12/PNP-001253)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Marnotes Fernández, Argimiro e 8 máis

Sobre a demanda que Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que leve a cabo as obras necesarias para mellorar a seguridade viaria na estrada N-541, especialmente entre Punxín e Pontevedra

- 14837 (12/PNP-001254)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que adopte as medidas necesarias para poder cumprir en Galicia os obxectivos da Unión Europea en materia de reciclaxe e reutilización de residuos municipais

- 14858 (12/PNP-001255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración, coa participación da Pegamp e con criterios obxectivos, transparentes e á marxe do Fondo Galego de Cooperación, dun plan único autonómico para o financiamento de proxectos locais



- 14867 (12/PNP-001256)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago

Sobre as condicións das vivendas dotacionais, ou dos aloxamentos compartidos, que debe ter en conta o Goberno galego nesta solución de emerxencia no contexto actual de dificultade para o acceso á vivenda

- 14874 (12/PNP-001257)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar coa finalidade de mellorar o servizo do Centro de Información á Muller de Pontearreas

- 14890 (12/PNP-001258)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que garanta na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés un servizo estable de logopedia

- 14913 (12/PNP-001259)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que tome as medidas necesarias para garantir a asistencia sanitaria de todo o colectivo docente adscrito a Muface

- 14915 (12/PNP-001260)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Rosende, Jesús María e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que a Dirección Xeral da Mariña Mercante estude a progresiva substitución das bengalas por outros sistemas de alerta no mar

- 14920 (12/PNP-001261)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de habilitar os procedementos necesarios para as empresas poderen patrocinar a partir do 1 de xaneiro de 2025 actividades turísticas ao abeiro do Xacobeo 2027

- 14928 (12/PNP-001262)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 10 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no que concirne á materialización do proxecto do World Car Center en Vigo



- 14929 (12/PNP-001263)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre as medidas que o Goberno galego debe levar a cabo para impulsar o traballo das fundacións e dos centros galegos de cultura de autor baixo un selo distintivo e cun programa conxunto promovidos pola Consellería de Cultura

- 14936 (12/PNP-001264)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 10 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación cos programas estatais de apoio financeiro ao sector da automoción

- 14940 (12/PNP-001265)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha no ámbito dos riscos e das enfermidades laborais no sector agrogandeiro

- 14954 (12/PNP-001266)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa repartición da cota de capturas da frota do abadexo

- 14963 (12/PNP-001267)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do restablecemento das negociacións relativas á reclasificación profesional na CRTVG e da paralización temporal das modificacións anunciadas polo ente público en varios centros de traballo

- 14967 (12/PNP-001268)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as condicións que a Xunta de Galicia debe exixir á empresa concesionaria do transporte interurbano de Pontevedra no servizo que presta na liña 4, que dá acceso á parroquia de Cerponzóns

- 14973 (12/PNP-001269)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galicia verbo da hospitalización a domicilio (Hado), singularmente a inclusión do concello de Sada na prestación deste servizo por parte do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

- 14980 (12/PNP-001270)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun incremento no CEIP de Vilaxoán, de Vilagarcía, de docentes especializados e persoal coidador para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

- 14993 (12/PNP-001271)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que garanta a realización sen incidencias dos procesos selectivos para o ingreso nos corpos da Administración autonómica

- 14998 (12/PNP-001272)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia

- 15004 (12/PNP-001273)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha destinadas ás familias en risco de pobreza con menores ao seu cargo

- 15021 (12/PNP-001274)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre o incremento das contías percibidas polas familias nos programas de acollemento familiar e outras medidas que debe adoptar o Goberno galego respecto destes programas

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 14832 (12/PNC-001448)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no que atinxe á cobertura sanitaria en Galicia do Instituto Social da Mariña

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 14834 (12/PNC-001449)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Marnotes Fernández, Argimiro e 8 máis

Sobre a demanda que Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que leve a cabo as obras necesarias para mellorar a seguridade viaria na estrada N-541, especialmente entre Punxín e Pontevedra

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 14836 (12/PNC-001450)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que adopte as medidas necesarias para poder cumprir en Galicia os obxectivos da Unión Europea en materia de reciclaxe e reutilización de residuos municipais

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 14859 (12/PNC-001452)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración, coa participación da Pegamp e con criterios obxectivos, transparentes e á marxe do Fondo Galego de Cooperación, dun plan único autonómico para o financiamento de proxectos locais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 14868 (12/PNC-001453)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago

Sobre as condicións das vivendas dotacionais, ou dos aloxamentos compartidos, que debe ter en conta o Goberno galego nesta solución de emerxencia no contexto actual de dificultade para o acceso á vivenda

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 14873 (12/PNC-001454)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar coa finalidade de mellorar o servizo do Centro de Información á Muller de Ponteareas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14889 (12/PNC-001455)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que garanta na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés un servizo estable de logopedia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14896 (12/PNC-001456)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun incremento da dotación do CEIP Novo Mesoiro, da Coruña, de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e en Audición e Linguaxe

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14912 (12/PNC-001457)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que tome as medidas necesarias para garantir a asistencia sanitaria de todo o colectivo docente adscrito a Muface

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14914 (12/PNC-001458)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Rosende, Jesús María e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que a Dirección Xeral da Mariña Mercante estude a progresiva substitución das bengalas por outros sistemas de alerta no mar

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 14919 (12/PNC-001459)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 7 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de habilitar os procedementos necesarios para as empresas poderen patrocinar a partir do 1 de xaneiro de 2025 actividades turísticas ao abeiro do Xacobeo 2027

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 14927 (12/PNC-001460)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 10 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no que concirne á materialización do proxecto do World Car Center en Vigo

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 14930 (12/PNC-001461)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre as medidas que o Goberno galego debe levar a cabo para impulsar o traballo das fundacións e dos centros galegos de cultura de autor baixo un selo distintivo e cun programa conxunto promovidos pola Consellería de Cultura

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14935 (12/PNC-001462)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación cos programas estatais de apoio financeiro ao sector da automoción

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 14939 (12/PNC-001463)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha no ámbito dos riscos e das enfermidades laborais no sector agrogandeiro

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 14953 (12/PNC-001464)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa repartición da cota de capturas da frota do abadexo

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 14966 (12/PNC-001465)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as condicións que a Xunta de Galicia debe exixir á empresa concesionaria do transporte interurbano de Pontevedra no servizo que presta na liña 4, que dá acceso á parroquia de Cerponzóns

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 14972 (12/PNC-001466)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galicia verbo da hospitalización a domicilio (Hado), singularmente a inclusión do concello de Sada na prestación deste servizo por parte do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14979 (12/PNC-001467)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun incremento no CEIP de Vilaxoán, de Vilagarcía, de docentes especializados e persoal coidador para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14992 (12/PNC-001468)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que garanta a realización sen incidencias dos procesos selectivos para o ingreso nos corpos da Administración autonómica

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 14997 (12/PNC-001469)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 15003 (12/PNC-001470)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha destinadas ás familias en risco de pobreza con menores ao seu cargo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15020 (12/PNC-001471)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre o incremento das contías percibidas polas familias nos programas de acollemento familiar e outras medidas que debe adoptar o Goberno galego respecto destes programas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15046 (12/PNC-001472)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Fernández Fernández, Secundino

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que leve a cabo as actuacións necesarias para conseguir a cesión ao Concello de Bueu do local da antiga Cámara Agraria

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 15052 (12/PNC-001473)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe levar adiante respecto da dotación docente e da mellora das instalacións do CEIP Canosa-Rus, de Coristanco

Comisión 4ª, Educación e Cultura

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 14860 (12/INT-000646)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 3 máis

Sobre o modelo de apoio financeiro da Xunta de Galicia ao desenvolvemento dos proxectos de infraestruturas e servizos promovidos desde o ámbito local

- 14872 (12/INT-000647)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago

Sobre a fórmula dos aloxamentos compartidos como solución de emerxencia para afrontar o problema de acceso á vivenda

- 14931 (12/INT-000648)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre o apoio ao conxunto das fundacións e dos centros dedicados a soste o legado dos persoeros da cultura de Galicia

- 15045 (12/INT-000649)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S. A., e os próximos obxectivos que pensa impulsar a Xunta de Galicia nesta materia

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

Admisión a trámite e publicación

- 14839 (12/POP-002164)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre o expediente de infracción aberto pola Unión Europea ao Goberno de España por non cumprir os obxectivos en materia de reutilización e reciclaxe de residuos municipais

- 14861 (12/POP-002165)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 3 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante o eventual impulso dun plan único autonómico, á marxe do Fondo Galego de Cooperación, destinado a todos os concellos e elaborado con criterios obxectivos e transparentes

- 14870 (12/POP-002166)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago

Sobre as posibilidades de reorientación do modelo de aloxamentos compartidos destinados á xente nova que prevé pór en marcha a Xunta de Galicia

- 14876 (12/POP-002167)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre o nivel de recursos persoais e materiais cos que conta o Centro de Información á Muller de Ponteareas

- 14892 (12/POP-002168)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que concirne a unha mellora do servizo de logopedia na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés



- 14898 (12/POP-002169)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a dotación do CEIP Novo Mesoiro, da Coruña, neste curso 2024-2025, de profesorado especialista no alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

- 14909 (12/POP-002170)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 20 máis

Sobre as actuacións de conservación e restauración do patrimonio arquitectónico e arqueolóxico da Ribeira Sacra realizadas desde o inicio dos trámites dirixidos a acadar a súa declaración como Patrimonio Mundial

- 14911 (12/POP-002171)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 21 máis

Sobre a valoración dos pasos dados ata agora co fin de acadar a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial

- 14918 (12/POP-002172)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre as medidas que está a desenvolver a Consellería de Economía e Industria destinadas a mellorar a competitividade dos equipos directivos das empresas galegas

- 14925 (12/POP-002174)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo do proxecto E-Diabetes

- 14932 (12/POP-002175)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre o apoio da Xunta de Galicia, baixo un selo distintivo e un programa conxunto, ás fundacións e aos centros que difunden o traballo dos persoeiros da cultura galega

- 14942 (12/POP-002176)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a eventual solicitude ao Goberno central da inclusión das enfermidades laborais do sector agrogandeiro no cadro de enfermidades profesionais recollidas no Real decreto 1299/2006

- 14969 (12/POP-002177)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos



Sobre as razóns de que a liña 4 do transporte público interurbano de Pontevedra, que remata en Cerponzóns, non estea cuberta por un vehículo apropiado que cumpra as condicións do contrato

- 14975 (12/POP-002178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a eventual inclusión do concello de Sada nos servizos de hospitalización a domicilio do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

- 14982 (12/POP-002179)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o nivel da dotación docente do CEIP de Vilaxoán, de Vilagarcía, en comparación coa doutros centros

- 15001 (12/POP-002180)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a intención do Goberno galego no que concirne á creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia

- 15006 (12/POP-002181)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as novidades que o Goberno galego pensa introducir en 2025 na súa política de loita contra o risco de pobreza en familias con menores ao seu cargo

- 15023 (12/POP-002182)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a actualización das contías compensatorias percibidas polas familias que participan nos programas de acollemento familiar

- 15028 (12/POP-002183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre as previsións do Goberno galego diante das conclusións da VIII Conxuntura estatística do ámbito cultural, estudo que publica o Consello da Cultura Galega

- 15037 (12/POP-002184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a valoración dos resultados da campaña *Galicie sabe aMar*

- 15048 (12/POP-002185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Ríos Santomé, Paulo e Fernández Fernández, Secundino

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da obtención da cesión ao Concello de Bueu do local da antiga Cámara Agraria

- 15054 (12/POP-002186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a postura da Xunta de Galicia diante do estado das instalacións do CEIP Canosa-Rus, de Coristanco, e da súa dotación docente

- 15058 (12/POP-002188)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 9 máis

Sobre o estado en que está a tramitación do proxecto da Biblioteca Pública do Estado en Vigo

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 14987 (12/POPX-000027)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre o tratamento orzamentario da provincia de Ourense previsto para o ano 2025 e para futuros exercicios

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 14862 (12/POC-002319)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 3 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante o eventual impulso, coa participación da Fegamp, dun plan único autonómico á marxe do Fondo Galego de Cooperación, destinado a todos os concellos e elaborado con criterios obxectivos e transparentes

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 14869 (12/POC-002320)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago

Sobre as características do modelo de aloxamentos compartidos orientados á xente nova que prevé por en marcha a Xunta de Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 14875 (12/POC-002321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández Davila, María Cristina e Presas Bergantiños, Noa Olalla
Sobre as accións que prevé levar adiante o Goberno galego co obxectivo de mellorar a atención do Centro de Información á Muller de Ponteareas
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14891 (12/POC-002322)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a situación do servizo de logopedia na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés e as previsións da Xunta de Galicia no que concirne a unha mellora da atención nesta especialidade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14838 (12/POC-002323)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre o expediente de infracción aberto pola Unión Europea ao Goberno de España por non cumprir os obxectivos en materia de reutilización e reciclaxe de residuos municipais

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 14897 (12/POC-002324)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a situación neste curso 2024-2025 do CEIP Novo Mesoiro, da Coruña, verbo do seu cadro de profesorado especialista en alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14908 (12/POC-002325)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 21 máis

Sobre as actuacións de conservación e restauración do patrimonio arquitectónico e arqueolóxico da Ribeira Sacra realizadas desde o inicio dos trámites dirixidos a acadar a súa declaración como Patrimonio Mundial

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14910 (12/POC-002326)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 21 máis

Sobre a valoración dos pasos dados ata agora co fin de acadar a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14916 (12/POC-002327)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis



Sobre as medidas que está a desenvolver a Consellería de Economía e Industria destinadas a mellorar a competitividade dos equipos directivos das empresas galegas
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 14924 (12/POC-002328)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo do proxecto E-Diabetes

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14933 (12/POC-002329)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre o apoio da Xunta de Galicia, baixo un selo distintivo e un programa conxunto, ás fundacións e aos centros que difunden o traballo dos persoeiros da cultura galega

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14941 (12/POC-002330)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre a eventual existencia de estudos elaborados pola Xunta de Galicia respecto dos riscos laborais do sector agrogandeiro e a solicitude ao Goberno central da súa inclusión no cadro de enfermidades profesionais recollidas no Real decreto 1299/2006

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 14964 (12/POC-002331)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Longueira Castro, Silvia

Sobre as modificacións anunciadas pola CRTVG en varios dos seus centros, as súas consecuencias nas condicións de traballo e a posibilidade de extensión futura deste sistema ao centro de San Marcos

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 14968 (12/POC-002332)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as condicións en que se leva a cabo o servizo da liña 4 do autobús interurbano de Pontevedra, que remata na parroquia de Cerponzóns

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 14974 (12/POC-002333)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre o balance da implantación do Plan de hospitalización a domicilio na Área Sanitaria da Coruña e Cee e as previsións do Goberno galego respecto da eventual inclusión do concello de Sada nos servizos de Hado do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 14981 (12/POC-002335)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a dotación do CEIP de Vilaxoán, de Vilagarcía, de profesorado e persoal coidador orientado ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14994 (12/POC-002336)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as incidencias acontecidas no proceso selectivo da escala de axentes técnicos en xestión ambiental do corpo de técnicos de carácter facultativo da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (grupo B) do día 16 de novembro de 2024

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 14995 (12/POC-002337)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante as incidencias acontecidas no proceso selectivo da escala de axentes técnicos en xestión ambiental do corpo de técnicos de carácter facultativo da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (grupo B) do día 16 de novembro de 2024

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 15002 (12/POC-002338)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a intención do Goberno galego no que concirne á creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 15005 (12/POC-002339)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as novidades que o Goberno galego pensa introducir en 2025 na súa política de loita contra o risco de pobreza en familias con menores ao seu cargo e a valoración das medidas que se están a tomar na actualidade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15022 (12/POC-002340)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo dun eventual incremento nas contías que perciben as familias de acollida nos programas de acollemento familiar

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 15027 (12/POC-002341)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre as previsións do Goberno galego diante das conclusións da VIII Conxuntura estatística do ámbito cultural, estudo que publica o Consello da Cultura Galega

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 15036 (12/POC-002342)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a promoción do consumo de produtos do mar, as actuacións desenvolvidas polo Goberno galego con este obxectivo e o balance concreto que fai da campaña *Galicia sabe aMar*

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15043 (12/POC-002343)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S. A., de nova creación, os seus obxectivos en materia de solo residencial e de promoción de vivenda pública, así como sobre as súas previsións orzamentarias

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 15047 (12/POC-002344)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Fernández Fernández, Secundino

Sobre a postura da Xunta de Galicia verbo da cesión ao Concello de Bueu do local da antiga Cámara Agraria e as previsións que ten sobre a materialización desta demanda histórica das sucesivas corporacións municipais da vila

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 15053 (12/POC-002345)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a situación do CEIP Canosa-Rus, de Coristanco, no que atinxe á súa dotación de docentes especializados no alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao estado das súas instalacións

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 15059 (12/POC-002347)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 9 máis

Sobre a situación en que está a tramitación do proxecto da Biblioteca Pública do Estado en Vigo e as perspectivas respecto da súa construción

Comisión 4ª, Educación e Cultura

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Paula Prado del Río, Pablo Prieto Perille, Felisa Rodríguez Carrera, Katherinie Varela Fernández, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez e Miguel Á. Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de garantir que o Servizo Universal de Telecomunicacións continúe a prestarse a toda a poboación con independencia da súa localización xeográfica, en condicións de neutralidade tecnolóxica, cunha calidade determinada e a un prezo asumible.

Exposición de motivos

O Servizo Universal de Telecomunicacións é o conxunto definido de servizos cuxa prestación garántese para todos os consumidores con independencia da súa localización xeográfica, en condicións de neutralidade tecnolóxica, cunha calidade determinada e a un prezo asumible.

O artigo 40.1 da Lei estatal 11/2022, de 28 de xuño, *Xeral de Telecomunicacións* establece que cando a prestación de calquera dos servizos integrantes do servizo universal nunha localización fixa non quede garantida polas circunstancias normais de explotación comercial, o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública designará un ou máis operadores para que satisfagan todas as solicitudes razoables de acceso aos servizos integrantes do servizo universal e garantan a súa prestación eficiente nas partes afectadas do territorio nacional ao efecto de asegurar a súa dispoñibilidade en todo o territorio nacional.



A estes efectos, poderán designarse operadores diferentes para a prestación dos distintos servizos do servizo universal e abarcar distintas zonas ou partes do territorio nacional. Próximo a finalizar o período no que actualmente un operador está encargado da prestación dos servizos incluídos no *Servizo Universal de Telecomunicacións*, o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública inicia unha consulta pública sobre a prestación do servizo universal de telecomunicacións como obriga do servizo público na anualidade 2025.

Actualmente, a prestación do *Servizo Universal de Telecomunicacións* está encomendada ao operador Telefónica de España, S.A.U. e o período de designación remata o día 1 de xaneiro de 2025.

Os servizos incluídos na Lei estatal 11/2022, de 28 de xuño, de Telecomunicacións, como parte do servizo universal son:

- Conexión á rede pública de comunicacións electrónicas dende unha localización fixa con capacidade de banda larga a unha velocidade mínima de 10 Mbps en sentido descendente.
- Servizos de comunicacións vocais a través dunha conexión subxacente nunha localización fixa.

Con todo, o artigo 35.6 da Lei estatal 11/2022, de 28 de xuño, de Telecomunicacións establece que, cando o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública constate que calquera dos servizos incluídos no concepto de *Servizo Universal de Telecomunicacións* se estean a prestar en competencia, en condicións de prezo, cobertura e calidade de servizo similares a aquelas en que os operadores designados deben prestalas, poderá, previo informe da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia e audiencia aos interesados, determinar o cese da súa prestación como obriga do servizo e, en consecuencia, da financiación prevista para tales obrigas.





A este respecto, o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública iniciou unha consulta pública na que di que, tendo en conta o Programa ÚNICO Demanda Rural (prestado por Hispasat), conxuntamente coa colaboración e o apoio doutros programas dirixidos a impulsar a universalización dos servizos de telecomunicacións, xunto coa existencia doutros servizos de comunicacións fixas sobre tecnoloxía terrestre, sen fíos e satelital proporcionados enteiramente pola iniciativa privada, poderíase chegar a considerar que os servizos de comunicacións electrónicas incluídos no concepto de *Servizo Universal de Telecomunicacións* están a ser obxecto de prestación nunhas axeitadas condicións de cobertura, calidade e accesibilidade polo conxunto de operadores que actúan no mercado en libre competencia. Entre os elementos contemplados no servizo universal está o servizo de comunicacións vocais a través dunha conexión subxacente nunha localización fixa, que continúa sendo de especial importancia entre a poboación de maior idade e de zonas máis rurais.

En Galicia, pola súas características orográficas e socio-demográficas, a dispoñibilidade da telefonía fixa no fogar continúa a ser un servizo demandado e de vital importancia para os habitantes de avanzada idade e/ou en situacións vulnerables, que aínda necesitan un terminal fixo de voz no día a día.

O programa *UNICO Demanda Rural*, así como outros programas estatais postos en marcha, non contemplan entre as obrigas aos operadores da universalización deste servizo de voz nunha localización fixa con determinadas garantías e calidade. A este respecto, a necesidade de acceso a servizos de emerxencia en calquera situación e o potencial que ten asociado para a dinamización económica do rural fai que os servizos en mobilidade, tanto do servizo de datos como de comunicacións vocais, se volvan necesarios e imprescindibles.

Por todo isto, é convinte asegurar a inclusión destes servizos no marco do servizo universal, como mínimo nos municipios rurais e noutras zonas xeográficas, con características sociais, económicas e/ou culturais especiais así o aconsellan con carácter permanente ou temporal -Camiño de Santiago, Parques Naturais, grandes acontecementos, etc.-. Resaltar que, o Código Europeo dá a posibilidade aos Estados de garantir a accesibilidade dos servizos de acceso a banda larga e comunicacións vocais que no se presten en localizacións fixas cando se estime necesario para garantir a participación social e económica dos consumidores.

Dende o Grupo Popular non consideramos axeitado suprimir a medida do *Servizo Universal de Telecomunicacións* sen que exista unha solución de continuidade no tempo que garanta estes servizos a toda a poboación con independencia da súa localización xeográfica, en condicións de neutralidade tecnolóxica, cunha calidade determinada e a un prezo asumible.





Nese sentido, e co convencemento de que o Goberno de España está cernando os dereitos da cidadanía, e máis concretamente da poboación rural, que a partir do ano 2027 quedará ao azar da prestación dun servizo por parte do mercado, no seu caso, sen asegurar a prestación dun servizo coas condicións e calidades xa descritas

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España a necesidade de manter e, por tanto, non suprimir, os servizos que se recollen dentro do *Servizo Universal de Telecomunicacións*, para non cernar os dereitos da cidadanía, e en particular, da poboación rural, e tamén para se amplíen, incorporando os servizos de mobilidade, tanto de datos como de comunicacións vocais”.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/12/2024 18:14:43

Julio García Comesaña na data 02/12/2024 18:14:58

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/12/2024 18:15:10

Argimiro Marnotes Fernández na data 02/12/2024 18:15:21

Paula Mouzo Mas na data 02/12/2024 18:15:34

Paula Prado del Rio na data 02/12/2024 18:15:48

Pablo Prieto Perille na data 02/12/2024 18:16:01

María Felisa Rodriguez Carrera na data 02/12/2024 18:16:08

Katherinie Varela Fernández na data 02/12/2024 18:16:14

María Encarnación Amigo Díaz na data 02/12/2024 18:16:24

José Mato Díaz na data 02/12/2024 18:16:32

Enrique Barreiro Sánchez na data 02/12/2024 18:16:47





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2024 18:18:56
Nº Rexistro: 15135
Data envío: 02/12/2024 18:18:56,997

Cristina Campero Dorado na data 02/12/2024 18:17:01

Juan Manuel Casares Gándara na data 02/12/2024 18:17:13

Nicole Grueira Fernández na data 02/12/2024 18:17:23

Ángel Rodríguez Conde na data 02/12/2024 18:17:36

Cecilia Vázquez Suárez na data 02/12/2024 18:17:46

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 02/12/2024 18:17:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B6PIS7B9CBM0yZa15y97
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Pablo Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A pesca é unha actividade económica fundamental para Galicia, non só pola súa contribución ao PIB autonómico, senón tamén polo seu impacto no emprego e na cohesión social das comunidades costeiras.

Porén, a falta de persoal no Instituto Social da Mariña (ISM) está a afectar gravemente a capacidade dos mariñeiros para obter os recoñecementos médicos necesarios para o exercicio da súa profesión.

Esta situación está a xerar importantes atrasos e poñendo en risco a saúde e seguridade dos traballadores do mar, así como o funcionamento das frotas pesqueiras. É imperativo que se tomen medidas urxentes para solucionar este problema e garantir que a xente do mar poida acceder aos servizos médicos de forma oportuna e eficiente.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España, para demandar:

1. Contratar de xeito urxente o persoal necesario para cubrir as necesidades dos centros de atención dos mariñeiros da Comunidade Autónoma de competencia do Instituto Social da Mariña (ISM).
2. Dotar ao ISM dos medios materiais e tecnolóxicos necesarios para axilizar os recoñecementos médicos a realizar en Galicia.



3. Establecer un plan de continxencia que permita atender inmediatamente as necesidades dos mariñeiros mentres se realizan as contratacións e melloras necesarias citadas nos puntos anteriores.
4. Impulsar convenios de colaboración con outras institucións sanitarias para garantir a cobertura médica dos mariñeiros en caso de saturación do ISM”.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/11/2024 10:16:32

Miguel Fidalgo Iglesias na data 22/11/2024 10:17:00

María Deza Martínez na data 22/11/2024 10:17:10

Jesús María Fernández Rosende na data 22/11/2024 10:17:24

Patricia García González na data 22/11/2024 10:17:34

Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/11/2024 10:17:51

Paula Mouzo Mas na data 22/11/2024 10:18:04

Pablo Prieto Perille na data 22/11/2024 10:18:24

Raúl Santamaría González na data 22/11/2024 10:18:34

Manuel Santos Costa na data 22/11/2024 10:18:47



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Argimiro Marnotes Fernández, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Dende o Grupo Parlamentario Popular, solicitamos á Xunta de Galicia que inste ao Goberno central a acometer melloras urxentes na estrada N-541, unha vía especialmente perigosa que conecta Punxín con Pontevedra. A estrada atravesa os concellos de Punxín, Maside, O Carballiño, Boborás, O Irixo Beariz, Forcarei, Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro, con varios tramos urbanos onde os accidentes son recorrentes.

Nos últimos anos, esta vía rexistrou múltiples incidentes graves entre os que destacan:

- Decembro de 2022: Un autobús despistouse en Pedre, causando 7 mortes e poñendo en evidencia o estado precario desta infraestrutura.
- Xaneiro de 2023: Un motorista faleceu nun accidente no quilómetro 67 da N-541. Este sinistro provocou que as administracións locais instasen ao Goberno a asumir compromisos firmes para mellorar a seguridade viaria.
- Maio de 2024: Tres persoas resultaron feridas en Boborás, poñendo de manifesto o perigo constante para os usuarios.
- Outubro de 2024: Outro accidente mortal a poucos quilómetros de Pedre provocou a indignación dos veciños e dos alcaldes da comarca.

Por estas e por outros casos nos que destacan atropelos en zonas urbanas desta vía, incluso anteriores ao trágico accidente do ano 2022 onde se contabilizaban máis de 90 accidentes, RACE xa contemplaba a N-541 como unha das nacionais con máis siniestrabilidades de España.



A raíz de tal cantidade de incidencias, os rexidores e rexidoras de todos os concellos Punxín, Maside, O Carballiño, Boborás, Beariz, O Irixe e Cerdedo-Cotobade polos que trascorre a N-541 e que son de distintas agrupacións políticas así como co apoio de Ourense e Pontevedra, crearon o PACTO DE PEDRE, que recollen o sentir unánime sobre esta situación, razón pola que se lle debería darlle mais valor e credibilidade por parte da administración titular desta infraestrutura.

Recollendo o sentir dos Concellos do PACTO DE PEDRE o Grupo do Partido Popular, no Senado trasladou pregunta ao Goberno da Nación o 28 de febreiro de 2024 preguntando se se prevía intervir de forma urxente nesta N541 e estudar a viabilidade dunha autovía entre O Carballiño e Pontevedra ou outra solución de alta capacidade. Porén, a resposta do Goberno, datada o 16 de abril de 2024, negouse a contemplar calquera mellora estrutural, limitando as inversións ao escaso mantemento rutineiro da vía insinuando ademais que os que queiran ir por unha mellor estrada sempre poden ir pola AP-9, A-52 e AG53, deixando a toda a circulación dende Punxín a Pontevedra, a boa sorte do destino dos usuarios se circulan pola N-541.

O pacto de PEDRE, respaldado por todos os concellos desta ruta nacional e mesmo polo Concello de Pontevedra, defende melloras inmediatas para esta estrada, que soporta un tráfico importante non só de turismo se non de transporte industrial vital para o desenvolvemento das comarcas, incluíndo o transporte de aeroxeradores. É fundamental actualizar esta infraestrutura para garantir a seguridade das persoas, e impulsar o crecemento económico da zona.

Non deixemos que mais datos de mortes ou graves lesións as persoas, segan a dar a razón, de que algo cumpre facer, para evitalos na medida do posible.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para esixir accións inmediatas da mellora da N-541 para reducir a alta sinistralidade nesta vía de comunicación, adaptando esta estrada ás necesidades de tráfico que garanticen a seguridade de vehículos así como dos habitantes dos núcleos de poboación polos que transcorre e se realice ao mesmo tempo un estudio de viabilidade que contemple unha autovía ou vía de alta capacidade sen pasar por núcleos de poboación entre O Carballiño e Pontevedra”.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/11/2024 10:10:27

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/11/2024 10:10:46

José Luis Ferro Iglesias na data 22/11/2024 10:11:00

Cristina Campero Dorado na data 22/11/2024 10:11:12

María Deza Martínez na data 22/11/2024 10:11:24

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/11/2024 10:11:36

Carmen Pomar Tojo na data 22/11/2024 10:11:49

Roberto Rodríguez Martínez na data 22/11/2024 10:12:03

Gonzalo Trenor López na data 22/11/2024 10:12:20

Katherinie Varela Fernández na data 22/11/2024 10:12:34



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Gonzalo Trenor López, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Comunidade Autónoma de Galicia acaba de coñecer a apertura por parte da Unión Europea dun expediente de infracción ao Reino de España en materia de residuos por non cumprir os obxectivos de preparación para a reutilización e a reciclaxe de residuos municipais.

Trátase da acta de infracción (2024) 2147 por incumprimento dos obxectivos establecidos na Directiva 2008/98/CE (art.11, apartado 2, letra a) e na Directiva 2012/19/UE (Art.7, apartado 1) .

España non está a cumprir cos obxectivos europeos encamiñados a darlle unha segunda vida aos residuos para promover unha economía circular e mesmo, así o recoñece, na carta de resposta enviada á Comisión Europea con data 25 de setembro 2024.



Non cumpre no relativo de aumentar, antes de 2020, como mínimo, ata un 50% global do seu peso a preparación para a reutilización e a reciclaxe de residuos de materiais como o papel, os metais, o plástico e o vidro dos residuos domésticos; e de acadar, a partir de 2019, un índice de recollida mínimo anual do 65 % do peso medio dos Aparatos Eléctricos e Electrónicos (AEE).

Para xustificar estes incumprimentos, o Goberno Central apela a que para alcanzar os obxectivos fixados xa contemplou na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular a creación da taxa do lixo, coñecida como o taxazo municipal, que a partir do 10 de abril de 2025 é unha obriga para todos os concellos.

É unha imposición do Goberno do Estado ás entidades locais, motivada polo seu gran afán recadador. Traslada aos concellos os seus incumprimentos e, o que é peor, a cidadanía será quen pague o resultado da nefasta xestión de Pedro Sánchez.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:



1. Adopte, con carácter urgente, as medidas de reforzo necesarias para garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos pola Directiva 2008/98/CE (Directiva Marco de Residuos) e a Directiva 2012/19/UE (RAEE), tras a apertura dun expediente de infracción por parte da Comisión Europea. Estas medidas deben incluír:
 - a) Implementación de programas específicos para a mellora na xestión dos residuos municipais, co fin de alcanzar o obxectivo establecido no artigo 11.2.a da Directiva 2008/98/CE, que determina unha porcentaxe mínima de reciclaxe de residuos municipais.
 - b) Reforzo das infraestruturas de recollida e tratamento de Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos (RAEE), tanto domésticos como profesionais, para garantir o cumprimento do índice mínimo de recollida establecido no artigo 7.1. parágrafo segundo da Directiva 2012/19/UE.
2. Dispoña de medidas e liñas específicas de apoio ás Comunidades Autónomas que, pola súa dispersión poboacional e alto índice de ruralidade, teñen dificultades para garantir a sostibilidade do modelo de xestión de residuos.
3. Dote de fondos específicos ás CCAA para que poidan implementar e supervisar eficazmente a Oficina de Asignación de Recollidas e a plataforma electrónica, cubrindo os custos operativos, tecnolóxicos e de persoal.



4. Estableza mecanismos de coordinación entre o Estado e as Comunidades Autónomas para asegurar unha xestión integrada e eficiente dos residuos, promovendo o intercambio de experiencias e boas prácticas na xestión de residuos.
5. Introduza incentivos fiscais e axudas económicas para promover o investimento en infraestruturas de xestión de residuos e tecnoloxías de reciclaxe especializados, incentivando tanto a entidades públicas como privadas a mellorar a súa eficiencia e sustentabilidade na xestión de residuos”.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/11/2024 10:22:16

Gonzalo Trenor López na data 22/11/2024 10:22:52

Cristina Campero Dorado na data 22/11/2024 10:23:08

María Deza Martínez na data 22/11/2024 10:23:20

José Luis Ferro Iglesias na data 22/11/2024 10:23:32

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/11/2024 10:23:44

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/11/2024 10:24:00

Carmen Pomar Tojo na data 22/11/2024 10:24:13

Roberto Rodríguez Martínez na data 22/11/2024 10:24:26

Katherinie Varela Fernández na data 22/11/2024 10:24:40





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Lara Méndez López, Julio Ernesto Abalde Alonso, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concepto de plan único, nace cun obxectivo, trátase de financiar proxectos nos concellos para promover o desenvolvemento local mellorando as infraestruturas e servizos para a cidadanía, busca apoiar aos concellos nas súas iniciativas e necesidades. Promovendo a sustentabilidade financeira e a cooperación intermunicipal.

A Deputación Provincial da Coruña foi a primeira que puxo en marcha esta iniciativa, seguida pola de Lugo e logo Pontevedra, todos elas baixo gobernos Socialistas, agora sumase tamén a deputación de Ourense, que a pesar de resistirse a longo do tempo, ao fin entendeu a súa importancia para o territorio.

Un plan que permita a todos os concellos concorrer en igualdade de condicións, con criterios obxectivos, definidos e transparentes. Para que independentemente quen governe cada un dos concellos todos teñan unha garantía na consecución deses fondos públicos.

Recentemente liamos nos medios de comunicación que os concellos galegos xunto coas deputacións tiñan invertido en obra pública durante os dez primeiros meses deste ano 376,12 millóns de euros. Unha cantidade que supera a inversión da Xunta de Galicia, a pesar de contar cuns orzamentos moi por debaixo do orzamento da Xunta de Galicia, unha cuarta parte dos recursos do





que dispón a Xunta de Galicia, 3.500 millóns fronte aos 14.000 da Xunta de Galicia. Segundo os datos que manexa a Federación Galega da Construción. Realidade que se contrapón coa falla de investimento da Xunta de Galicia.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista temos posto de manifesto en moitas ocasións a situación que viven todos os concellos galegos, asumindo cada vez máis competencias impropias, ou competencias sen recursos para facer fronte ás necesidades dos veciños e veciñas. En moitos casos poñendo en perigo a sustentabilidade financeira e a viabilidade da Administración local.

Co fin de que os concellos poidan ter e saber con que recursos pode contar, para poder planificar e facelo coa capacidade de deseñar políticas máis aló de un mandato, que é o que permite as transformacións dos territorios e, polo tanto, capacidade de crecemento en tódolos ámbitos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un plan único autonómico con orzamento suficiente, sen minguar o fondo galego de cooperación, para todos os concellos, con criterios obxectivos, definidos e transparentes.
2. Elaborar as bases da convocatoria da man da Fegamp onde se teña en conta a singularidade dos distintos concellos. E que teña carácter anual.

Santiago de Compostela, 22 de novembro do 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2024 11:18:05
Nº Rexistro: 14858
Data envío: 22/11/2024 11:18:05.796

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 22/11/2024 11:03:11

Julio Abalde Alonso na data 22/11/2024 11:03:19

Paloma Castro Rey na data 22/11/2024 11:03:27

Patricia Iglesias Rey na data 22/11/2024 11:03:34

José Ramón Gómez Besteiro na data 22/11/2024 11:03:44

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

51421

@PSdeG



CSV: BGRISIRBQZMIGypet3%67
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre aloxamentos compartidos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O empeoramento no acceso á vivenda ten unha clara compoñente xeracional. Os mozos e mozas de hoxe están padecendo, dun xeito especial, todo un cúmulo de transformacións no mercado inmobiliario posteriores á crise de 2008 que dificultaron aínda máis o acceso a vivenda nos distintos réximes de tenencia.

Os datos evidencian que estamos ante unha crise de emancipación sen precedentes. Segundo o último Informe do Observatorio de emancipación do Consello da Xuventude de España correspondentes ao segundo semestre de 2023, a taxa de emancipación en Galiza sitúase no 16% na franxa de idade de 16 a 29 anos, o que representa un punto menos que na media do Estado. Aínda peor son os datos de emancipación na franxa de idade de 30 a 34 anos, que se sitúa no 64%, o cal nos sitúa á cola do Estado, só superados por Canarias e moi lonxe da media estatal do 71% e da media europea do 82,2%. É dicir, que a crise de emancipación en Galiza esténdese na etapa adulta, cun 36% de mozos entre 30 e 34 anos que non logrou acadar a autonomía, fronte a un 18% de mozos e mozas europeas nesa mesma situación.

Todos os datos evidencian que cada vez resulta máis difícil emanciparse para a mocidade galega, xa que debe facer un esforzo económico maior. A relación entre os salarios e os prezos da vivenda agrávase progresivamente, de forma que o ano pasado o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aluguer dunha vivenda en Galiza representaba xa o 70% do salario mediano dos mozos e mozas de entre 16 e 29 anos e o 55% para a franxa de idade de 30 a 34 anos. Tamén o custe de acceso á vivenda a través da compra é alarmante, xa que alcanza o 60% do salario.

Dende o Bloque Nacionalista Galego vimos formulando a necesidade de procurar solucións de emerxencia e áxiles que afronten este problema de acceso á vivenda de xente moza e da poboación en xeral. Entre as medidas que vimos formulando é a creación de vivendas dotacionais, de forma que as Administracións poidan realizar de forma puntual un aproveitamento de solos destinados a usos e servizos públicos edificando equipamentos residenciais temporais para persoas e familias vulnerables ou en situación de exclusión. Estas vivendas deberán condicionarse ás rendas máis baixas e a colectivos con especial necesidade, como os mozos e mozas.

Esta proposta do BNG foi debatida en diversas ocasións nesta cámara e contou co voto negativo do grupo popular. Porén agora, a través do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, o goberno galego vén de introducir unha proposta que ten algúns paralelismos con esta proposta, pero con modificación substanciais e moitos interrogantes e zonas de sombra.

A través do mencionado Proxecto de Lei introdúcese unha modificación da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia para incorporar unha nova figura de aloxamentos compartidos, destinados a satisfacer necesidades transitorias de vivendas das persoas menores de 36 anos.

Aquí xa se fai patente a primeira diferenza co que viñamos formulando dende o Bloque Nacionalista Galego, xa que defendemos esta fórmula como unha solución non só ligada a unha fórmula adecuada para menores de 36 anos, senón que tamén constitúe unha solución para outras situacións de situación de emerxencia habitacional ou colectivos vulnerables, como por exemplo persoas que precisen de espazos adecuados á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

movilidade reducida. Por tanto que esta figura se introduza a través dunha lei estritamente ligada á xuventude supón unha visión limitada deste instrumento.

En cuanto ás características das vivendas, a nova norma establece que as persoas ou unidades de convivencia disporán dun espazo privativo de 30m² como mínimo, con zonas compartidas como sala común, comedor ou lavandería. Esta definición é tan laxa que non queda garantida a calidade e a dignidade destas vivendas. Esta aposta pode dar paso a un modelo máis semellante a unha residencia de estudantes ao uso, cun espazo privativo mínimo onde a vida cotiá debe facerse en salas e comedores comúns. Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que este instrumento de emerxencia ten que garantir sempre un modelo habitacional digno, cun espazo privativo e cunhas dimensións adecuadas; onde poidan existir determinados usos compartidos, pero onde quede sempre garantido o espazo suficiente para satisfacer a necesidade dun espazo de intimidade, cunha variedade tipolóxica que permita adecuarse ás distintas realidades de unidades de convivencia en menores de 36 anos.

Para alén da incerteza sobre cal vai ser o modelo tipolóxico en que se concretará esta nova norma, tamén quedan relegado a un posterior convenio a definición de aspectos chave como o réxime de xestión e de mantemento dos aloxamentos, deixando así a porta aberta a unha posible privatización. Tampouco se especifican os límites de ingreso para acceder aos aloxamentos, nin os criterios de selección das persoas usuarias.

Outro dos aspectos cuestionables e incertos ten que ver cos períodos de permanencia, xa que de inicio se limita a un máximo de 3 anos, podendo concederse prórrogas até os 7 anos se existen circunstancias especiais, pero que tamén podería ser menor se así se estipula mediante instrumento de colaboración entre o IGVS e a consellería competente en xuventude. Evidentemente os prazos deben atopar un punto de equilibrio entre a necesidade de rotación e a estabilidade necesaria na vida das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas. Nese sentido un máximo xeral de 3 anos parecen un período insuficiente para garantir isto último.

O feito de que estes aloxamentos podan ubicarse en solo de uso dotacional esixe dunha especial precaución na escolla das parcelas e de vocación de adecuación ao modelo urbano, nese sentido o papel da Administración local é chave. Pola contra o que plantea a Xunta de Galiza é a posibilidade de sacar adiante estes proxectos sen ter en conta aos concellos.

Para iso estes proxectos terán a consideración de obras públicas de interese xeral. Unha categoría de novo cuño que tamén se introduciu nesta reforma lexislativa que acompaña os orzamentos. Esta clasificación implica que as obras, tanto de construción como de urbanización non estarán suxeitas a licenza urbanística, nin a ningún dos actos de control preventivo municipal. O IGVS ou a entidade participada maioritariamente polo mesmo apenas debe proceder a aprobar o proxecto de construción e a remitir ao concello a documentación que acredite o cumprimento da normativa urbanística de aplicación. O concello apenas disporá dun prazo dun mes para emitir un informe que se limita á conformidade ou disconformidade coa ordenación vixente, sen que este sexa vinculante.

Isto último convida a unha última reflexión xeral: os aloxamentos dotacionais deben ter unha vontade de paliar unha solución de emerxencia. Deben ser unha medida excepcional ante unha situación excepcional, mais nunca deben constituír unha solución xeneralizada, xa que unha resposta masiva mediante este instrumento pode ser regresiva na medida en que se normaliza unha solución temporal e máis precaria do que a vivenda pública. Esta proposta debe ser unha solución puntual cuantificable, complementaria e harmonizada cunha política de vivenda pública a medio prazo ambiciosa. Porén a falla de instrumentos de ordenación sectorial da vivenda, xunto cunha planificación estratéxica inexistente- o Plan de vivenda 2021-2025 carece de obxectivos específicos e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cuantificables- fai con que o desenvolvemento futuro destes aloxamentos dotacionais sexa unha total incerteza e que se vaia realizar de forma fragmentada, a golpe de anuncios.

Por todo isto consideramos que esta proposta, tal e como está formulada, pode dar lugar a un modelo de vivenda precaria para mozos e mozas, onde non se garanta unha vivenda digna que permita desenvolver unha vida autónoma, con demasiadas incertezas sobre o seu desenvolvemento e onde se evidencia a nula vontade de consensuar cos concellos estes proxectos. Dende o BNG consideramos necesario corrixir e clarificar todos estes aspectos para garantir un modelo de vivendas dotacionais de calidade e públicas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a regular as vivendas dotacionais de forma que se garanta:

- **Condicións de habitabilidade mínimas** que aseguren vivendas dignas, adecuadas, sostibles e accesibles.
- Adecuación ás distintas realidades sociais, garantindo a diversidade tipolóxica e axustando os criterios de habitabilidade ás mesmas (tamaño, iluminación, ventilación, accesibilidade, programa mínimo, distribución de espazo privativo/común, nº mínimos de vivendas adaptadas a mobilidade reducida,)
- Versatilidade, criterios que faciliten a transformación e adecuación das vivendas ao longo do tempo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Sustentabilidade ambiental, como a inclusión de criterios de valoración do ciclo completo da vida útil da vivenda.

- Principio de non empeoramento, polo cal a actuación en termos de rehabilitación non empeore as condición de habitabilidade prexistentes.

- Garantir a xestión pública das vivendas dotacionais.

- Respectar as **atribucións dos concellos** relativas á intervención nos usos do solo e da edificación e establecer a obrigatoriedade dun **informe favorable** da Administración Local sobre a súa localización dado o carácter excepcional que presentan.

- Ampliar os beneficiarios destas vivendas a outros colectivos e persoas en situación de emerxencia habitacional.

- Establecer unha estratexia e planificación global a nivel galego, coordinada coa política pública de vivenda, para o impulso de vivendas dotacionais, onde se determine cando menos o número de vivendas, a súa localización, o seu cronograma e a concreción de criterios e principios..”

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Iago Suárez Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 22/11/2024 12:13:42

Iago Suárez Fernández na data 22/11/2024 12:18:05

Luis Bará Torres na data 22/11/2024 12:18:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a as necesidades para mellorar o servizo do Centro de Información á Muller de Ponteareas, referente na Comarca Condado-Paradanta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 130/2016, do 15 de setembro, establece os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller. Configura os CIM como un conxunto de recursos das entidades locais, desde os cales se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Os CIM atenderán todas as mulleres que o demanden, así como calquera persoa, sexa home ou muller, en asuntos relacionados coa promoción social da igualdade de xénero.

Este Decreto derroga o anterior de 2004, recollendo e actualizando todos aqueles cambios sociais producidos neses 12 anos e tendo en conta a experiencia aportada por todas as persoas integrantes dos CIM para mellorar os procedementos.

Podemos nomear algunhas das diferenzas:





- Dase prioridade ás actividades de prevención, información, asesoramento e loita en xeral contra a violencia de xénero, así como a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ás súas fillas e fillos menores ou maiores dependentes.
- Será prioritaria a atención a mulleres pertencentes a outros colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social.
- Facilitará información, atención e asesoramento a lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais e ás súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais, por contar con persoal especializado nos ámbitos xurídico e psicolóxico e con experiencia na información no acceso aos diversos recursos dispoñibles.
- Establécese a atención universal no ámbito territorial con independencia do concello de procedencia da persoa atendida, establecendo a posibilidade de formalizar convenios de colaboración entre as entidades locais.

Este novo decreto aumentou as funcións do persoal adscrito aos CIM, pero non aumentaron os recursos materiais nin persoais facendo que dende entón teñan numerosas dificultades para atender a todas as persoas que demandan información ou axuda, e deixando nun segundo plano as campañas de concienciación, sensibilización e información xeral sobre a igualdade e contra a violencia machista.

O Centro de Información á Muller de Pontearreas xestionado pola administración local, ten unha poboación de referencia arredor das 55.000 persoas dos concellos da comarca do Condado-Paradanta, que abarca unha superficie sobre 675 km2. É Un servizo que atende unha media de 350 persoas ao ano, incluíndo o colectivo LGTBI e que foi aberto coa contratación dunha profesional por parte da Xunta de Galiza e complementado posteriormente con persoal que forma parte do cadro de persoal do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concello de Ponteareas para poder dispoñer de todas as categorías profesionais necesarias. Pese a isto, cando é preciso a colaboración dunha persoa de Traballo Social son as do propio concello as que prestan atención as usuarias sempre que teñan dispoñibilidade.

Pero este servizo básico que ten para a cidadanía un obxectivo de favorecer e impulsar a participación das mulleres ou persoas LGTBI, en igualdade de condicións, na vida política, social e económica do municipio, asesoramento xurídico e apoio psicolóxico, axuda en casos de violencia de xénero, emprego, etc. non sempre dispón dos medios necesarios para acadar a súa finalidade. Hai moitas eivas que fai que se teñan que priorizar os casos máis graves por non dispoñer de recursos suficientes para asumir todo o volume de visitas, información e axuda solicitada.

O pasado día 11 de novembro o Goberno da Xunta anunciaba o Plan integral para a renovación e impulso dos CIM de Galiza en 2025 cun investimento nestes centros que superaba os 6,5 millóns de euros. É dicir, unha subida na partida orzamentaria dun 30,6%, pero onde tan só un 13,6% correspondía á parte destinada para incrementar os salarios do persoal adscrito a este servizo.

Deste xeito, a subvención á que debe optar o concello de Ponteareas por concorrência competitiva non permite contar coa praza de Traballo Social que se precisa para completar o equipo do CIM de Ponteareas. Unha categoría imprescindible para completar o equipo multidisciplinar que permita atender de xeito integral ás persoas usuarias deste servizo e que leva moitos anos sendo solicitada tanto pola Dirección de Ponteareas, como pola Asociación de CIM (ASOCIM) á Secretaría Xeral de Igualdade.

Outra parte da diferenza orzamentaria atópase no programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención da violencia de xénero, que se incrementa nun 30% ata acadar os 650.000 euros. Parece totalmente insuficiente para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poder impulsar con garantía este tipo de campañas tan necesarias, sobre todo na Comarca do Condado-Paradanta, pero que precisa de persoal con horario dispoñible. O resto será destinado a axudas para rehabilitación e melloras nas instalacións dos centros, que en Ponteareas tamén vai vir ben.

Por outra banda requírense medios para a mobilidade que permita atención a persoas que viven lonxe de Ponteareas, dándose unha clara discriminación no servizo para aquelas que residen nas parroquias e tamén en vilas máis pequenas no rural e non teñen transporte público para poder achegarse ata o centro da Vila, ou ben a súa situación persoal impide esta circunstancia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta a

1.- Dotar ao CIM de Ponteareas dunha praza de Traballo Social que poida atender ás persoas usuarias deste servizo de xeito continuado e non ter que depender da dispoñibilidade das traballadoras dos Servizos Sociais do Concello.

2.- Dotar dos recursos necesarios ao CIM de Ponteareas para a mobilidade que permita atender ás persoas que viven lonxe de Ponteareas, para que non exista unha discriminación no servizo para aquelas usuarias que teñan o seu enderezo noutras vilas ou parroquias do rural do Condado-Paradanta.

3.- Asumir o custe do salario total das persoas traballadoras que conforman o equipo do CIM de Ponteareas, para que o concello non teña que solicitar as axudas por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concorrenza competitiva todos os anos e acadar así unha estabilidade orzamentaria neste servizo básico para a cidadanía da Comarca do Condado-Paradanta”.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Noa Presas Bergantiños

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 22/11/2024 12:12:00

Noa Presas Bergantiños na data 22/11/2024 12:12:15

Olalla Rodil Fernández na data 22/11/2024 12:12:29





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en Pleno.

Dende o Partido Socialista levamos moitos anos reivindicando a necesidade de incorporar o servizo de logopedia no sistema de saúde, en concreto na Atención Primaria.

É un dato obxectivo que nos últimos anos os problemas e trastornos relacionados coa linguaxe e a disfasia aumentaron significativamente, pero este aumento non se tivo en conta polo Servizo Galego de Saúde o que provoca que gran parte da poboación non conte con servizos de logopedia público cando realmente o necesita, ou estes non sexan axeitados.

Este segundo suposto é o que está a acontecer na área sanitaria de Pontevedra- Salnés e que vén sendo obxecto de moitas denuncias como as de 3 nais de menores con problemas de hipoacusia.

Nesta área sanitaria existía un convenio entre o Sergas e o Hospital Quirón Salud de Pontevedra polo que este hospital privado prestaba no seu centro da Merced (Poio) este servizo de logopedia.

Este convenio finaliza no ano 2023 e a partir de aí estes nenos e nenas son atendidos primeiro no Hospital Provincial de Pontevedra, e a partir de outubro de 2024 no Hospital Montecelo.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 14890
Data envío: 22/11/2024 15:51:36.586

Esta atención está a ser moi ineficiente e ineficaz xa que a falla de recursos de logopedia no sistema público provoca unha gran separación entre sesións e a temporalidade (contratados só por 9 meses) e falla de persoal afecta á continuidade e estabilidade das terapias.

Foron moitas as queixas que se presentaron ao Goberno galego sen que se respondese pola súa parte o que provocou que as familias afectadas acudisen á Valedora do Pobo, que fixo propia esta reclamación e requiriu á consellería a información sen recibir tampouco resposta.

No Partido Socialista condenamos esta actitude do Goberno galego que está obrigado a responder ás necesidades da veciñanza e máis nun asunto tan importante coma este, xa que estamos a falar de garantir un dereito tan básico como é unha atención sanitaria pública, digna e de calidade para uns menores que a necesitan.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a garantir un servizo de logopedia axeitado na área sanitaria Pontevedra-Salnés, en concreto evitar a rotación frecuente de terapeutas, que afecta á continuidade e estabilidade das terapias, e a incrementar os recursos para permitir uns tratamentos suficientes e continuados.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 22/11/2024 15:49:39

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51435

@PSdeG



CSV: BGRISJTBG3M02paa5y7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 14890
Data envío: 22/11/2024 15:51:36.586

Elena Espinosa Mangana na data 22/11/2024 15:49:54

Silvia Longueira Castro na data 22/11/2024 15:50:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 22/11/2024 15:50:15

CSV: BGRISJTBG3M02paa5xz-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

51436

@PSdeG



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE) – que leva máis de catro décadas proporcionando asistencia sanitaria aos funcionarios públicos— enfróntase hoxe a unha grave ameaza debido ao intento do Goberno central de desmantelar este sistema.

Esta situación afecta especialmente aos docentes e ás súas familias, xa que o profesorado é o colectivo máis importante dentro desta organización. Só no caso de Galicia estamos a falar dunhas 40.000 persoas, tanto docentes como as súas familias, que reciben asistencia por esta vía.

Neste contexto, aumenta a preocupación e o malestar entre o profesorado galego, que ve como o Goberno central elude, unha vez máis, as súas responsabilidades. Mais o desmantelamento de MUFACE non só afectaría aos seus mutualistas, senón que tería un impacto global sobre o sistema público de saúde, tanto galego como nacional, ao que se terían que incorporar unhas 3 millóns de persoas, e xeraría efectos perversos.

O Goberno central continúa sen concretar os pasos que se van dar para o organización da asistencia sanitaria e, ademais, sen poñer sobre a mesa solucións dialogadas cos Gobernos autonómicos.



Por todo isto, desde o Grupo Popular consideramos que é urxente que adopte as medidas necesarias para dar seguridade a todas as persoas afectadas comezando polo o profesorado, o sector maioritario, que ata agora podía escoller MUFACE para a súa cobertura de saúde.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España, que tome as medidas necesarias para asegurar a continuidade na asistencia sanitaria a todo o colectivo docente adscrito a MUFACE”.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 25/11/2024 10:34:29

Cecilia Vázquez Suárez na data 25/11/2024 10:34:45

Víctor Baladrón Lamas na data 25/11/2024 10:34:54

José Luis Ferro Iglesias na data 25/11/2024 10:35:16

Julio García Comesaña na data 25/11/2024 10:35:27

Patricia García González na data 25/11/2024 10:35:53

Rubén Lorenzo Gómez na data 25/11/2024 10:36:09

Carmen Pomar Tojo na data 25/11/2024 10:36:23

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/11/2024 10:36:38

Raúl Santamaría González na data 25/11/2024 10:36:46



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Jesús Fernández Rosende, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Pablo Prieto Perille, Raúl Santamaria González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A utilización de bengalas para alertar de situacións de perigo no mar non está exenta de riscos derivados da súa necesaria combustión, tamén son recurso de eficacia limitada no tempo unha vez activado, un residuo que hai que eliminar periódicamente.

Na actualidade, a luz led é obrigatoria nos chalecos, ademais na actualidade, a maioría dos buques que se alonxan da costa, levan balizas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a dirixirse ao Goberno de España, para demandar que por parte da Dirección General de la Marina Mercante, se estude a progresiva substitución das balizas, ou a combinación con outros sistemas luminiscentes de sinalización mais duradeiros e menos contaminantes como os derivados de tecnoloxías led”.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 25/11/2024 10:40:27

Jesús María Fernández Rosende na data 25/11/2024 10:40:42



María Deza Martínez na data 25/11/2024 10:40:52

Miguel Fidalgo Iglesias na data 25/11/2024 10:41:06

Patricia García González na data 25/11/2024 10:41:16

Dolores Hermelo Piñeiro na data 25/11/2024 10:41:32

Paula Mouzo Mas na data 25/11/2024 10:41:47

Pablo Prieto Perille na data 25/11/2024 10:42:04

Raúl Santamaría González na data 25/11/2024 10:42:13

Manuel Santos Costa na data 25/11/2024 10:42:27



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Borja Vereza Fraiz, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Felisa Rodríguez Carrera, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias e Miguel Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Ano Santo Xacobeo é unha das celebracións máis emblemáticas de Galicia, cun impacto cultural, social e económico incuestionable. Dende o seu establecemento, os Anos Santos serviron como eixo vertebrador para a promoción do Camiño de Santiago, un patrimonio mundial que une a milleiros de peregrinos de diversas culturas e orixes nunha experiencia de fe, espiritualidade e convivencia.

O Xacobeo 2021-2022 foi todo un éxito e servirá como base inspiradora sobre a que traballar de cara ao vindeiro Ano Santo. A pesar da pandemia, no global destes dous anos superouse a entrega de 617.000 Compostelas e, ademais, Galicia rexistrou 10,7 millóns de viaxeiros e 21,5 millóns de noites.

Entre os factores que contribuíron a estes resultados foron importantes os apoios de patrocinadores privados que acompañaron á Xunta de Galicia no desenvolvemento dunha ambiciosa programación que contribuíu a consolidar a oferta turística galega en ámbitos como a cultura, a música, o deporte ou a natureza, entre outros, axudando a diversificar e repartir o efecto do Xacobeo durante todo o ano e por toda Galicia.

Un total de 40 empresas adheríronse ao programa de patrocinio do Ano Santo Xacobeo 2021-2022, o que se traduce nunha aportación total de 28 millóns de euros.

No pasado mes de maio, a iniciativa deste grupo parlamentario acordouse por unanimidade (PNL 539) instar á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España a declaración do Xacobeo 2027 como acontecemento de excepcional interese ao abeiro do previsto Lei 49/2002 de réxime fiscal de entidades sen ánimo de lucro, e de incentivos ao mecenado, e con efectos desde o ano 2025.

Posteriormente, o Pleno do Consello Xacobeo, presidido polo ministro de Cultura, Ernest Urtasun, reunido o 1 de xullo do 2024 no Pazo de Navarra, en Pamplona, nun consello convocado para a preparación do próximo Ano Santo Xacobeo 2027, acordou solicitar ao Ministerio de Cultura a declaración do Ano Santo Xacobeo 2027 como Acontecemento de Excepcional Interese Público (AEIP).



Neste sentido, o Ministerio de Cultura adquiriu o compromiso de promover a inclusión deste AEIP, que abranguería o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2027, no borrador da Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2025, favorecendo así a posta en marcha dun programa específico de beneficios fiscais co obxectivo de facilitar e ampliar a colaboración da sociedade civil.

Rematado case o ano 2024, o Goberno central aínda non ten presentado o proxecto dos Orzamentos Xerais do Estado, e pola súa incompetencia, existe o risco de que esta declaración non sexa realidade a tempo para lograr os obxectivos que se pretenden conseguir.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España que habilite mediante os procedementos que resulten necesarios, que as empresas que desexen patrocinar actividades turísticas ao abeiro do Xacobeo 2027 o poidan facer a partir do 1 de xaneiro de 2025”.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 25/11/2024 10:50:55

Borja Vereza Fraiz na data 25/11/2024 10:51:10

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2024 10:51:25

María Deza Martínez na data 25/11/2024 10:51:34

Miguel Fidalgo Iglesias na data 25/11/2024 10:51:44

Rubén Lorenzo Gómez na data 25/11/2024 10:51:55

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/11/2024 10:52:11

Ángel Rodríguez Conde na data 25/11/2024 10:52:18

Cristina Sanz Arias na data 25/11/2024 10:52:29

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 25/11/2024 10:52:44





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados e deputadas **Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Julio García Comesaña, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Barrera, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereá e Miguel Ángel Viso Diéguez** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos:

O sector da automoción é un dos piares fundamentais da economía de Vigo e a súa área de influencia, xerando emprego directo e indirecto e consolidando a esta cidade como un referente en innovación e desenvolvemento industrial.

Neste contexto, o proxecto do World Car Center (WCC) antes EA (Edificio de Automoción) concibiuse como un espacio orientado para as empresas, startups, formación, salón de actos, demostradores tecnolóxicos, ademais dun polo de I+D para o impulso da industria automotriz; en definitiva, un espazo destinado a ser un motor de innovación e competitividade.

O World Car Center foi impulsado orixinalmente baixo a dirección da anterior delegada do Estado, Teresa Pedrosa, e asumido polo actual delegado, David Regades, en 2018, co obxectivo de consolidar un centro de referencia en investigación, desenvolvemento e formación no sector da automoción.

O World Car Center, o emblema da automoción viguesa estaba previsto que empezase a construírse no primeiro trimestre do 2020 e tiña que estar terminado en 2021, pero a día de hoxe nin sequera empezou a súa construción, nin nada se sabe da licenza de obra, solicitada polo Consorcio da Zona Franca de Vigo a principios de 2023.

O proxecto custaba inicialmente 14 millóns de euros, aínda que despois, nos orzamentos do Estado elevouse a 17 millóns. O complexo foi obxecto dun concurso restrinxido de arquitectura ao que se convidou a participar aos mellores estudos de España. Houbo 69 candidatos dos que quedaron finalistas catorce. O concurso convocouse no ano 2018, e gañouno o estudo de arquitectura Vaíllo e Irigaray de Pamplona, no ano 2019.

O centro contará con 14.000 metros cadrados. Albergará un vestíbulo para demostracións con pantallas xigantes e a universidade corporativa de CEAGA (a agrupación industrial da automoción). Tamén acollerá a High Tech Auto, que será a

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





primeira incubadora de alta tecnoloxía de Galicia de fomento da innovación e transferencia da tecnoloxía a micropemes da automoción, financiada ao 80% con fondos FEDER. Así mesmo a aceleradora de start-ups da automoción, a Business Factory Auto (BFA) trasladarase a Balaídos desde Porto do Molle para ter espazos adecuados aos seus dous niveis para aceleración e consolidación de empresas emerxentes. Ademais, haberá 1.500 metros de oficinas e laboratorios para instalacións do CTAG, e un novo laboratorio para prototipos ou Fab Lab e unha auténtica smart-factory onde as empresas poderán comprobar os seus procesos a escala real; unha sala de xestión e unha cafetería-restaurant.

Cinco anos despois, as obras non comezaron e pouco se sabe do futuro deste proxecto.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

1. Solicitar información detallada sobre o estado de tramitación do proxecto, cronograma e investimento real previsto.
2. Acelerar os trámites administrativos e a execución das obras do World Car Center de Vigo, co fin de que o proxecto se materialice no menor prazo posible.
3. Garantir o cumprimento do calendario de actuacións para o inicio das obras e a súa finalización, informando periodicamente sobre os avances ás institucións competentes e á cidadanía de Vigo e da súa contorna.
4. Garantir a dotación orzamentaria necesaria para a correcta execución e finalización das infraestruturas do World Car Center, permitindo a súa posta en marcha efectiva como centro de referencia en I+D para a industria automotriz de Vigo e Galicia”.

Santiago de Compostela, 25 de novembro 2024.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 25/11/2024 12:32:31

Miguel Fidalgo Iglesias na data 25/11/2024 12:32:45

Julio García Comesaña na data 25/11/2024 12:32:58

Patricia García González na data 25/11/2024 12:33:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2024 12:33:20

María Deza Martínez na data 25/11/2024 12:33:32

Rubén Lorenzo Gómez na data 25/11/2024 12:34:33

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/11/2024 12:34:44

Ángel Rodríguez Conde na data 25/11/2024 12:35:13

Cristina Sanz Arias na data 25/11/2024 12:35:21

Borja Vereza Fraiz na data 25/11/2024 12:35:34

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 25/11/2024 12:35:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O patrimonio cultural de Galicia, material e inmaterial, ten unha relevancia máis que recoñecida no ámbito nacional e mesmo internacional. Tanto no eido da arquitectura e as artes plásticas como no ámbito das letras e o pensamento. Así como naqueles exemplos que mesturaron diferentes pescudas que van desde o pensamento e a escrita, até a música ou a ciencia.

Un bo exemplo disto último o temos naqueles homes e mulleres que conformaron unha das xeracións mellor preparadas deste país e que tiveron que buscar o exilio (exterior ou interior) co estalido da Guerra Civil. O seu traballo, hoxe recollido e analizado en pequenas fundacións, están sustentados na maioría dos casos co esforzo dos concellos e deputacións. Ao tempo que ofrecen unha oferta cultural tanto en cidades como en pequenas vilas nas que xeran boa parte das iniciativas culturais.

Existen tamén outras que comezan a recoller o legado e arquivo de creadores que aportaron feitos diferenciais ao que supón Galicia, e que dan novos pulos culturais, contribuindo ás comunidades nas que se atopan inseridos. E crean importantes focos de acción para as e os artistas actuais xerando accións e liñas de creación. A lista é longa e con desiguais puntos de desenvolvemento: Castelao, Vicente Risco, Luis Seoane, Penzol, Uxío Novoneira, Celso Emilio





Ferreiro, Ramón Cabanillas, Manuel María, Laxeiro, Eugenio Granell, Casa Álvaro Cunqueiro, Otero Pedrayo, Carlos Casares...

Unha longa lista espaxada polo territorio galego e que forman un tecido cultural esforzado e pouco escoitado polos dirixentes políticos.

Estas fundacións e centros xeran un importante produto cultural, ben porque traballan na procura de documentación e conservación da mesma, ben porque ademais dese labor arquivístico desenvolven un programa de exposicións e actividades singular. Vencellado tanto a propia labor do autor como a súa posta en diálogo co presente actual.

É unha certeza e obviedade que co apoio da Consellería de Cultura de xeito sostido, en programas que ben puideran estar consensuados e dentro dun programa ad hoc, Galicia, sae gañando. A cultura galega, sae gañando. O tecido cultural e os seus compoñentes, saen gañando.

Sería esta unha forma de construír unha marca da cultura galega, que como xá dixemos, está inserta en todo o seu territorio; ademais de dar visibilidade ao traballo de intelectuais e creadores que se ben pode que se lles poña nome e cara, hai un descoñecemento profundo do seu legado.

Por tales motivos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un censo para todas as fundacións e centros de cultura de autor poidan inscribirse para formar parte dun programa conxunto de visibilización promovido pola Consellería de Cultura





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2024 12:54:01
Nº Rexistro: 14929
Data envío: 25/11/2024 12:54:01.396

2. Elaborar desde a Consellería de Cultura un programa de apoio ás decenas de fundacións e centros de cultura de autor que recollen o traballo de senlleiros creadores galegos.
3. Promover un plan de traballo para poñer en valor estes centros e Fundacións que están sostidos na práctica totalidade con fondos municipais e deputacións.

Santiago de Compostela, 25 de novembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 25/11/2024 12:51:28

Julio Abalde Alonso na data 25/11/2024 12:51:36

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/11/2024 12:51:45





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados e deputadas **Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Julio García Comesaña, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Barrera, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereá e Miguel Ángel Viso Diéguez** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos:

O sector da automoción constitúe unha das principais industrias de Galicia e é un pilar estratéxico para a nosa economía, cunha rede consolidada de empresas, provedores, centros de enxeñería e innovación que operan arredor do Clúster de Empresas da Automoción de Galicia (CEAGA). Este sector non só xera moito emprego directo e indirecto, senón que tamén impulsa o desenvolvemento económico e a competitividade na rexión, contribuíndo significativamente ao PIB rexional e reforzando as exportacións.

O programa de apoio ás Agrupacións Empresariais Innovadoras (AEI), lanzado polo Ministerio de Industria y Turismo, ten como obxectivo mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas.

Para iso, prevé apoiar con recursos públicos as estratexias de innovación e competitividade empresarial desenvolvidas polos Grupos Empresariais Innovadores (AEI) que se recoñecen como tales como consecuencia da súa inscrición no Rexistro de Grupos Empresariais Innovadores.

Os tipos de actuacións e proxectos susceptibles de beneficiarse das axudas do programa van desde actuacións de apoio ao funcionamento dos Grupos Empresariais Innovadores, pasando por estudos de viabilidade técnica ata proxectos de Tecnoloxía Dixital (actividades de investigación industrial, de desenvolvemento experimental, innovación en organización ou en procesos).

A presentación de solicitudes comprendeu desde o 8 ao 26 de xullo de 2024.

Galicia acadou financiamento para só 3 proxectos, sendo una das CCAA que menos fondos recibiu (un 5% do total), só por diante de Asturias e La Rioja.

A pesar da relevancia do sector da automoción en Galicia, e de presentar 5 Proxectos a convocatoria, o Clúster de Empresas da Automoción de Galicia (CEAGA) vai recibir 0 euros; e dos 8 clusters auto de España só aprobaron 1 proxecto dos 40 presentados.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Tratabase de consorcios creados con pemes e non pemes para poñer en marcha todo tipo de solucións tecnolóxicas e innovadores e que a pesares de que os proxectos tiveron una boa valoración, quedaron en lista de espera por falta de financiamento.

Isto resulta especialmente preocupante nun contexto no que a transición cara á mobilidade eléctrica e os cambios nas cadeas de subministración globais requiren unha urxente modernización e adaptación das empresas ás novas demandas do mercado e ás esixencias ambientais. Esta falta de apoio económico para Galicia pode debilitar a competitividade dun sector clave que demostrou a súa capacidade para innovar e crear riqueza na comarca.

Este feito vese agravado pola dotación global de só 10 millóns de euros para todos os clusters a nivel nacional, cando as solicitudes presentadas sumaron 60 millóns de euros, o que pon de manifesto a insuficiencia do orzamento destinado á mellora da competitividade do noso país.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

1. Incrementar significativamente o crédito destinado ao Programa Nacional de Clústeres do sector da automoción, de xeito que se axuste ás necesidades reais do sector, permitindo o financiamento dos proxectos que se presentaron e superen seis veces a dotación orzamentaria inicial.
2. Revisar os criterios de adxudicación de proxectos no marco do devandito programa, garantindo que rexións estratéxicas como Galicia, con forte presenza e capacidade no sector da automoción, reciban o apoio adecuado para seguir liderando proxectos de innovación e modernización.





3. Promover o diálogo constante coas comunidades autónomas e cos clústers sectoriais, xa que non se contou para nada con elas tanto na xestión como no deseño do programa de apoio ás Agrupacións Empresariais Innovadoras (AEI), e polo tanto non se tivo coñecemento das súas demandas, para adecuar os programas de axuda ás realidades e retos específicos de cada rexión, garantindo que a política industrial estatal sexa inclusiva e distribúa os fondos dun xeito máis proporcional, eficiente e coordinado”

Santiago de Compostela, 25 de novembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 25/11/2024 12:53:18

Miguel Fidalgo Iglesias na data 25/11/2024 12:53:37

Patricia García González na data 25/11/2024 12:53:51

Julio García Comesaña na data 25/11/2024 12:54:02

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2024 12:54:18

María Deza Martínez na data 25/11/2024 12:54:26

Rubén Lorenzo Gómez na data 25/11/2024 12:54:37

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/11/2024 12:54:47

Ángel Rodríguez Conde na data 25/11/2024 12:55:01

Cristina Sanz Arias na data 25/11/2024 12:55:13

Borja Vereza Fraiz na data 25/11/2024 12:55:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Miguel Ángel Viso Diéguez na data 25/11/2024 12:55:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas** e dos deputados **Secundino Fernández Fernández e Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre riscos laborais no sector agropecuario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector agropecuario é un dos eidos de traballo con máis riscos laborais, segundo a Organización Internacional do Traballo (OIT), superado só por a construción e a minaría máis, a pesares diso, é o grande esquecido. Presenta uns dos maiores índices de sinistralidade, relacionados coa alta diversidade de tarefas, o traballo con maquinaria pesada e animais ou o uso de produtos fitosanitarios e outras sustancias químicas, onde as condicións ambientais son moi variables e en casos extremas e se requiren unhas elevadas esixencias a nivel físico.

Dentro dos riscos laborais do sector agrogandeiro temos distintas clasificacións, entre as cales están, por exemplo, o factor causante destes, de xeito que diferenciamos os riscos físicos, químicos, biolóxicos, ergonómicos ou psicosociais. No referido aos riscos físicos e ergonómicos, temos encadrados os causados polo calor ou frío extremos, o ruído ou as vibracións, as caídas, golpes ou choques, etc. É tamén nesta categoría onde se engloban riscos dos que se derivan unha serie de trastornos músculoesqueléticos (TME) acompañados de procesos dolorosos tanto a nivel muscular coma articular e que na maioría das ocasións son produto de posturas forzadas ao longo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do tempo e de movementos repetitivos, co manexo de cargas no desenvolvemento da actividade laboral propia do sector.

Hai unha serie de factores que favorecen a aparición destes TME en canto á parte do sector primario que nos ocupa, coma poden ser as actividades relacionadas coa rutina de muxido, da limpeza de instalacións con apeiros de uso manual (camas, comedeiros, corredores, etc.), o uso de pas e forçadas no acomodo de abono ou na retirada do estrume, o reparto de alimento aos animais desfacendo pacas ou descompactando ensilados ou a condución de maquinaria pesada con posturas incorrectas, por exemplo. Este tipo de accións rutineiras dan lugar a lesións, especialmente frecuentes nas traballadoras e traballadores deste sector agrogandeiro, e que acaecen con especial énfase a rexións corporais coma os ombreiros, cóbados, pulsos e mans.

Estes tipos de enfermidades laborais están recollidas no RD 1299/2006 do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen os criterios para a súa notificación e rexistro, dentro do cal, no Anexo 1, se desenvolve o cadro de enfermidades profesionais. É neste cadro onde se especifican varios grupos de enfermidades, entre os cales se atopa o grupo dous, referido as enfermidades profesionais derivadas de axentes físicos.

Ao abeiro do axente D de dito grupo, é onde se encadran as enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo, enfermidades por fatiga e inflamación de vainas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas. Os subaxentes 01, 02 e 03 refírense neste cadro á patoloxía tendinosa crónica de manguito dos rotadores do ombreiro, a epicondilite e epitrocleíte de cóbado e antebrazo e a tendinite do abdutor longo e extensor curto do polgar, tenosinovite estenosante dixital e tenosinovite do extensor longo do primeiro dedo,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procesos que sofren en moitos casos os traballadores/as do sector agrogandeiro e que non se ven reflectidos de xeito explícito na actividade e código de tal anexo, polo cal, queda ao criterio do profesional sanitario que preste atención ao doente discernir se se trata dunha enfermidade profesional ou común e o que isto supón a posteriori para o afectado/a.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O parlamento insta a Xunta a

1. Demandar do goberno do Estado a inclusión no cadro de enfermidades profesionais do Anexo 1 do RD 1299/2006 do 10 de novembro, de xeito explícito dos traballadores/as do sector agrogandeiro na actividade e código correspondente do cadro de enfermidades profesionais do grupo 2, axente D e subaxente 01,02 e 03.

2. Levar a cabo un estudo sobre as enfermidades do sector agrogandeiro galego, que permita analizar as medidas precisas para evitalas ou palialas, coa elaboración de guías de boas prácticas que cheguen a todas as explotacións agrogandeiras rexistradas de xeito rutineiro e anual, comezando no 2025.

3. Elaborar un programa de información a través de xornadas anuais destinadas a agricultores e gandeiros, onde se valoren riscos laborais e medidas preventivas para estes, celebrando xornadas neste senso en zonas de alta carga no sector agrogandeiro”.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Ramón Fernández Alfonzo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 25/11/2024 13:46:48

Sonia Vidal Lamas na data 25/11/2024 13:46:58

Secundino Fernández Fernández na data 25/11/2024 13:47:11

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/11/2024 13:47:20

Ana Pontón Mondelo na data 25/11/2024 13:47:31





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Patricia García González, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos:

Mediante a *Resolución do 8 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se establecen disposicións de ordenación da pesqueira do abadexo da división CIEM 8C (POL/08C) e na subzona 9 (stock POL/9/3411)* o Goberno central fixaba, por unha banda, unha cota inicial para España do stock POL/08C de 70 Ton, para as campañas dos anos 2024 e 2025. A esta cantidade engadíuselle a flexibilidade interanual da campaña anterior, polo que a cantidade de cota inicial dispoñible era de 70,7 Ton. Establecíase, ademais, a posibilidade de empregar ata o 100% da cota do stock POL/9/3411 en zona 8C (POL/08C), valorándose ata que punto se podería aplicar esta condición especial, non prexudicando á frota autorizada a exercer a pesqueira do abadexo na zona 9.

Por outra banda, respecto á pesqueira de abadexo da zona 9 (POL/9/3411), a *Resolución* marcaba unha cota inicial de 93 Ton, para as campañas dos anos 2024 e 2025; unha cantidade que se viu incrementada coa flexibilidade interanual xerada na campaña anterior, polo que a cantidade de cota inicial dispoñible era de 113,8 Ton.

Asemade, establecía un tope para as capturas de ambos stocks de 10 Kg por buque e día no caso do palangre de fondo no Cantábrico Noroeste e de 5 Kg para o resto das modalidades.

Posteriormente, á vista da evolución do consumo desta especie e á solicitude do sector, a *Resolución* modificouse mediante *Resolución do 23 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral de Pesca*, co fin de flexibilizar a periodicidade dos topes de captura establecidos para as distintas modalidades autorizadas que realizan comunicación electrónica diaria das capturas. Así, aquelas frots que viñan cumprindo con isto, pasaron a ter un tope semanal de 50 e 25 Kg/buque, respectivamente.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Esta modificación tiña a súa base no ditame do Comité Científico, Técnico e Económico de Pesca sobre o impacto socioeconómico de manter os TAC de abadexo na división 8C e as subzonas 9 e 10 do Consello Internacional para a Exploración do Mar (CIEM) e nas augas da UE da división 34.1.1 do CPACO para o ano 2024 no nivel recomendado polo CIEM.

Na súa virtude, o 11 de outubro publicouse o *Regulamento (UE) 2024/2678 do Consello do 10 de outubro de 2024 que modifica o Regulamento (UE) 2024/257 polo que se fixan para 2024, 2025 e 2026 as posibilidades de pesca para determinadas poboacións de peces aplicables en augas da UE e, no caso dos buques pesqueiros da UE, en determinadas augas non pertencentes á UE, e o Regulamento (UE) 2023/194 polo que se fixan para 2023 e 2024 onde se aumentaban os TAC para o ano 2024*. Así, a cota inicial asignada ao stock POL/08C pasaba a ser de 97 Ton e a de POL/9/3411 de 128 Ton. Sen embargo, tal e como recolle o Regulamento, a partir do 1 de outubro de 2024, a cota será exclusiva para capturas accesorias e non se permitirá a pesca dirixida nesta cota.

Como continuidade, o MAPA deu luz verde á *Resolución de 5 de novembro de 2024, de la Secretaría General de Pesca, por la que se modifica la Resolución de 8 de febrero de 2024, de la Secretaría General de Pesca, por la que se establecen disposiciones de ordenación de la pesquería del abadejo (Pollachius pollachius) de la división CIEM 8C (POL/08C) y en la subzona 9 (stock POL/9/3411)*, que establece as cantidades que poderá pescar cada segmento de flota ben por días ou por semanas, establecendo sensíbles diferencias entre estes grupos de barcos, que non favorece á flota costeira artesanal.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

1. Establecer un tope equilibrado de capturas para toda a frota, incluída a costeira artesanal ou de artes menores, de xeito que se teña en conta a dependencia e consumo das cotas por parte de cada frota.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





2. Establecer un tope semanal unificado para toda a frota, evitando agravios comparativos entre os barcos, independentemente da súa eslora e tipoloxía de cumprimento da obriga de declaración de desembarque”.

Santiago de Compostela, 25 de novembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 25/11/2024 16:45:36

Miguel Fidalgo Iglesias na data 25/11/2024 16:45:54

Manuel Santos Costa na data 25/11/2024 16:46:18

Pablo Prieto Perille na data 25/11/2024 16:46:26

Jesús María Fernández Rosende na data 25/11/2024 16:46:36

Paula Mouzo Mas na data 25/11/2024 16:46:52

María Deza Martínez na data 25/11/2024 16:47:04

Dolores Hermelo Piñeiro na data 25/11/2024 16:47:21

Patricia García González na data 25/11/2024 16:47:33

Raúl Santamaría González na data 25/11/2024 16:47:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Dende o comité intercentros da CRTVG informábase que a dirección da CRTVG convocou o comité en plena xornada de folga e tras sete semanas de paros, non para negociar os motivos dos paros senón para anunciar unha reestruturación nos centros de traballo da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Madrid.

O subdirector de informativos, Alejandro López Carballeira, foi o encargado de explicar as “novas dinámicas de traballo” que consisten en que as redactoras (ata o de agora especializadas en televisión, radio ou *web*) pasen a traballar “de maneira indiscriminada nos tres soportes”.

Recoñeceu que esa transformación suporá modificacións de tarefas e posiblemente tamén de horarios, amais de afectar á estrutura organizativa, habendo unha responsable por delegación que coordinará os contidos e o persoal, e que desenvolverá a representación institucional de cada centro de traballo. Cambios que pretenden implementar progresivamente a partir do 7 de xaneiro.

Fan así oídos xordos de novo á demanda de diálogo social recollida nos motivos da folga, onde se pedía retomar a negociación da nova clasificación profesional, e tan necesaria para acometer unha transformación dixital da CRTVG consensuada e exitosa.





O Grupo Parlamentario Socialista denunciaba na Comisión de Control parlamentaria que dende o 26 de xuño de 2024 non se levaron a cabo máis reunións nin se acadou acordo en firme sobre o modelo presentado pola CRTVG para a nova clasificación profesional, pendente de actualización desde hai máis dunha década e instabamos o Director do ente a retomar de forma urxente a negociación.

Considera, o comité intercentros, que a dirección volve a aplicar “rodillo” para impoñer funcións, xerando máis inquedanza e malestar entre as traballadoras dos medios públicos e que constitúe un novo ataque ás traballadoras e á súa representación que non fai máis que quentar unha folga froito do maltrato e desmantelamento que levan anos sufrindo por parte da actual dirección

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se retome a negociación na CRTVG sobre a reclasificación profesional e mentres non se chegue a un acordo se paralicen as modificacións anunciadas no ente público en relación coa reestruturación nos centros de traballo da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Madrid, así como as modificacións das condicións de traballo que levan aparelladas.

Parlamento de Galicia, 26 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/11/2024 11:13:55





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2024 11:35:12
Nº Rexistro: 14963
Data envío: 26/11/2024 11:35:12.728

Silvia Longueira Castro na data 26/11/2024 11:14:07

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/11/2024 11:14:18

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

51462

@PSdeG



CSV: B0PSTB93BQ3j4tF9%7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Dende o ano 2020 e tras 25 anos de reivindicacións veciñais a liña 4, que acababa na parroquia de Alba, chega ata a parroquia de Cerponzóns (Pontevedra) incluíndo 3 paradas situadas nos núcleos de Pidre, A Rons e Tilve.

Isto permite á veciñanza desta parroquia desprazarse en transporte público a outras parroquias e a Pontevedra cidade, sen quedar illados como estaban. Pero esta liña de transporte está a presentar problemas dende hai máis dun mes nunha clara discriminación dos veciños desta parroquia respecto das outras.

A irregularidade consiste en que no canto de realizar estes desprazamentos un autobús están a ser realizados por unha furgoneta de 7 prazas que nin cumpre os requisitos de accesibilidade nin ten o tamaño suficiente para asumir a demanda do servizo, e a maiores nin está identificada como tal, o que causa a desconfianza e a confusión dos usuarios, na maioría xente de avanzada idade ou nova.

Os socialistas cremos que o Goberno galego ten que esixir á empresa concesionaria que cumpra as condicións do contrato e entre elas a de dar un trato igualitario, ter uns vehículos accesibles e acondicionados, e suficientemente identificados.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2024 11:38:54
Nº Rexistro: 14967
Data envío: 26/11/2024 11:38:54.740

A veciñanza da parroquia de Cerponzóns xa tardou moitos anos en conseguir ter este servizo para ter que sufrir agora outra discriminación en relación coas súas condicións.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a esixir á empresa concesionaria do servizo de transporte público interurbano de Pontevedra o cumprimento do contrato, en concreto garantir que a liña 4 que dá acceso á parroquia de Cerponzóns sexa cuberta por un autobús que cumpra as condicións legais de accesibilidade e estea debidamente identificado.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/11/2024 11:31:13

Carlos López Font na data 26/11/2024 11:31:23

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/11/2024 11:31:35

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51464

@PSdeG



CSV: BGRISJTRBGS6K3yqH45Yz7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, a extensión do servizo de hospitalización a domicilio en Sada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Hospitalización a Domicilio do SERGAS foi anunciado pola Xunta de Galiza como un “eixo fundamental na transformación da asistencia sanitaria, por achegar coidados de rango hospitalario ao domicilio do paciente de xeito efectivo e seguro”, debido principalmente ás novas demandas asistenciais dunha poboación máis envellecida, que esixen unha transformación dos servizos sanitarios que permitan que sexan prestados no propio domicilio dos pacientes. O Servizo Galego de Saúde considera que “a hospitalización a domicilio é o modelo de futuro xa que humaniza a atención, permite traballar coordinadamente e leva o hospital alí a onde se necesita”.

O SERGAS, a pesar de que a última estratexia até o momento do Plan Galego de Hospitalización a Domicilio rematou en 2023, ten o obxectivo de potenciar e consolidar este modelo asistencial en todo o país para permitir unha atención máis eficiente a toda a cidadanía. De feito, o presidente Alfonso Rueda anunciou en febreiro deste ano que o SERGAS estendería a todo o territorio galego o Plan de Atención Primaria a Domicilio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na unidade de HADO trátanse os pacientes que terían indicación de estaren ingresados no hospital, mais que cumpren certos criterios para ser atendidos nos seus domicilios. O HADO do CHUAC trata aproximadamente 1.400 pacientes.

O Concello de Sada ten máis de 15.000 habitantes e forma parte da área sanitaria da Coruña-Cee. Na actualidade, na área sanitaria da Coruña-Cee só forman parte deste servizo os concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros.

O Pleno do Concello de Sada acordou demandar a inclusión de Sada no servizo de hospitalización a domicilio do CHUAC que, de acordo con datos da propia Xunta de Galiza, en 2023 atendeu 7.000 cidadáns e cidadás galegas. O 13 de setembro de 2013, aprobárase a seguinte proposición non de lei que se debateu na Comisión 5.^a, a iniciativa das deputadas do Bloque Nacionalista Galego Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Garantir a cobertura de toda a poboación a través da Hospitalización a Domicilio antes do remate da presente lexislatura.

2º.- Dotar aos servizos de Hospitalización a Domicilio dos recursos humanos e materiais precisos para poder garantir o funcionamento do servizo”.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta o Goberno galego a incluír o Concello de Sada no Servizo de Hospitalización a Domicilio do CHUAC”.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 26/11/2024 13:15:39

Iria Carreira Pazos na data 26/11/2024 13:15:49

María Montserrat Prado Cores na data 26/11/2024 13:16:05

Olalla Rodil Fernández na data 26/11/2024 13:16:15





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Paloma Castro Rey, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O CEIP Plurilingüe Vilaxoán é un dos centros escolares de carácter público sito no concello de Vilagarcía, conta cun total de 206 alumnos e alumnas, dos cales o 31 % do alumnado pertence ao Departamento de Orientación: alumnado TEA, trastornos condutuais, trastorno xeneralizado do desenvolvemento, grandes dependentes e con altas discapacidades.

Este curso escolar produciuse neste centro un incremento do número de alumnado con necesidades educativas especiais pero a Consellería, a pesar do requirimento, non dotou ao centro do persoal necesario para atender as novas necesidades que se presentan este curso, carecendo do persoal mínimo para cubrir as necesidades e para ofrecer unha mellor e máis axustada atención ao alumnado.

Esta situación, ademais, agravase co feito de que o centro foi excluído do programa PROA+, a pesar de cumprir os requisitos de selección.

O centro tamén conta con dúas prazas de persoal coidador superando a ratio establecida por lei, que é 1 por cada 6, atendendo nestes momentos a 9 alumnos e alumnas por persoa coidadora.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non entendemos porque a Consellería de Educación discrimina a este centro sen dotalo dos recursos necesarios,





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 14980
Data envío: 26/11/2024 16:26:50.676

evidenciando que se a medida que aumentan as necesidades, os recursos non aumentan, e os que hai teñen que ser repartidos entre máis alumnado, se provoca unha sobrecarga de traballo no profesorado e se imposibilita unha educación equitativa e de calidade.

Esta falta de persoal deixa ao alumnado sen os apoios necesarios para un efectivo e real acceso a unha educación digna e inclusiva.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incrementar en dous profesionais máis o profesorado do CEIP de Vilaxoán en Vilagarcía, en concreto un mestre especializado en Pedagogía Terapéutica e un coidador ou coidadora, os cales corresponden por ratio.

Santiago de Compostela, 26 de Novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/11/2024 16:23:14

Julio Abalde Alonso na data 26/11/2024 16:23:24

Silvia Longueira Castro na data 26/11/2024 16:23:38

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/11/2024 16:23:52

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51469

@PSdeG



CSV: BGRISIRBQ3WU9HKGX7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

As organizacións sindicais manifestaron o malestar existente entre o persoal aspirante pola proposta de exame sobre a base dos seguintes feitos en relación co proceso selectivo para o ingreso na escala de axentes técnicos en xestión ambiental do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do grupo B, celebrado o día 16 de novembro de 2024:

1. Durante a realización da proba atopáronse erros en respostas, polo que se paralizou o tempo para explicar e corrixilos.
2. Realízanse preguntas sobre normativa sen actualizar como o Pladiga 2023.
3. O tempo de realización do exercicio foi insuficiente para unha proba que supera as 3 horas e con 55 folios de lectura. Esta cuestión xa fora manifestada por esta organización nas alegacións presentadas ás bases do proceso selectivo.
4. O número de preguntas realizadas no exame non gardan unha proporcionalidade entre os temas. Dáselle moito peso a algúns temas e outros apenas se tocan.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2024 10:46:44
Nº Rexistro: 14993
Data envío: 27/11/2024 10:46:44.030

5. O primeiro día de prazo para presentar impugnacións ás preguntas non funcionaba o FIDES, polo que, os aspirantes perderon un día de prazo.

Por iso, as organizacións realizaron unha serie de peticións que comparte o Grupo Parlamentario Socialista, polo que propón a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, de cara a futuros procesos selectivos, evite que acontezan este tipo de feitos e garanta uns procesos selectivos sen incidencias en aras da seguridade xurídica e da tranquilidade das persoas aspirantes que participan nos procesos selectivos.

Parlamento de Galicia, 27 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/11/2024 10:23:09

Lara Méndez López na data 27/11/2024 10:23:27

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2024 10:23:41

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51471

@PSdeG



CSV: BGRISIRBQDg03Yq#4SY67
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







posterior guerra e a ditadura, incluíndo o transcorrido ata a entrada en vigor da Constitución de 1978.

Neste sentido é imprescindible que os poderes públicos a través das administracións Estatal, Autonómica e Local leven a cabo políticas públicas dirixidas ao coñecemento da nosa historia e ao fomento da memoria democrática, desenvolvendo as accións precisas de recoñecemento e reparación ás vítimas e establecendo accións pedagóxicas encamiñadas ao coñecemento de feitos pasados co obxectivo da non repetición.

Desde a óptica de facilitar a participación da cidadanía, a través dos seus representantes democraticamente designados, na vida política, económica, cultural e social de Galicia, faise necesaria a constitución do Consello da Memoria Democrática de Galicia.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a constituír, de forma consensuada cos grupos políticos con representación parlamentaria, o Consello da Memoria Democrática de Galicia, como un órgano colexiado, permanente, de participación e de carácter técnico e consultivo, con representación plural da Comunidade, adscrito á Consellería da Presidencia (ou a aquela competente en Memoria Democrática) para o asesoramento, a información, o debate, o estudo e as propostas na defensa e promoción dos dereitos humanos, ao redor da recuperación da memoria democrática e a súa difusión e o recoñecemento institucional e social das persoas asasinadas, desaparecidas, perseguidas e represaliadas durante o Golpe militar, a Guerra e a Ditadura Franquista, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2024 10:51:30
Nº Rexistro: 14998
Data envío: 27/11/2024 10:51:30.407

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/11/2024 10:49:58

Patricia Iglesias Rey na data 27/11/2024 10:50:13

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2024 10:50:29

CSV: B6P5TRB3CWT@q9a5y679
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a pobreza das familias con crianzas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe de risco de pobreza e exclusión social do 2023 de Galiza aporta datos que non son positivos, cun crecemento de 50.000 persoas que se atopan nesta situación de precariedade con respecto aos datos anteriores.

Os fogares onde hai presenza de menores superan a media do índice de risco de pobreza e exclusión social en máis de dous puntos porcentuais con respecto ás familias sen crianzas ao seu cargo, chegando ao 27,1% de xeito que se agrava a situación de risco. Segundo os propios informes, a presenza de nenos, nenas e adolescentes é un factor empobrecedor, polo que a atención cara esta parte da poboación debe ser prioritaria por parte do goberno. Esta tendencia dos fogares nos que hai menores repítese cos datos da taxa de privación ou carencia material, social e severa (PMSS), que nestas familias chega ao 10,2%, máis de catro puntos superior que no resto das unidades familiares, dando coma resultado unha media xeral que aumenta segundo os datos de informes anteriores, con cifras de 8,2%.

Deste xeito como chegamos á situación na que os menores de 18 anos son os que máis alto índice de risco ostentan por idades, sen esquecer que a pobreza se perpetúa nunha alta porcentaxe de casos estendéndose dende a infancia e mocidade ata a idade adulta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un dato relevante é que a privación material e social severa máis alta por idades é en nenos, nenas e adolescentes, acadando un 12,4%, que indica a elevada vulnerabilidade desta parte da poboación, onde a media xeral é do 8,2%, cunha subida de dous puntos con respecto ao informe anterior. É evidente que precisamos medidas urxentes e que cheguen á poboación, medidas transversais onde os máis vulnerables sexan o obxectivo, xa que a pobreza aumentaría a máis do dobre (46,6%) sen medidas que traten de paliar, aínda que na actualidade o seu impacto se está vendo reducido.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta a:

1. Impulsar un paquete de medidas de nova creación coa correspondente dotación orzamentaria dirixido ás familias con menores ao seu cargo co obxecto de paliar a situación de risco de pobreza e exclusión social e a PMSS que sofren en Galiza.
2. Recuperar a Tarxeta Básica de xeito inmediato para que as familias galegas poidan beneficiarse dela o antes posible debido aos resultados obtidos no informe da rede contra a pobreza da EAPN.
3. Recuperar de xeito inmediato o complemento ao bono social térmico suprimido por parte da Xunta de Galiza tras os resultados do informe da rede contra a pobreza EAPN”.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 27/11/2024 12:19:19

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2024 12:19:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as contías percibidas polas familias acolledoras galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Observatorio de Dinamización Demográfica de Galiza levou a cabo recentemente un cálculo sobre o custo da crianza de fillos e fillas nas familias galegas, acadando a cifra media final no noso país de 630,34 euros. Se comparamos este resultado co do resto do estado, onde as medias chegan aos 672 euros mensuais, vemos que nos superan en 41 euros.

O investimento sufriu dende 2018, en cifras estatais, un aumento do 14,5% con respecto aos datos do 2022, medrando por enriba da inflación, que no mesmo período medrou un 11,3%, dato que mostra ata que punto se viu encarecida a crianza dos menores para as familias do conxunto do estado e ao que non somos alleos en Galiza. Segundo datos do INE o investimento por crianza aumentou nun 50% nos últimos 20 anos, de xeito que para o 20% da poboación con menos renda, o custo da crianza supera os ingresos mensuais que se perciben directamente, algo que ten como resultado o dato de risco de pobreza e exclusión social galego que no caso das familias con menores ao seu cargo supera un alarmante 27%.

A partir deses datos proporcionados polo Observatorio de Dinamización Demográfica de Galiza coñecemos asemade, que o custo da crianza dos nenos, nenas e adolescentes aumenta coa idade destes, partindo dun mínimo de 521 euros mensuais no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

caso dos bebés ate os 3 anos de idade, de 572 nas crianzas de entre 4 e 6 anos, e de 657 euros mensuais nos nenos e nenas de 7 a 12 anos. O abano de idades onde máis aumenta o custo por crianza ao mes é no caso dos adolescentes de 13 a 17 anos, cando se precisan de media 690 euros segundo o documento que a propia Xunta de Galiza publicou. Para chegar ás conclusións de dito informe tomáronse como referencia as necesidades básicas dos menores, incluíndo alimentación, hixiene, roupa, calzado, etc, garantindo os coidados e a atención necesarias, ao igual que unhas condicións de vida digna nas que poder desenvolverse con normalidade durante a infancia e a adolescencia.

Chama a atención o caso das familias acolledoras galegas, cuxa labor social é de vital importancia para que os nenos, nenas e adolescentes poidan vivir no seo dunha familia e non permanezan durante a súa infancia e adolescencia en centros de acollida de xeito permanente. Estas familias, segundo a propia páxina da Consellería de Política Social, reciben unhas contías económicas destinadas a cubrir as necesidades dos menores que acollen, establecéndose segundo o tipo de acollemento que se leva a cabo pola súa parte. A compensación económica no caso dos acollementos comúns ven clasificada segundo as idades dos menores, distribuíndose en 3 grupos: menores de un ano, de 1 a 3 anos e de 3 a 18 anos de idade. As contías mensuais recibidas respectivamente son de 600 euros, 400 euros e 350 euros no último grupo.

As axudas percibidas polas familias acolledoras para cubrir as necesidades dos menores ao seu cargo, cuxa tutela corresponde á Xunta de Galiza e, polo tanto a todas e todos os galegos, non se corresponden en absoluto coas contías especificadas no informe do Observatorio de Dinamización Demográfica de Galiza, quedando moi escasas especialmente no caso dos nenos maiores de 7 anos e ata a maioría de idade, onde estas familias non perciben nin a metade do que precisan para asegurarlle o benestar óptimo a ditas crianzas, de xeito que as estamos desprotexendo economicamente mentres levan a cabo unha función social que é imprescindible, sendo unha parte chave da solución.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta a:

1. Adaptar as contías compensatorias que perciben as familias acolledoras por crianza á media de investimento preciso para a crianza de menores cuxo cálculo realizou o Observatorio de Dinamización Demográfica de Galiza.
2. Incrementar a partida orzamentaria de 2025 para os programas de acollemento familiar que se levan a cabo en Galiza ate chegar a duplicalo, fomentando este tipo de acollemento fronte á estadía dos menores en centros residenciais.
3. Favorecer a presenza dun amplo banco de familias acolledoras a través do fomento dos programas de acollemento familiar, asegurando que ningún menor de 3 anos permanece en acollemento residencial máis do tempo estipulado por lei”.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2024

Asdo.: Ariadna Fernández González

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 27/11/2024 17:31:36

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2024 17:31:45



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Pablo Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A pesca é unha actividade económica fundamental para Galicia, non só pola súa contribución ao PIB autonómico, senón tamén polo seu impacto no emprego e na cohesión social das comunidades costeiras.

Porén, a falta de persoal no Instituto Social da Mariña (ISM) está a afectar gravemente a capacidade dos mariñeiros para obter os recoñecementos médicos necesarios para o exercicio da súa profesión.

Esta situación está a xerar importantes atrasos e poñendo en risco a saúde e seguridade dos traballadores do mar, así como o funcionamento das frotas pesqueiras. É imperativo que se tomen medidas urxentes para solucionar este problema e garantir que a xente do mar poida acceder aos servizos médicos de forma oportuna e eficiente.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España, para demandar:

1. Contratar de xeito urxente o persoal necesario para cubrir as necesidades dos centros de atención dos mariñeiros da Comunidade Autónoma de competencia do Instituto Social da Mariña (ISM).
2. Dotar ao ISM dos medios materiais e tecnolóxicos necesarios para axilizar os recoñecementos médicos a realizar en Galicia.



3. Establecer un plan de continxencia que permita atender inmediatamente as necesidades dos mariñeiros mentres se realizan as contratacións e melloras necesarias citadas nos puntos anteriores.
4. Impulsar convenios de colaboración con outras institucións sanitarias para garantir a cobertura médica dos mariñeiros en caso de saturación do ISM”.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/11/2024 10:13:59

Miguel Fidalgo Iglesias na data 22/11/2024 10:14:14

María Deza Martínez na data 22/11/2024 10:14:25

Jesús María Fernández Rosende na data 22/11/2024 10:14:38

Patricia García González na data 22/11/2024 10:15:01

Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/11/2024 10:15:16

Paula Mouzo Mas na data 22/11/2024 10:15:29

Pablo Prieto Perille na data 22/11/2024 10:15:45

Raúl Santamaría González na data 22/11/2024 10:15:54

Manuel Santos Costa na data 22/11/2024 10:16:07



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Argimiro Marnotes Fernández, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Dende o Grupo Parlamentario Popular, solicitamos á Xunta de Galicia que inste ao Goberno central a acometer melloras urxentes na estrada N-541, unha vía especialmente perigosa que conecta Punxín con Pontevedra. A estrada atravesa os concellos de Punxín, Maside, O Carballiño, Boborás, O Irixo Beariz, Forcarei, Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro, con varios tramos urbanos onde os accidentes son recorrentes.

Nos últimos anos, esta vía rexistrou múltiples incidentes graves entre os que destacan:

- Decembro de 2022: Un autobús despistouse en Pedre, causando 7 mortes e poñendo en evidencia o estado precario desta infraestrutura.
- Xaneiro de 2023: Un motorista faleceu nun accidente no quilómetro 67 da N-541. Este sinistro provocou que as administracións locais instasen ao Goberno a asumir compromisos firmes para mellorar a seguridade viaria.
- Maio de 2024: Tres persoas resultaron feridas en Boborás, poñendo de manifesto o perigo constante para os usuarios.
- Outubro de 2024: Outro accidente mortal a poucos quilómetros de Pedre provocou a indignación dos veciños e dos alcaldes da comarca.

Por estas e por outros casos nos que destacan atropelos en zonas urbanas desta vía, incluso anteriores ao trágico accidente do ano 2022 onde se contabilizaban mais de 90



accidentes, RACE xa contemplaba a N-541 como unha das nacionais con máis siniestrabilidades de España.

A raíz de tal cantidade de incidencias, os rexidores e rexidoras de todos os concellos Punxín, Maside, O Carballiño, Boborás, Beariz, O Irixo e Cerdedo-Cotobade polos que trascorre a N-541 e que son de distintas agrupacións políticas así como co apoio de Ourense e Pontevedra, crearon o PACTO DE PEDRE , que recollen o sentir unánime sobre esta situación, razón pola que se lle debería darlle mais valor e credibilidade por parte da administración titular desta infraestrutura.

Recollendo o sentir dos Concellos do PACTO DE PEDRE o Grupo do Partido Popular, no Senado trasladou pregunta ao Goberno da Nación o 28 de febreiro de 2024 preguntando se se prevía intervir de forma urxente nesta N541 e estudar a viabilidade dunha autovía entre O Carballiño e Pontevedra ou outra solución de alta capacidade. Porén, a resposta do Goberno, datada o 16 de abril de 2024, negouse a contemplar calquera mellora estrutural, limitando as inversións ao escaso mantemento rutineiro da vía insinuando ademáis que os que queiran ir por unha mellor estrada sempre poden ir pola AP-9, A-52 e AG53, deixando a toda a circulación dende Punxín a Pontevedra, a boa sorte do do destino dos usuarios se circulan pola N-541.

O pacto de PEDRE, respaldado por todos os concellos desta ruta nacional e mesmo polo Concello de Pontevedra, defende melloras inmediatas para esta estrada, que soporta un tráfico importante non só de turismo se non de transporte industrial vital para o desenvolvemento das comarcas, incluíndo o transporte de aeroxeradores. É fundamental actualizar esta infraestrutura para garantir a seguridade das persoas, e impulsar o crecemento económico da zona.

Non deixemos que mais datos de mortes ou graves lexiões as persoas, segan a dar a razón, de que algo cumpre facer, para evitalos na medida do posible.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para esixir accións inmediatas da mellora da N-541 para reducir a alta sinistralidade nesta vía de comunicación, adaptando esta estrada ás necesidades de tráfico que garanticen a seguridade de vehículos así como dos habitantes dos núcleos de poboación polos que transcorre e se realice ao mesmo tempo un estudo de viabilidade que contemple unha autovía ou vía de alta capacidade sen pasar por núcleos de poboación entre O Carballiño e Pontevedra”.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/11/2024 10:07:30

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/11/2024 10:07:56

José Luis Ferro Iglesias na data 22/11/2024 10:08:11

Cristina Campero Dorado na data 22/11/2024 10:08:23

María Deza Martínez na data 22/11/2024 10:08:36

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/11/2024 10:08:49

Carmen Pomar Tojo na data 22/11/2024 10:09:05

Roberto Rodríguez Martínez na data 22/11/2024 10:09:21

Gonzalo Trenor López na data 22/11/2024 10:09:34

Katherinie Varela Fernández na data 22/11/2024 10:09:52



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Gonzalo Trenor López, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A Comunidade Autónoma de Galicia acaba de coñecer a apertura por parte da Unión Europea dun expediente de infracción ao Reino de España en materia de residuos por non cumprir os obxectivos de preparación para a reutilización e a reciclaxe de residuos municipais.

Trátase da acta de infracción (2024) 2147 por incumprimento dos obxectivos establecidos na Directiva 2008/98/CE (art.11, apartado 2, letra a) e na Directiva 2012/19/UE (Art.7, apartado 1)

España non está a cumprir cos obxectivos europeos encamiñados a darlle unha segunda vida aos residuos para promover unha economía circular e mesmo, así o recoñece, na carta de resposta enviada á Comisión Europea con data 25 de setembro 2024.

Non cumpre no relativo de aumentar, antes de 2020, como mínimo, ata un 50% global do seu peso a preparación para a reutilización e a reciclaxe de residuos de materiais como o papel, os



metais, o plástico e o vidro dos residuos domésticos; e de acadar, a partir de 2019, un índice de recollida mínimo anual do 65 % do peso medio dos Aparatos Eléctricos e Electrónicos (AEE).

Para xustificar estes incumprimentos, o Goberno Central apela a que para alcanzar os obxectivos fixados xa contemplou na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular a creación da taxa do lixo, coñecida como o taxazo municipal, que a partir do 10 de abril de 2025 é unha obriga para todos os concellos.

É unha imposición do Goberno do Estado ás entidades locais, motivada polo seu gran afán recadador. Traslada aos concellos os seus incumprimentos e, o que é peor, a cidadanía será quen pague o resultado da nefasta xestión de Pedro Sánchez.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:



1. Adopte, con carácter urgente, as medidas de reforzo necesarias para garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos pola Directiva 2008/98/CE (Directiva Marco de Residuos) e a Directiva 2012/19/UE (RAEE), tras a apertura dun expediente de infracción por parte da Comisión Europea. Estas medidas deben incluír:
 - a) Implementación de programas específicos para a mellora na xestión dos residuos municipais, co fin de alcanzar o obxectivo establecido no artigo 11.2.a da Directiva 2008/98/CE, que determina unha porcentaxe mínima de reciclaxe de residuos municipais.
 - b) Reforzo das infraestruturas de recollida e tratamento de Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos (RAEE), tanto domésticos como profesionais, para garantir o cumprimento do índice mínimo de recollida establecido no artigo 7.1. parágrafo segundo da Directiva 2012/19/UE.
2. Dispoña de medidas e liñas específicas de apoio ás Comunidades Autónomas que, pola súa dispersión poboacional e alto índice de ruralidade, teñen dificultades para garantir a sostibilidade do modelo de xestión de residuos.
3. Dote de fondos específicos ás CCAA para que poidan implementar e supervisar eficazmente a Oficina de Asignación de Recollidas e a plataforma electrónica, cubrindo os custos operativos, tecnolóxicos e de persoal.



4. Estableza mecanismos de coordinación entre o Estado e as Comunidades Autónomas para asegurar unha xestión integrada e eficiente dos residuos, promovendo o intercambio de experiencias e boas prácticas na xestión de residuos.
5. Introduza incentivos fiscais e axudas económicas para promover o investimento en infraestruturas de xestión de residuos e tecnoloxías de reciclaxe especializados, incentivando tanto a entidades públicas como privadas a mellorar a súa eficiencia e sustentabilidade na xestión de residuos”.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/11/2024 10:19:34

Gonzalo Trenor López na data 22/11/2024 10:19:50

Cristina Campero Dorado na data 22/11/2024 10:20:05

María Deza Martínez na data 22/11/2024 10:20:18

José Luis Ferro Iglesias na data 22/11/2024 10:20:29

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/11/2024 10:20:42

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/11/2024 10:20:59

Carmen Pomar Tojo na data 22/11/2024 10:21:14

Roberto Rodríguez Martínez na data 22/11/2024 10:21:28

Katherinie Varela Fernández na data 22/11/2024 10:21:43





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Lara Méndez López, Julio Ernesto Abalde Alonso, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concepto de plan único, nace cun obxectivo, trátase de financiar proxectos nos concellos para promover o desenvolvemento local mellorando as infraestruturas e servizos para a cidadanía, busca apoiar aos concellos nas súas iniciativas e necesidades. Promovendo a sustentabilidade financeira e a cooperación intermunicipal.

A Deputación Provincial da Coruña foi a primeira que puxo en marcha esta iniciativa, seguida pola de Lugo e logo Pontevedra, todos elas baixo gobernos Socialistas, agora sumase tamén a deputación de Ourense, que a pesar de resistirse a longo do tempo, ao fin entendeu a súa importancia para o territorio.

Un plan que permita a todos os concellos concorrer en igualdade de condicións, con criterios obxectivos, definidos e transparentes. Para que independentemente quen governe cada un dos concellos todos teñan unha garantía na consecución deses fondos públicos.

Recentemente liamos nos medios de comunicación que os concellos galegos xunto coas deputacións tiñan invertido en obra pública durante os dez primeiros meses deste ano 376,12 millóns de euros. Unha cantidade que supera a inversión da Xunta de Galicia, a pesar de contar cuns orzamentos moi por





debaixo do orzamento da Xunta de Galicia, unha cuarta parte dos recursos do que dispón a Xunta de Galicia, 3.500 millóns fronte aos 14.000 da Xunta de Galicia. Segundo os datos que manexa a Federación Galega da Construción. Realidade que se contrapón coa falla de investimento da Xunta de Galicia.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista temos posto de manifesto en moitas ocasións a situación que viven todos os concellos galegos, asumindo cada vez máis competencias impropias, ou competencias sen recursos para facer fronte ás necesidades dos veciños e veciñas. En moitos casos poñendo en perigo a sustentabilidade financeira e a viabilidade da Administración local.

Co fin de que os concellos poidan ter e saber con que recursos pode contar, para poder planificar e facelo coa capacidade de deseñar políticas máis aló de un mandato, que é o que permite as transformacións dos territorios e, polo tanto, capacidade de crecemento en tódolos ámbitos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un plan único autonómico con orzamento suficiente, sen minguar o fondo galego de cooperación, para todos os concellos, con criterios obxectivos, definidos e transparentes.
2. Elaborar as bases da convocatoria da man da Fegamp onde se teña en conta a singularidade dos distintos concellos. E que teña carácter anual.

Santiago de Compostela, 22 de novembro do 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2024 11:18:19
Nº Rexistro: 14859
Data envío: 22/11/2024 11:18:19.624

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 22/11/2024 11:02:02

Julio Abalde Alonso na data 22/11/2024 11:02:12

Paloma Castro Rey na data 22/11/2024 11:02:23

Patricia Iglesias Rey na data 22/11/2024 11:02:30

José Ramón Gómez Besteiro na data 22/11/2024 11:02:40

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

51493

@PSdeG



CSV: BGRISIRBQAMRjGjP5947
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre aloxamentos compartidos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O empeoramento no acceso á vivenda ten unha clara compoñente xeracional. Os mozos e mozas de hoxe están padecendo, dun xeito especial, todo un cúmulo de transformacións no mercado inmobiliario posteriores á crise de 2008 que dificultaron aínda máis o acceso a vivenda nos distintos réximes de tenencia.

Os datos evidencian que estamos ante unha crise de emancipación sen precedentes. Segundo o último Informe do Observatorio de emancipación do Consello da Xuventude de España correspondentes ao segundo semestre de 2023, a taxa de emancipación en Galiza sitúase no 16% na franxa de idade de 16 a 29 anos, o que representa un punto menos que na media do Estado. Aínda peor son os datos de emancipación na franxa de idade de 30 a 34 anos, que se sitúa no 64%, o cal nos sitúa á cola do Estado, só superados por Canarias e moi lonxe da media estatal do 71% e da media europea do 82,2%. É dicir, que a crise de emancipación en Galiza esténdese na etapa adulta, cun 36% de mozos entre 30 e 34 anos que non logrou acadar a autonomía, fronte a un 18% de mozos e mozas europeas nesa mesma situación.

Todos os datos evidencian que cada vez resulta máis difícil emanciparse para a mocidade galega, xa que debe facer un esforzo económico maior. A relación entre os salarios e os prezos da vivenda agrávase progresivamente, de forma que o ano pasado o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aluguer dunha vivenda en Galiza representaba xa o 70% do salario mediano dos mozos e mozas de entre 16 e 29 anos e o 55% para a franxa de idade de 30 a 34 anos. Tamén o custe de acceso á vivenda a través da compra é alarmante, xa que alcanza o 60% do salario.

Dende o Bloque Nacionalista Galego vimos formulando a necesidade de procurar solucións de emerxencia e áxiles que afronten este problema de acceso á vivenda de xente moza e da poboación en xeral. Entre as medidas que vimos formulando é a creación de vivendas dotacionais, de forma que as Administracións poidan realizar de forma puntual un aproveitamento de solos destinados a usos e servizos públicos edificando equipamentos residenciais temporais para persoas e familias vulnerables ou en situación de exclusión. Estas vivendas deberán condicionarse ás rendas máis baixas e a colectivos con especial necesidade, como os mozos e mozas.

Esta proposta do BNG foi debatida en diversas ocasións nesta cámara e contou co voto negativo do grupo popular. Porén agora, a través do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, o goberno galego vén de introducir unha proposta que ten algúns paralelismos con esta proposta, pero con modificación substanciais e moitos interrogantes e zonas de sombra.

A través do mencionado Proxecto de Lei introdúcese unha modificación da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia para incorporar unha nova figura de aloxamentos compartidos, destinados a satisfacer necesidades transitorias de vivendas das persoas menores de 36 anos.

Aquí xa se fai patente a primeira diferenza co que viñamos formulando dende o Bloque Nacionalista Galego, xa que defendemos esta fórmula como unha solución non só ligada a unha fórmula adecuada para menores de 36 anos, senón que tamén constitúe unha solución para outras situacións de situación de emerxencia habitacional ou colectivos vulnerables, como por exemplo persoas que precisen de espazos adecuados á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

movilidade reducida. Por tanto que esta figura se introduza a través dunha lei estritamente ligada á xuventude supón unha visión limitada deste instrumento.

En cuanto ás características das vivendas, a nova norma establece que as persoas ou unidades de convivencia disporán dun espazo privativo de 30m² como mínimo, con zonas compartidas como sala común, comedor ou lavandería. Esta definición é tan laxa que non queda garantida a calidade e a dignidade destas vivendas. Esta aposta pode dar paso a un modelo máis semellante a unha residencia de estudantes ao uso, cun espazo privativo mínimo onde a vida cotiá debe facerse en salas e comedores comúns. Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que este instrumento de emerxencia ten que garantir sempre un modelo habitacional digno, cun espazo privativo e cunhas dimensións adecuadas; onde poidan existir determinados usos compartidos, pero onde quede sempre garantido o espazo suficiente para satisfacer a necesidade dun espazo de intimidade, cunha variedade tipolóxica que permita adecuarse ás distintas realidades de unidades de convivencia en menores de 36 anos.

Para alén da incerteza sobre cal vai ser o modelo tipolóxico en que se concretará esta nova norma, tamén quedan relegado a un posterior convenio a definición de aspectos chave como o réxime de xestión e de mantemento dos aloxamentos, deixando así a porta aberta a unha posible privatización. Tampouco se especifican os límites de ingreso para acceder aos aloxamentos, nin os criterios de selección das persoas usuarias.

Outro dos aspectos cuestionables e incertos ten que ver cos períodos de permanencia, xa que de inicio se limita a un máximo de 3 anos, podendo concederse prórrogas até os 7 anos se existen circunstancias especiais, pero que tamén podería ser menor se así se estipula mediante instrumento de colaboración entre o IGVS e a consellería competente en xuventude. Evidentemente os prazos deben atopar un punto de equilibrio entre a necesidade de rotación e a estabilidade necesaria na vida das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas. Nese sentido un máximo xeral de 3 anos parecen un período insuficiente para garantir isto último.

O feito de que estes aloxamentos podan ubicarse en solo de uso dotacional esixe dunha especial precaución na escolla das parcelas e de vocación de adecuación ao modelo urbano, nese sentido o papel da Administración local é chave. Pola contra o que plantea a Xunta de Galiza é a posibilidade de sacar adiante estes proxectos sen ter en conta aos concellos.

Para iso estes proxectos terán a consideración de obras públicas de interese xeral. Unha categoría de novo cuño que tamén se introduciu nesta reforma lexislativa que acompaña os orzamentos. Esta clasificación implica que as obras, tanto de construción como de urbanización non estarán suxeitas a licenza urbanística, nin a ningún dos actos de control preventivo municipal. O IGVS ou a entidade participada maioritariamente polo mesmo apenas debe proceder a aprobar o proxecto de construción e a remitir ao concello a documentación que acredite o cumprimento da normativa urbanística de aplicación. O concello apenas disporá dun prazo dun mes para emitir un informe que se limita á conformidade ou disconformidade coa ordenación vixente, sen que este sexa vinculante.

Isto último convida a unha última reflexión xeral: os aloxamentos dotacionais deben ter unha vontade de paliar unha solución de emerxencia. Deben ser unha medida excepcional ante unha situación excepcional, mais nunca deben constituír unha solución xeneralizada, xa que unha resposta masiva mediante este instrumento pode ser regresiva na medida en que se normaliza unha solución temporal e máis precaria do que a vivenda pública. Esta proposta debe ser unha solución puntual cuantificable, complementaria e harmonizada cunha política de vivenda pública a medio prazo ambiciosa. Porén a falla de instrumentos de ordenación sectorial da vivenda, xunto cunha planificación estratéxica inexistente- o Plan de vivenda 2021-2025 carece de obxectivos específicos e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cuantificables- fai con que o desenvolvemento futuro destes aloxamentos dotacionais sexa unha total incerteza e que se vaia realizar de forma fragmentada, a golpe de anuncios.

Por todo isto consideramos que esta proposta, tal e como está formulada, pode dar lugar a un modelo de vivenda precaria para mozos e mozas, onde non se garanta unha vivenda digna que permita desenvolver unha vida autónoma, con demasiadas incertezas sobre o seu desenvolvemento e onde se evidencia a nula vontade de consensuar cos concellos estes proxectos. Dende o BNG consideramos necesario corrixir e clarificar todos estes aspectos para garantir un modelo de vivendas dotacionais de calidade e públicas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a regular as vivendas dotacionais de forma que se garanta:

- **Condicións de habitabilidade mínimas** que aseguren vivendas dignas, adecuadas, sostibles e accesibles.
- Adecuación ás distintas realidades sociais, garantindo a diversidade tipolóxica e axustando os criterios de habitabilidade ás mesmas (tamaño, iluminación, ventilación, accesibilidade, programa mínimo, distribución de espazo privativo/común, nº mínimos de vivendas adaptadas a mobilidade reducida,)
- Versatilidade, criterios que faciliten a transformación e adecuación das vivendas ao longo do tempo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Sustentabilidade ambiental, como a inclusión de criterios de valoración do ciclo completo da vida útil da vivenda.
- Principio de non empeoramento, polo cal a actuación en termos de rehabilitación non empeore as condición de habitabilidade prexistentes.
- Garantir a xestión pública das vivendas dotacionais.
- Respectar as **atribucións dos concellos** relativas á intervención nos usos do solo e da edificación e establecer a obrigatoriedade dun **informe favorable** da Administración Local sobre a súa localización dado o carácter excepcional que presentan.
- Ampliar os beneficiarios destas vivendas a outros colectivos e persoas en situación de emerxencia habitacional.
- Establecer unha estratexia e planificación global a nivel galego, coordinada coa política pública de vivenda, para o impulso de vivendas dotacionais, onde se determine cando menos o número de vivendas, a súa localización, o seu cronograma e a concreción de criterios e principios..”

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Iago Suárez Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 22/11/2024 12:13:20

Iago Suárez Fernández na data 22/11/2024 12:18:09

Luis Bará Torres na data 22/11/2024 12:18:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a as necesidades para mellorar o servizo do Centro de Información á Muller de Pontearreas, referente na Comarca Condado-Paradanta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 130/2016, do 15 de setembro, establece os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller. Configura os CIM como un conxunto de recursos das entidades locais, desde os cales se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Os CIM atenderán todas as mulleres que o demanden, así como calquera persoa, sexa home ou muller, en asuntos relacionados coa promoción social da igualdade de xénero.

Este Decreto derroga o anterior de 2004, recollendo e actualizando todos aqueles cambios sociais producidos neses 12 anos e tendo en conta a experiencia aportada por todas as persoas integrantes dos CIM para mellorar os procedementos.

Podemos nomear algunhas das diferenzas:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Dase prioridade ás actividades de prevención, información, asesoramento e loita en xeral contra a violencia de xénero, así como a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ás súas fillas e fillos menores ou maiores dependentes.

– Será prioritaria a atención a mulleres pertencentes a outros colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social.

– Facilitará información, atención e asesoramento a lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais e ás súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais, por contar con persoal especializado nos ámbitos xurídico e psicolóxico e con experiencia na información no acceso aos diversos recursos dispoñibles.

– Establécese a atención universal no ámbito territorial con independencia do concello de procedencia da persoa atendida, establecendo a posibilidade de formalizar convenios de colaboración entre as entidades locais.

Este novo decreto aumentou as funcións do persoal adscrito aos CIM, pero non aumentaron os recursos materiais nin persoais facendo que dende entón teñan numerosas dificultades para atender a todas as persoas que demandan información ou axuda, e deixando nun segundo plano as campañas de concienciación, sensibilización e información xeral sobre a igualdade e contra a violencia machista.

O Centro de Información á Muller de Pontearreas xestionado pola administración local, ten unha poboación de referencia arredor das 55.000 persoas dos concellos da comarca do Condado-Paradanta, que abarca unha superficie sobre 675 km². É Un servizo que atende unha media de 350 persoas ao ano, incluíndo o colectivo LGTBI e que foi aberto coa contratación dunha profesional por parte da Xunta de Galiza e complementado posteriormente con persoal que forma parte do cadro de persoal do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concello de Ponteareas para poder dispoñer de todas as categorías profesionais necesarias. Pese a isto, cando é preciso a colaboración dunha persoa de Traballo Social son as do propio concello as que prestan atención as usuarias sempre que teñan dispoñibilidade.

Pero este servizo básico que ten para a cidadanía un obxectivo de favorecer e impulsar a participación das mulleres ou persoas LGTBI, en igualdade de condicións, na vida política, social e económica do municipio, asesoramento xurídico e apoio psicolóxico, axuda en casos de violencia de xénero, emprego, etc. non sempre dispón dos medios necesarios para acadar a súa finalidade. Hai moitas eivas que fai que se teñan que priorizar os casos máis graves por non dispoñer de recursos suficientes para asumir todo o volume de visitas, información e axuda solicitada.

O pasado día 11 de novembro o Goberno da Xunta anunciaba o Plan integral para a renovación e impulso dos CIM de Galiza en 2025 cun investimento nestes centros que superaba os 6,5 millóns de euros. É dicir, unha subida na partida orzamentaria dun 30,6%, pero onde tan só un 13,6% correspondía á parte destinada para incrementar os salarios do persoal adscrito a este servizo.

Deste xeito, a subvención á que debe optar o concello de Ponteareas por concorrência competitiva non permite contar coa praza de Traballo Social que se precisa para completar o equipo do CIM de Ponteareas. Unha categoría imprescindible para completar o equipo multidisciplinar que permita atender de xeito integral ás persoas usuarias deste servizo e que leva moitos anos sendo solicitada tanto pola Dirección de Ponteareas, como pola Asociación de CIM (ASOCIM) á Secretaría Xeral de Igualdade.

Outra parte da diferenza orzamentaria atópase no programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención da violencia de xénero, que se incrementa nun 30% ata acadar os 650.000 euros. Parece totalmente insuficiente para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poder impulsar con garantía este tipo de campañas tan necesarias, sobre todo na Comarca do Condado-Paradanta, pero que precisa de persoal con horario dispoñible. O resto será destinado a axudas para rehabilitación e melloras nas instalacións dos centros, que en Ponteareas tamén vai vir ben.

Por outra banda requírense medios para a mobilidade que permita atención a persoas que viven lonxe de Ponteareas, dándose unha clara discriminación no servizo para aquelas que residen nas parroquias e tamén en vilas máis pequenas no rural e non teñen transporte público para poder achegarse ata o centro da Vila, ou ben a súa situación persoal impide esta circunstancia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O parlamento insta a Xunta a

1.- Dotar ao CIM de Ponteareas dunha praza de Traballo Social que poida atender ás persoas usuarias deste servizo de xeito continuado e non ter que depender da dispoñibilidade das traballadoras dos Servizos Sociais do Concello.

2.- Dotar dos recursos necesarios ao CIM de Ponteareas para a mobilidade que permita atender ás persoas que viven lonxe de Ponteareas, para que non exista unha discriminación no servizo para aquelas usuarias que teñan o seu enderezo noutras vilas ou parroquias do rural do Condado-Paradanta.

3.- Asumir o custe do salario total das persoas traballadoras que conforman o equipo do CIM de Ponteareas, para que o concello non teña que solicitar as axudas por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concorrenza competitiva todos os anos e acadar así unha estabilidade orzamentaria neste servizo básico para a cidadanía da Comarca do Condado-Paradanta”.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Noa Presas Bergantiños

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 22/11/2024 12:09:01

Noa Presas Bergantiños na data 22/11/2024 12:09:12

Olalla Rodil Fernández na data 22/11/2024 12:09:37





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Dende o Partido Socialista levamos moitos anos reivindicando a necesidade de incorporar o servizo de logopedia no sistema de saúde, en concreto na Atención Primaria.

É un dato obxectivo que nos últimos anos os problemas e trastornos relacionados coa linguaxe e a disfasia aumentaron significativamente, pero este aumento non se tivo en conta polo Servizo Galego de Saúde o que provoca que gran parte da poboación non conte con servizos de logopedia público cando realmente o necesita, ou estes non sexan axeitados.

Este segundo suposto é o que está a acontecer na área sanitaria de Pontevedra- Salnés e que vén sendo obxecto de moitas denuncias como as de 3 nais de menores con problemas de hipoacusia.

Nesta área sanitaria existía un convenio entre o Sergas e o Hospital Quirón Salud de Pontevedra polo que este hospital privado prestaba no seu centro da Merced (Poio) este servizo de logopedia.

Este convenio finaliza no ano 2023 e a partir de aí estes nenos e nenas son atendidos primeiro no Hospital Provincial de Pontevedra, e a partir de outubro de 2024 no Hospital Montecelo.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 14889
Data envío: 22/11/2024 15:51:16.805

Esta atención está a ser moi ineficiente e ineficaz xa que a falla de recursos de logopedia no sistema público provoca unha gran separación entre sesións e a temporalidade (contratados só por 9 meses) e falla de persoal afecta á continuidade e estabilidade das terapias.

Foron moitas as queixas que se presentaron ao Goberno galego sen que se respondese pola súa parte o que provocou que as familias afectadas acudisen á Valedora do Pobo, que fixo propia esta reclamación e requiriu á consellería a información sen recibir tampouco resposta.

No Partido Socialista condenamos esta actitude do Goberno galego que está obrigado a responder ás necesidades da veciñanza e máis nun asunto tan importante coma este, xa que estamos a falar de garantir un dereito tan básico como é unha atención sanitaria pública, digna e de calidade para uns menores que a necesitan.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a garantir un servizo de logopedia axeitado na área sanitaria Pontevedra-Salnés, en concreto evitar a rotación frecuente de terapeutas, que afecta á continuidade e estabilidade das terapias, e a incrementar os recursos para permitir uns tratamentos suficientes e continuados.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 22/11/2024 15:48:46

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51507

@PSdeG



CSV: B6P5TRBGMQyH4y8-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 14889
Data envío: 22/11/2024 15:51:16.805

Elena Espinosa Mangana na data 22/11/2024 15:49:00

Silvia Longueira Castro na data 22/11/2024 15:49:10

José Ramón Gómez Besteiro na data 22/11/2024 15:49:22

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51508

@PSdeG



CSV: B6P5TRBGMQyHAY8-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de restituír as prazas de profesorado de PT e AL eliminadas no presente curso escolar no CEIP Novo Mesoiro da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Novo Mesoiro da Coruña foi inaugurado no curso 2020-2021 para dar a resposta educativa que precisaba un barrio de nova construción como este que acolle a densidade de poboación nova máis alta da cidade.

O reto de garantir a escolarización en educación infantil e primaria no propio barrio foi conseguido despois dunha longa e intensa demanda social e política, ficando aínda pendente dotar o barrio dun instituto para continuar os estudos.

No presente curso as familias deste centro están a evidenciar que a Xunta non está a garantir o dereito á educación en igualdade e equidade ao eliminar prazas de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Esta decisión unilateral do goberno da Xunta non responde ás demandas do propio centro previas ao comezo do curso nin ás reclamacións que se seguen a facer por parte dos pais e nais.

As consecuencias da redución deste profesorado tan necesario para atender as necesidades específicas de aprendizaxe son ben coñecidas: desatención duns 30 nenos e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nenas, mesmo naqueles casos que teñen informe médico que acredita a necesidade de atención específica.

A piques de entrar no remate do primeiro trimestre escolar, o certo é que a Xunta segue a ignorar as necesidades educativas deste centro denegando o PT que fora solicitado a través do programa PROA, unha decisión difícil de comprender á vista da xustificación presentada.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O parlamento insta a Xunta a dotar o CEIP Novo Mesoiro da Coruña do profesorado necesario para atender as NEAE, restituíndo, como mínimo, unha praza de Pedagogía Terapéutica e outra de Atención e Linguaxe presentes neste centro en cursos anteriores”.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 25/11/2024 08:55:07

Cristina Fernández Davila na data 25/11/2024 08:55:26

Olalla Rodil Fernández na data 25/11/2024 08:55:43



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

A Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE) – que leva máis de catro décadas proporcionando asistencia sanitaria aos funcionarios públicos— enfróntase hoxe a unha grave ameaza debido ao intento do Goberno central de desmantelar este sistema.

Esta situación afecta especialmente aos docentes e ás súas familias, xa que o profesorado é o colectivo máis importante dentro desta organización. Só no caso de Galicia estamos a falar dunhas 40.000 persoas, tanto docentes como as súas familias, que reciben asistencia por esta vía.

Neste contexto, aumenta a preocupación e o malestar entre o profesorado galego, que ve como o Goberno central elude, unha vez máis, as súas responsabilidades. Mais o desmantelamento de MUFACE non só afectaría aos seus mutualistas, senón que tería un impacto global sobre o sistema público de saúde, tanto galego como nacional, ao que se terían que incorporar unhas 3 millóns de persoas, e xeraría efectos perversos.

O Goberno central continúa sen concretar os pasos que se van dar para o organización da asistencia sanitaria e, ademais, sen poñer sobre a mesa solucións dialogadas cos Gobernos autonómicos.



Por todo isto, desde o Grupo Popular consideramos que é urxente que adopte as medidas necesarias para dar seguridade a todas as persoas afectadas comezando polo o profesorado, o sector maioritario, que ata agora podía escoller MUFACE para a súa cobertura de saúde.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España, que tome as medidas necesarias para asegurar a continuidade na asistencia sanitaria a todo o colectivo docente adscrito a MUFACE”.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 25/11/2024 10:31:50

Cecilia Vázquez Suárez na data 25/11/2024 10:32:05

Víctor Baladrón Lamas na data 25/11/2024 10:32:17

José Luis Ferro Iglesias na data 25/11/2024 10:32:28

Julio García Comesaña na data 25/11/2024 10:32:42

Patricia García González na data 25/11/2024 10:32:54

Rubén Lorenzo Gómez na data 25/11/2024 10:33:12

Carmen Pomar Tojo na data 25/11/2024 10:33:26

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/11/2024 10:33:41

Raúl Santamaría González na data 25/11/2024 10:33:48



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Jesús Fernández Rosende, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Pablo Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A utilización de bengalas para alertar de situacións de perigo no mar non está exenta de riscos derivados da súa necesaria combustión, tamén son recurso de eficacia limitada no tempo unha vez activado, un residuo que hai que eliminar periódicamente.

Na actualidade, a luz led é obrigatoria nos chalecos, ademais na actualidade, a maioría dos buques que se alonxan da costa, levan balizas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a dirixirse ao Goberno de España, para demandar que por parte da Dirección General de la Marina Mercante, se estude a progresiva substitución das balizas, ou a combinación con outros sistemas luminiscentes de sinalización mais duradeiros e menos contaminantes como os derivados de tecnoloxías led”.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 25/11/2024 10:37:41

Jesús María Fernández Rosende na data 25/11/2024 10:37:59

María Deza Martínez na data 25/11/2024 10:38:10



Miguel Fidalgo Iglesias na data 25/11/2024 10:38:22

Patricia García González na data 25/11/2024 10:38:33

Dolores Hermelo Piñeiro na data 25/11/2024 10:38:47

Paula Mouzo Mas na data 25/11/2024 10:39:00

Pablo Prieto Perille na data 25/11/2024 10:39:15

Raúl Santamaría González na data 25/11/2024 10:39:26

Manuel Santos Costa na data 25/11/2024 10:39:40



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Borja Vereza Fraiz, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Felisa Rodríguez Carrera, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias e Miguel Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O Ano Santo Xacobeo é unha das celebracións máis emblemáticas de Galicia, cun impacto cultural, social e económico incuestionable. Dende o seu establecemento, os Anos Santos serviron como eixo vertebrador para a promoción do Camiño de Santiago, un patrimonio mundial que une a milleiros de peregrinos de diversas culturas e orixes nunha experiencia de fe, espiritualidade e convivencia.

O Xacobeo 2021-2022 foi todo un éxito e servirá como base inspiradora sobre a que traballar de cara ao vindeiro Ano Santo. A pesar da pandemia, no global destes dous anos superouse a entrega de 617.000 Compostelas e, ademais, Galicia rexistrou 10,7 millóns de viaxeiros e 21,5 millóns de noites.

Entre os factores que contribuíron a estes resultados foron importantes os apoios de patrocinadores privados que acompañaron á Xunta de Galicia no desenvolvemento dunha ambiciosa programación que contribuíu a consolidar a oferta turística galega en ámbitos como a cultura, a música, o deporte ou a natureza, entre outros, axudando a diversificar e repartir o efecto do Xacobeo durante todo o ano e por toda Galicia.

Un total de 40 empresas adheríronse ao programa de patrocinio do Ano Santo Xacobeo 2021-2022, o que se traduce nunha aportación total de 28 millóns de euros.

No pasado mes de maio, a iniciativa deste grupo parlamentario acordouse por unanimidade (PNL 539) instar á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España a declaración do Xacobeo 2027 como acontecemento de excepcional interese ao abeiro do previsto Lei 49/2002 de réxime fiscal de entidades sen ánimo de lucro, e de incentivos ao mecenado, e con efectos desde o ano 2025.

Posteriormente, o Pleno do Consello Xacobeo, presidido polo ministro de Cultura, Ernest Urtasun, reunido o 1 de xullo do 2024 no Pazo de Navarra, en Pamplona, nun consello convocado para a preparación do próximo Ano Santo Xacobeo 2027, acordou solicitar ao Ministerio de Cultura a declaración do Ano Santo Xacobeo 2027 como Acontecemento de Excepcional Interese Público (AEIP).



Neste sentido, o Ministerio de Cultura adquiriu o compromiso de promover a inclusión deste AEIP, que abranguería o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2027, no borrador da Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2025, favorecendo así a posta en marcha dun programa específico de beneficios fiscais co obxectivo de facilitar e ampliar a colaboración da sociedade civil.

Rematado case o ano 2024, o Goberno central aínda non ten presentado o proxecto dos Orzamentos Xerais do Estado, e pola súa incompetencia, existe o risco de que esta declaración non sexa realidade a tempo para lograr os obxectivos que se pretenden conseguir.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España que habilite mediante os procedementos que resulten necesarios, que as empresas que desexen patrocinar actividades turísticas ao abeiro do Xacobeo 2027 o poidan facer a partir do 1 de xaneiro de 2025”.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 25/11/2024 10:48:25

Borja Vereza Fraiz na data 25/11/2024 10:48:39

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2024 10:48:55

María Deza Martínez na data 25/11/2024 10:49:02

Miguel Fidalgo Iglesias na data 25/11/2024 10:49:14

Rubén Lorenzo Gómez na data 25/11/2024 10:49:25

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/11/2024 10:49:38

Ángel Rodríguez Conde na data 25/11/2024 10:49:43

Cristina Sanz Arias na data 25/11/2024 10:49:55

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 25/11/2024 10:50:10





Á Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados e deputadas **Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Julio García Comesaña Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Barrera, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereá e Miguel Ángel Viso Diéguez** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de Motivos:

O sector da automoción é un dos piares fundamentais da economía de Vigo e a súa área de influencia, xerando emprego directo e indirecto e consolidando a esta cidade como un referente en innovación e desenvolvemento industrial.

Neste contexto, o proxecto do World Car Center (WCC) antes EA (Edificio de Automoción) concibiuse como un espacio orientado para as empresas, startups, formación, salón de actos, demostradores tecnolóxicos, ademais dun polo de I+D para o impulso da industria automotriz; en definitiva, un espazo destinado a ser un motor de innovación e competitividade.

O World Car Center foi impulsado orixinalmente baixo a dirección da anterior delegada do Estado, Teresa Pedrosa, e asumido polo actual delegado, David Regades, en 2018, co obxectivo de consolidar un centro de referencia en investigación, desenvolvemento e formación no sector da automoción.

O World Car Center, o emblema da automoción viguesa estaba previsto que empezase a construírse no primeiro trimestre do 2020 e tiña que estar terminado en 2021, pero a día de hoxe nin sequera empezou a súa construción, nin nada se sabe da licenza de obra, solicitada polo Consorcio da Zona Franca de Vigo a principios de 2023.

O proxecto custaba inicialmente 14 millóns de euros, aínda que despois, nos orzamentos do Estado elevouse a 17 millóns. O complexo foi obxecto dun concurso restrinxido de arquitectura ao que se convidou a participar aos mellores estudos de España. Houbo 69 candidatos dos que quedaron finalistas catorce. O concurso convocouse no ano 2018, e gañouno o estudo de arquitectura Vaíllo e Irigaray de Pamplona, no ano 2019.

O centro contará con 14.000 metros cadrados. Albergará un vestíbulo para demostracións con pantallas xigantes e a universidade corporativa de CEAGA (a

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





agrupación industrial da automoción). Tamén acollerá a High Tech Auto, que será a primeira incubadora de alta tecnoloxía de Galicia de fomento da innovación e transferencia da tecnoloxía a micropemes da automoción, financiada ao 80% con fondos FEDER. Así mesmo a aceleradora de start-ups da automoción, a Business Factory Auto (BFA) trasladarase a Balaídos desde Porto do Molle para ter espazos adecuados aos seus dous niveis para aceleración e consolidación de empresas emerxentes. Ademais, haberá 1.500 metros de oficinas e laboratorios para instalacións do CTAG, e un novo laboratorio para prototipos ou Fab Lab e unha auténtica smart-factory onde as empresas poderán comprobar os seus procesos a escala real; unha sala de xestión e unha cafetería-restaurante.

Cinco anos despois, as obras non comezaron e pouco se sabe do futuro deste proxecto.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

1. Solicitar información detallada sobre o estado de tramitación do proxecto, cronograma e investimento real previsto.
2. Acelerar os trámites administrativos e a execución das obras do World Car Center de Vigo, co fin de que o proxecto se materialice no menor prazo posible.
3. Garantir o cumprimento do calendario de actuacións para o inicio das obras e a súa finalización, informando periodicamente sobre os avances ás institucións competentes e á cidadanía de Vigo e da súa contorna.
4. Garantir a dotación orzamentaria necesaria para a correcta execución e finalización das infraestruturas do World Car Center, permitindo a súa posta en marcha efectiva como centro de referencia en I+D para a industria automotriz de Vigo e Galicia”

Santiago de Compostela, 25 de novembro 2024.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 25/11/2024 12:29:37

Miguel Fidalgo Iglesias na data 25/11/2024 12:29:53

Julio García Comesaña na data 25/11/2024 12:30:02

Patricia García González na data 25/11/2024 12:30:13

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2024 12:30:28

María Deza Martínez na data 25/11/2024 12:30:39

Rubén Lorenzo Gómez na data 25/11/2024 12:30:52

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/11/2024 12:31:03

Ángel Rodríguez Conde na data 25/11/2024 12:31:17

Cristina Sanz Arias na data 25/11/2024 12:31:27

Borja Vereza Fraiz na data 25/11/2024 12:31:44

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 25/11/2024 12:32:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Silvia Longueira Castro** e **Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O patrimonio cultural de Galicia, material e inmaterial, ten unha relevancia máis que recoñecida no ámbito nacional e mesmo internacional. Tanto no eido da arquitectura e as artes plásticas como no ámbito das letras e o pensamento. Así como naqueles exemplos que mesturaron diferentes pescudas que van desde o pensamento e a escrita, até a música ou a ciencia.

Un bo exemplo disto último o temos naqueles homes e mulleres que conformaron unha das xeracións mellor preparadas deste país e que tiveron que buscar o exilio (exterior ou interior) co estalido da Guerra Civil. O seu traballo, hoxe recollido e analizado en pequenas fundacións, están sustentados na maioría dos casos co esforzo dos concellos e deputacións. Ao tempo que ofrecen unha oferta cultural tanto en cidades como en pequenas vilas nas que xeran boa parte das iniciativas culturais.

Existen tamén outras que comezan a recoller o legado e arquivo de creadores que aportaron feitos diferenciais ao que supón Galicia, e que dan novos pulos culturais, contribuindo ás comunidades nas que se atopan inseridos. E crean importantes focos de acción para as e os artistas actuais xerando accións e liñas de creación. A lista é longa e con desiguais puntos de desenvolvemento: Castelao, Vicente Risco, Luis Seoane, Penzol, Uxío Novoneira, Celso Emilio





Ferreiro, Ramón Cabanillas, Manuel María, Laxeiro, Eugenio Granell, Casa Álvaro Cunqueiro, Otero Pedrayo, Carlos Casares...

Unha longa lista espaxada polo territorio galego e que forman un tecido cultural esforzado e pouco escoitado polos dirixente políticos.

Estas fundacións e centros xeran un importante produto cultural, ben porque traballan na procura de documentación e conservación da mesma, ben porque ademais dese labor arquivística desenvolven un programa de exposicións e actividades singular. Vencellado tanto a propia labor do autor como a súa posta en diálogo co presente actual.

É unha certeza e obviedade que co apoio da Consellería de Cultura de xeito sostido, en programas que ben puideran estar consensuados e dentro dun programa ad hoc, Galicia, sae gañando. A cultura galega, sae gañando. O tecido cultural e os seus compoñentes, saen gañando.

Sería esta unha forma de construír unha marca da cultura galega, que como xá dixemos, está inserta en todo o seu territorio; ademais de dar visibilidade ao traballo de intelectuais e creadores que se ben pode que se lles poña nome e cara, hai un descoñecemento profundo do seu legado.

Por tales motivos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un censo para todas as fundacións e centros de cultura de autor poidan inscribirse para formar parte dun programa conxunto de visibilización promovido pola Consellería de Cultura





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2024 12:54:17
Nº Rexistro: 14930
Data envío: 25/11/2024 12:54:17.318

2. Elaborar desde a Consellería de Cultura un programa de apoio ás decenas de fundacións e centros de cultura de autor que recollen o traballo de senlleiros creadores galegos.
3. Promover un plan de traballo para poñer en valor estes centros e Fundacións que están sostidos na práctica totalidade con fondos municipais e deputacións.

Santiago de Compostela, 25 de novembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 25/11/2024 12:50:53

Julio Abalde Alonso na data 25/11/2024 12:51:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/11/2024 12:51:11

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51523

@PSdeG



CSV: B6P5T8D9nWQyFek5x-g
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados e deputadas **Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Julio García Comesaña, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Barrera, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereá e Miguel Ángel Viso Diéguez** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de Motivos:

O sector da automoción constitúe unha das principais industrias de Galicia e é un pilar estratéxico para a nosa economía, cunha rede consolidada de empresas, provedores, centros de enxeñería e innovación que operan arredor do Clúster de Empresas da Automoción de Galicia (CEAGA). Este sector non só xera moito emprego directo e indirecto, senón que tamén impulsa o desenvolvemento económico e a competitividade na rexión, contribuíndo significativamente ao PIB rexional e reforzando as exportacións.

O programa de apoio ás Agrupacións Empresariais Innovadoras (AEI), lanzado polo Ministerio de Industria y Turismo, ten como obxectivo mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas.

Para iso, prevé apoiar con recursos públicos as estratexias de innovación e competitividade empresarial desenvolvidas polos Grupos Empresariais Innovadores (AEI) que se recoñecen como tales como consecuencia da súa inscrición no Rexistro de Grupos Empresariais Innovadores.

Os tipos de actuacións e proxectos susceptibles de beneficiarse das axudas do programa van desde actuacións de apoio ao funcionamento dos Grupos Empresariais Innovadores, pasando por estudos de viabilidade técnica ata proxectos de Tecnoloxía Dixital (actividades de investigación industrial, de desenvolvemento experimental, innovación en organización ou en procesos).

A presentación de solicitudes comprendeu desde o 8 ao 26 de xullo de 2024.

Galicia acadou financiamento para só 3 proxectos, sendo una das CCAA que menos fondos recibiu (un 5% do total), só por diante de Asturias e La Rioja.

A pesar da relevancia do sector da automoción en Galicia, e de presentar 5 Proxectos a convocatoria, o Clúster de Empresas da Automoción de Galicia (CEAGA) vai recibir 0

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





euros; e dos 8 clusters auto de España só aprobaron 1 proxecto dos 40 presentados. Tratabase de consorcios creados con pemes e non pemes para poñer en marcha todo tipo de solucións tecnolóxicas e innovadores e que a pesares de que os proxectos tiveron una boa valoración, quedaron en lista de espera por falta de financiamento.

Isto resulta especialmente preocupante nun contexto no que a transición cara á mobilidade eléctrica e os cambios nas cadeas de subministración globais requiren unha urxente modernización e adaptación das empresas ás novas demandas do mercado e ás esixencias ambientais. Esta falta de apoio económico para Galicia pode debilitar a competitividade dun sector clave que demostrou a súa capacidade para innovar e crear riqueza na comarca.

Este feito vese agravado pola dotación global de só 10 millóns de euros para todos os clusters a nivel nacional, cando as solicitudes presentadas sumaron 60 millóns de euros, o que pon de manifesto a insuficiencia do orzamento destinado á mellora da competitividade do noso país.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

1. Incrementar significativamente o crédito destinado ao Programa Nacional de Clústeres do sector da automoción, de xeito que se axuste ás necesidades reais do sector, permitindo o financiamento dos proxectos que se presentaron e superen seis veces a dotación orzamentaria inicial.
2. Revisar os criterios de adxudicación de proxectos no marco do devandito programa, garantindo que rexións estratéxicas como Galicia, con forte presenza e capacidade no sector da automoción, reciban o apoio adecuado para seguir liderando proxectos de innovación e modernización.





3. Promover o diálogo constante coas comunidades autónomas e cos clústers sectoriais, xa que non se contou para nada con elas tanto na xestión como no deseño do programa de apoio ás Agrupacións Empresariais Innovadoras (AEI), e polo tanto non se tivo coñecemento das súas demandas, para adecuar os programas de axuda ás realidades e retos específicos de cada rexión, garantindo que a política industrial estatal sexa inclusiva e distribúa os fondos dun xeito máis proporcional, eficiente e coordinado”

Santiago de Compostela, 25 de novembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 25/11/2024 12:56:39

Miguel Fidalgo Iglesias na data 25/11/2024 12:56:55

Patricia García González na data 25/11/2024 12:57:12

Julio García Comesaña na data 25/11/2024 12:57:50

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2024 12:58:01

Cristina Sanz Arias na data 25/11/2024 12:58:08

Ángel Rodríguez Conde na data 25/11/2024 12:58:26

María Deza Martínez na data 25/11/2024 12:58:37

Borja Vereza Fraiz na data 25/11/2024 12:58:48

Rubén Lorenzo Gómez na data 25/11/2024 12:59:03

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/11/2024 12:59:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Miguel Ángel Viso Diéguez na data 25/11/2024 12:59:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas** e dos deputados **Secundino Fernández Fernández e Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre riscos laborais no sector agropecuario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector agropecuario é un dos eidos de traballo con máis riscos laborais, segundo a Organización Internacional do Traballo (OIT), superado só por a construción e a minaría máis, a pesares diso, é o grande esquecido. Presenta uns dos maiores índices de sinistralidade, relacionados coa alta diversidade de tarefas, o traballo con maquinaria pesada e animais ou o uso de produtos fitosanitarios e outras sustancias químicas, onde as condicións ambientais son moi variables e en casos extremas e se requiren unhas elevadas esixencias a nivel físico.

Dentro dos riscos laborais do sector agrogandeiro temos distintas clasificacións, entre as cales están, por exemplo, o factor causante destes, de xeito que diferenciamos os riscos físicos, químicos, biolóxicos, ergonómicos ou psicosociais. No referido aos riscos físicos e ergonómicos, temos encadrados os causados polo calor ou frío extremos, o ruído ou as vibracións, as caídas, golpes ou choques, etc. É tamén nesta categoría onde se engloban riscos dos que se derivan unha serie de trastornos músculoesqueléticos (TME) acompañados de procesos dolorosos tanto a nivel muscular coma articular e que na maioría das ocasións son produto de posturas forzadas ao longo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do tempo e de movementos repetitivos, co manexo de cargas no desenvolvemento da actividade laboral propia do sector.

Hai unha serie de factores que favorecen a aparición destes TME en canto á parte do sector primario que nos ocupa, coma poden ser as actividades relacionadas coa rutina de muxido, da limpeza de instalacións con apeiros de uso manual (camas, comedeiros, corredores, etc.), o uso de pas e forcadás no acomodo de abono ou na retirada do estrume, o reparto de alimento aos animais desfacendo pacas ou descompactando ensilados ou a condución de maquinaria pesada con posturas incorrectas, por exemplo. Este tipo de accións rutineiras dan lugar a lesións, especialmente frecuentes nas traballadoras e traballadores deste sector agrogandeiro, e que acaecen con especial énfase a rexións corporais coma os ombreiros, cóbados, pulsos e mans.

Estes tipos de enfermidades laborais están recollidas no RD 1299/2006 do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen os criterios para a súa notificación e rexistro, dentro do cal, no Anexo 1, se desenvolve o cadro de enfermidades profesionais. É neste cadro onde se especifican varios grupos de enfermidades, entre os cales se atopa o grupo dous, referido as enfermidades profesionais derivadas de axentes físicos.

Ao abeiro do axente D de dito grupo, é onde se encadran as enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo, enfermidades por fatiga e inflamación de vainas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas. Os subaxentes 01, 02 e 03 refírense neste cadro á patoloxía tendinosa crónica de manguito dos rotadores do ombreiro, a epicondilite e epitrocleíte de cóbado e antebrazo e a tendinite do abdutor longo e extensor curto do polgar, tenosinovite estenosante dixital e tenosinovite do extensor longo do primeiro dedo,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procesos que sofren en moitos casos os traballadores/as do sector agrogandeiro e que non se ven reflectidos de xeito explícito na actividade e código de tal anexo, polo cal, queda ao criterio do profesional sanitario que preste atención ao doente discernir se se trata dunha enfermidade profesional ou común e o que isto supón a posteriori para o afectado/a.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O parlamento insta a Xunta a

1. Demandar do goberno do Estado a inclusión no cadro de enfermidades profesionais do Anexo 1 do RD 1299/2006 do 10 de novembro, de xeito explícito dos traballadores/as do sector agrogandeiro na actividade e código correspondente do cadro de enfermidades profesionais do grupo 2, axente D e subaxente 01,02 e 03.

2. Levar a cabo un estudo sobre as enfermidades do sector agrogandeiro galego, que permita analizar as medidas precisas para evitalas ou palialas, coa elaboración de guías de boas prácticas que cheguen a todas as explotacións agrogandeiras rexistradas de xeito rutineiro e anual, comezando no 2025.

3. Elaborar un programa de información a través de xornadas anuais destinadas a agricultores e gandeiros, onde se valoren riscos laborais e medidas preventivas para estes, celebrando xornadas neste senso en zonas de alta carga no sector agrogandeiro”.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Ramón Fernández Alfonzo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 25/11/2024 13:42:56

Sonia Vidal Lamas na data 25/11/2024 13:43:12

Secundino Fernández Fernández na data 25/11/2024 13:44:25

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/11/2024 13:44:46

Ana Pontón Mondelo na data 25/11/2024 13:45:27





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Patricia García González, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de Motivos:

Mediante a *Resolución do 8 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se establecen disposicións de ordenación da pesqueira do abadexo da división CIEM 8C (POL/08C) e na subzona 9 (stock POL/9/3411)* o Goberno central fixaba, por unha banda, unha cota inicial para España do stock POL/08C de 70 Ton, para as campañas dos anos 2024 e 2025. A esta cantidade engadíuselle a flexibilidade interanual da campaña anterior, polo que a cantidade de cota inicial dispoñible era de 70,7 Ton. Establecíase, ademais, a posibilidade de empregar ata o 100% da cota do stock POL/9/3411 en zona 8C (POL/08C), valorándose ata que punto se podería aplicar esta condición especial, non prexudicando á frota autorizada a exercer a pesqueira do abadexo na zona 9.

Por outra banda, respecto á pesqueira de abadexo da zona 9 (POL/9/3411), a *Resolución* marcaba unha cota inicial de 93 Ton, para as campañas dos anos 2024 e 2025; unha cantidade que se viu incrementada coa flexibilidade interanual xerada na campaña anterior, polo que a cantidade de cota inicial dispoñible era de 113,8 Ton.

Asemade, establecía un tope para as capturas de ambos stocks de 10 Kg por buque e día no caso do palangre de fondo no Cantábrico Noroeste e de 5 Kg para o resto das modalidades.

Posteriormente, á vista da evolución do consumo desta especie e á solicitude do sector, a *Resolución* modificouse mediante *Resolución do 23 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral de Pesca*, co fin de flexibilizar a periodicidade dos topes de captura establecidos para as distintas modalidades autorizadas que realizan comunicación electrónica diaria das capturas. Así, aquelas frots que viñan cumprindo con isto, pasaron a ter un tope semanal de 50 e 25 Kg/buque, respectivamente.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Esta modificación tiña a súa base no ditame do Comité Científico, Técnico e Económico de Pesca sobre o impacto socioeconómico de manter os TAC de abadexo na división 8C e as subzonas 9 e 10 do Consello Internacional para a Exploración do Mar (CIEM) e nas augas da UE da división 34.1.1 do CPACO para o ano 2024 no nivel recomendado polo CIEM.

Na súa virtude, o 11 de outubro publicouse o *Regulamento (UE) 2024/2678 do Consello do 10 de outubro de 2024 que modifica o Regulamento (UE) 2024/257 polo que se fixan para 2024, 2025 e 2026 as posibilidades de pesca para determinadas poboacións de peces aplicables en augas da UE e, no caso dos buques pesqueiros da UE, en determinadas augas non pertencentes á UE, e o Regulamento (UE) 2023/194 polo que se fixan para 2023 e 2024 onde se aumentaban os TAC para o ano 2024*. Así, a cota inicial asignada ao stock POL/08C pasaba a ser de 97 Ton e a de POL/9/3411 de 128 Ton. Sen embargo, tal e como recolle o Regulamento, a partir do 1 de outubro de 2024, a cota será exclusiva para capturas accesorias e non se permitirá a pesca dirixida nesta cota.

Como continuidade, o MAPA deu luz verde á *Resolución de 5 de novembro de 2024, de la Secretaría General de Pesca, por la que se modifica la Resolución de 8 de febrero de 2024, de la Secretaría General de Pesca, por la que se establecen disposiciones de ordenación de la pesquería del abadejo (Pollachius pollachius) de la división CIEM 8C (POL/08C) y en la subzona 9 (stock POL/9/3411)*, que establece as cantidades que poderá pescar cada segmento de flota ben por días ou por semanas, establecendo sensíbles diferencias entre estes grupos de barcos, que non favorece á flota costeira artesanal.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

1. Establecer un tope equilibrado de capturas para toda a frota, incluída a costeira artesanal ou de artes menores, de xeito que se teña en conta a dependencia e consumo das cotas por parte de cada frota.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





2. Establecer un tope semanal unificado para toda a frota, evitando agravios comparativos entre os barcos, independentemente da súa eslora e tipoloxía de cumprimento da obriga de declaración de desembarque”.

Santiago de Compostela, 25 de novembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 25/11/2024 16:42:21

Miguel Fidalgo Iglesias na data 25/11/2024 16:42:49

Jesús María Fernández Rosende na data 25/11/2024 16:43:34

Paula Mouzo Mas na data 25/11/2024 16:43:43

Dolores Hermelo Piñeiro na data 25/11/2024 16:43:52

Raúl Santamaría González na data 25/11/2024 16:44:07

María Deza Martínez na data 25/11/2024 16:44:21

Patricia García González na data 25/11/2024 16:44:43

Pablo Prieto Perille na data 25/11/2024 16:44:55

Manuel Santos Costa na data 25/11/2024 16:45:16

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2ª**.

Dende o ano 2020 e tras 25 anos de reivindicacións veciñais a liña 4, que acababa na parroquia de Alba, chega ata a parroquia de Cerponzóns (Pontevedra) incluíndo 3 paradas situadas nos núcleos de Pidre, A Rons e Tilve.

Isto permite á veciñanza desta parroquia desprazarse en transporte público a outras parroquias e a Pontevedra cidade, sen quedar illados como estaban. Pero esta liña de transporte está a presentar problemas dende hai máis dun mes nunha clara discriminación dos veciños desta parroquia respecto das outras.

A irregularidade consiste en que no canto de realizar estes desprazamentos un autobús están a ser realizados por unha furgoneta de 7 prazas que nin cumpre os requisitos de accesibilidade nin ten o tamaño suficiente para asumir a demanda do servizo, e a maiores nin está identificada como tal, o que causa a desconfianza e a confusión dos usuarios, na maioría xente de avanzada idade ou nova.

Os socialistas cremos que o Goberno galego ten que esixir á empresa concesionaria que cumpra as condicións do contrato e entre elas a de dar un trato igualitario, ter uns vehículos accesibles e acondicionados, e suficientemente identificados.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2024 11:38:36
Nº Rexistro: 14966
Data envío: 26/11/2024 11:38:36.397

A veciñanza da parroquia de Cerponzóns xa tardou moitos anos en conseguir ter este servizo para ter que sufrir agora outra discriminación en relación coas súas condicións.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a esixir á empresa concesionaria do servizo de transporte público interurbano de Pontevedra o cumprimento do contrato, en concreto garantir que a liña 4 que dá acceso á parroquia de Cerponzóns sexa cuberta por un autobús que cumpra as condicións legais de accesibilidade e estea debidamente identificado.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/11/2024 11:29:57

Carlos López Font na data 26/11/2024 11:30:08

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/11/2024 11:30:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, a extensión do servizo de hospitalización a domicilio en Sada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Hospitalización a Domicilio do SERGAS foi anunciado pola Xunta de Galiza como un “eixo fundamental na transformación da asistencia sanitaria, por achegar coidados de rango hospitalario ao domicilio do paciente de xeito efectivo e seguro”, debido principalmente ás novas demandas asistenciais dunha poboación máis envellecida, que esixen unha transformación dos servizos sanitarios que permitan que sexan prestados no propio domicilio dos pacientes. O Servizo Galego de Saúde considera que “a hospitalización a domicilio é o modelo de futuro xa que humaniza a atención, permite traballar coordinadamente e leva o hospital alí a onde se necesita”.

O SERGAS, a pesar de que a última estratexia até o momento do Plan Galego de Hospitalización a Domicilio rematou en 2023, ten o obxectivo de potenciar e consolidar este modelo asistencial en todo o país para permitir unha atención máis eficiente a toda a cidadanía. De feito, o presidente Alfonso Rueda anunciou en febreiro deste ano que o SERGAS estendería a todo o territorio galego o Plan de Atención Primaria a Domicilio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na unidade de HADO trátanse os pacientes que terían indicación de estaren ingresados no hospital, mais que cumpren certos criterios para ser atendidos nos seus domicilios. O HADO do CHUAC trata aproximadamente 1.400 pacientes.

O Concello de Sada ten máis de 15.000 habitantes e forma parte da área sanitaria da Coruña-Cee. Na actualidade, na área sanitaria da Coruña-Cee só forman parte deste servizo os concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros.

O Pleno do Concello de Sada acordou demandar a inclusión de Sada no servizo de hospitalización a domicilio do CHUAC que, de acordo con datos da propia Xunta de Galiza, en 2023 atendeu 7.000 cidadáns e cidadás galegas. O 13 de setembro de 2013, aprobárase a seguinte proposición non de lei que se debateu na Comisión 5.^a, a iniciativa das deputadas do Bloque Nacionalista Galego Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Garantir a cobertura de toda a poboación a través da Hospitalización a Domicilio antes do remate da presente lexislatura.

2º.- Dotar aos servizos de Hospitalización a Domicilio dos recursos humanos e materiais precisos para poder garantir o funcionamento do servizo”.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5.^a:

“O parlamento insta o Goberno galego a incluír o Concello de Sada no Servizo de Hospitalización a Domicilio do CHUAC”.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 26/11/2024 13:13:46

Iria Carreira Pazos na data 26/11/2024 13:13:58

María Montserrat Prado Cores na data 26/11/2024 13:14:08

Olalla Rodil Fernández na data 26/11/2024 13:14:22





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Paloma Castro Rey, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª**.

O CEIP Plurilingüe Vilaxoán é un dos centros escolares de carácter público sito no concello de Vilagarcía, conta cun total de 206 alumnos e alumnas, dos cales o 31 % do alumnado pertence ao Departamento de Orientación: alumnado TEA, trastornos condutuais, trastorno xeneralizado do desenvolvemento, grandes dependentes e con altas discapacidades.

Este curso escolar produciuse neste centro un incremento do número de alumnado con necesidades educativas especiais pero a Consellería, a pesar do requirimento, non dotou ao centro do persoal necesario para atender as novas necesidades que se presentan este curso, carecendo do persoal mínimo para cubrir as necesidades e para ofrecer unha mellor e máis axustada atención ao alumnado.

Esta situación, ademais, agravase co feito de que o centro foi excluído do programa PROA+, a pesar de cumprir os requisitos de selección.

O centro tamén conta con dúas prazas de persoal coidador superando a ratio establecida por lei, que é 1 por cada 6, atendendo nestes momentos a 9 alumnos e alumnas por persoa coidadora.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non entendemos porque a Consellería de Educación discrimina a este centro sen dotalo dos recursos necesarios,





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 14979
Data envío: 26/11/2024 16:26:31.160

evidenciando que se a medida que aumentan as necesidades, os recursos non aumentan, e os que hai teñen que ser repartidos entre máis alumnado, se provoca unha sobrecarga de traballo no profesorado e se imposibilita unha educación equitativa e de calidade.

Esta falta de persoal deixa ao alumnado sen os apoios necesarios para un efectivo e real acceso a unha educación digna e inclusiva.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incrementar en dous profesionais máis o profesorado do CEIP de Vilaxoán en Vilagarcía, en concreto un mestre especializado en Pedagogía Terapéutica e un coidador ou coidadora, os cales corresponden por ratio.

Santiago de Compostela, 26 de Novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/11/2024 16:22:01

Julio Abalde Alonso na data 26/11/2024 16:22:10

Silvia Longueira Castro na data 26/11/2024 16:22:24

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/11/2024 16:22:37

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51541

@PSdeG



CSV: BGR1STBDB3W5yBef5Kx37
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

As organizacións sindicais manifestaron o malestar existente entre o persoal aspirante pola proposta de exame sobre a base dos seguintes feitos en relación co proceso selectivo para o ingreso na escala de axentes técnicos en xestión ambiental do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do grupo B, celebrado o día 16 de novembro de 2024:

1. Durante a realización da proba atopáronse erros en respostas, polo que se paralizou o tempo para explicar e corrixilos.
2. Realízanse preguntas sobre normativa sen actualizar como o Pladiga 2023.
3. O tempo de realización do exercicio foi insuficiente para unha proba que supera as 3 horas e con 55 folios de lectura. Esta cuestión xa fora manifestada por esta organización nas alegacións presentadas ás bases do proceso selectivo.
4. O número de preguntas realizadas no exame non gardan unha proporcionalidade entre os temas. Dáselle moito peso a algúns temas e outros apenas se tocan.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2024 10:46:27
Nº Rexistro: 14992
Data envío: 27/11/2024 10:46:27.405

5. O primeiro día de prazo para presentar impugnacións ás preguntas non funcionaba o FIDES, polo que, os aspirantes perderon un día de prazo.

Por iso, as organizacións realizaron unha serie de peticións que comparte o Grupo Parlamentario Socialista, polo que propón a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, de cara a futuros procesos selectivos, evite que acontezan este tipo de feitos e garanta uns procesos selectivos sen incidencias en aras da seguridade xurídica e da tranquilidade das persoas aspirantes que participan nos procesos selectivos.

Parlamento de Galicia, 27 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/11/2024 10:23:57

Lara Méndez López na data 27/11/2024 10:24:09

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2024 10:24:23

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51543

@PSdeG



CSV: B6P5T8D3\$M0Yp5a5g-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

As políticas públicas de memoria democrática son un instrumento chave para promover a defensa dos dereitos humanos e da democracia, creando condicións de pedagogía social que se constitúan en garantías de non repetición.

Aprobada en outubro de 2022, a Lei de memoria democrática é vehículo fundamental para fomentar o coñecemento das etapas democráticas da historia de España e de Galicia e manter a memoria das vítimas do Golpe militar, da Guerra e a Ditadura franquista a través de iniciativas como a retirada dos símbolos desta e a creación dun Censo de Vítimas co obxectivo de rehabilitar a súa memoria e reparar os danos causados.

Esta lei fundaméntase nos principios de verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición, acuñados polos organismos internacionais dos dereitos humanos, así como nos valores democráticos de concordia, convivencia, pluralismo político, defensa dos dereitos humanos, cultura de paz e igualdade entre homes e mulleres. A Lei de memoria democrática vai destinada a toda a sociedade en xeral e, particularmente, a todas as vítimas que sufriron dano físico, moral, psicolóxico ou patrimonial, ou viron menoscabados os seus dereitos fundamentais, como consecuencia de violacións das normas internacionais de dereitos humanos e do dereito internacional humanitario durante o período que abarca o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936, a





posterior guerra e a ditadura, incluíndo o transcorrido ata a entrada en vigor da Constitución de 1978.

Neste sentido é imprescindible que os poderes públicos a través das administracións Estatal, Autonómica e Local leven a cabo políticas públicas dirixidas ao coñecemento da nosa historia e ao fomento da memoria democrática, desenvolvendo as accións precisas de recoñecemento e reparación ás vítimas e establecendo accións pedagóxicas encamiñadas ao coñecemento de feitos pasados co obxectivo da non repetición.

Desde a óptica de facilitar a participación da cidadanía, a través dos seus representantes democraticamente designados, na vida política, económica, cultural e social de Galicia, faise necesaria a constitución do Consello da Memoria Democrática de Galicia.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a constituír, de forma consensuada cos grupos políticos con representación parlamentaria, o Consello da Memoria Democrática de Galicia, como un órgano colexiado, permanente, de participación e de carácter técnico e consultivo, con representación plural da Comunidade, adscrito á Consellería da Presidencia (ou a aquela competente en Memoria Democrática) para o asesoramento, a información, o debate, o estudo e as propostas na defensa e promoción dos dereitos humanos, ao redor da recuperación da memoria democrática e a súa difusión e o recoñecemento institucional e social das persoas asasinadas, desaparecidas, perseguidas e represaliadas durante o Golpe militar, a Guerra e a Ditadura Franquista, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2024 10:48:44
Nº Rexistro: 14997
Data envío: 27/11/2024 10:48:44.515

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/11/2024 10:42:55

Patricia Iglesias Rey na data 27/11/2024 10:43:05

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2024 10:43:18

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51546

@PSdeG



CSV: BGRISJTBGnMBYkE13y%77
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a pobreza das familias con crianzas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe de risco de pobreza e exclusión social do 2023 de Galiza aporta datos que non son positivos, cun crecemento de 50.000 persoas que se atopan nesta situación de precariedade con respecto aos datos anteriores.

Os fogares onde hai presenza de menores superan a media do índice de risco de pobreza e exclusión social en máis de dous puntos porcentuais con respecto ás familias sen crianzas ao seu cargo, chegando ao 27,1% de xeito que se agrava a situación de risco. Segundo os propios informes, a presenza de nenos, nenas e adolescentes é un factor empobrecedor, polo que a atención cara esta parte da poboación debe ser prioritaria por parte do goberno. Esta tendencia dos fogares nos que hai menores repítese cos datos da taxa de privación ou carencia material, social e severa (PMSS), que nestas familias chega ao 10,2%, máis de catro puntos superior que no resto das unidades familiares, dando coma resultado unha media xeral que aumenta segundo os datos de informes anteriores, con cifras de 8,2%.

Deste xeito como chegamos á situación na que os menores de 18 anos son os que máis alto índice de risco ostentan por idades, sen esquecer que a pobreza se perpetúa nunha alta porcentaxe de casos estendéndose dende a infancia e mocidade ata a idade adulta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un dato relevante é que a privación material e social severa máis alta por idades é en nenos, nenas e adolescentes, acadando un 12,4%, que indica a elevada vulnerabilidade desta parte da poboación, onde a media xeral é do 8,2%, cunha subida de dous puntos con respecto ao informe anterior. É evidente que precisamos medidas urxentes e que cheguen á poboación, medidas transversais onde os máis vulnerables sexan o obxectivo, xa que a pobreza aumentaría a máis do dobre (46,6%) sen medidas que traten de paliar, aínda que na actualidade o seu impacto se está vendo reducido.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O parlamento insta a Xunta a:

1. Impulsar un paquete de medidas de nova creación coa correspondente dotación orzamentaria dirixido ás familias con menores ao seu cargo co obxecto de paliar a situación de risco de pobreza e exclusión social e a PMSS que sofren en Galiza.
2. Recuperar a Tarxeta Básica de xeito inmediato para que as familias galegas poidan beneficiarse dela o antes posible debido aos resultados obtidos no informe da rede contra a pobreza da EAPN.
3. Recuperar de xeito inmediato o complemento ao bono social térmico suprimido por parte da Xunta de Galiza tras os resultados do informe da rede contra a pobreza EAPN”.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 27/11/2024 12:16:28

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2024 12:16:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre as contías percibidas polas familias acolledoras galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Observatorio de Dinamización Demográfica de Galiza levou a cabo recentemente un cálculo sobre o custo da crianza de fillos e fillas nas familias galegas, acadando a cifra media final no noso país de 630,34 euros. Se comparamos este resultado co do resto do estado, onde as medias chegan aos 672 euros mensuais, vemos que nos superan en 41 euros.

O investimento sufriu dende 2018, en cifras estatais, un aumento do 14,5% con respecto aos datos do 2022, medrando por enriba da inflación, que no mesmo período medrou un 11,3%, dato que mostra ata que punto se viu encarecida a crianza dos menores para as familias do conxunto do estado e ao que non somos alleos en Galiza. Segundo datos do INE o investimento por crianza aumentou nun 50% nos últimos 20 anos, de xeito que para o 20% da poboación con menos renda, o custo da crianza supera os ingresos mensuais que se perciben directamente, algo que ten como resultado o dato de risco de pobreza e exclusión social galego que no caso das familias con menores ao seu cargo supera un alarmante 27%.

A partir deses datos proporcionados polo Observatorio de Dinamización Demográfica de Galiza coñecemos asemade, que o custo da crianza dos nenos, nenas e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

adolescentes aumenta coa idade destes, partindo dun mínimo de 521 euros mensuais no caso dos bebés ate os 3 anos de idade, de 572 nas crianzas de entre 4 e 6 anos, e de 657 euros mensuais nos nenos e nenas de 7 a 12 anos. O abano de idades onde máis aumenta o custo por crianza ao mes é no caso dos adolescentes de 13 a 17 anos, cando se precisan de media 690 euros segundo o documento que a propia Xunta de Galiza publicou. Para chegar ás conclusións de dito informe tomáronse como referencia as necesidades básicas dos menores, incluíndo alimentación, hixiene, roupa, calzado, etc, garantindo os coidados e a atención necesarias, ao igual que unhas condicións de vida digna nas que poder desenvolverse con normalidade durante a infancia e a adolescencia.

Chama a atención o caso das familias acolledoras galegas, cuxa labor social é de vital importancia para que os nenos, nenas e adolescentes poidan vivir no seo dunha familia e non permanezan durante a súa infancia e adolescencia en centros de acollida de xeito permanente. Estas familias, segundo a propia páxina da Consellería de Política Social, reciben unhas contías económicas destinadas a cubrir as necesidades dos menores que acollen, establecéndose segundo o tipo de acollemento que se leva a cabo pola súa parte. A compensación económica no caso dos acollementos comúns ven clasificada segundo as idades dos menores, distribuíndose en 3 grupos: menores de un ano, de 1 a 3 anos e de 3 a 18 anos de idade. As contías mensuais recibidas respectivamente son de 600 euros, 400 euros e 350 euros no último grupo.

As axudas percibidas polas familias acolledoras para cubrir as necesidades dos menores ao seu cargo, cuxa tutela corresponde á Xunta de Galiza e, polo tanto a todas e todos os galegos, non se corresponden en absoluto coas contías especificadas no informe do Observatorio de Dinamización Demográfica de Galiza, quedando moi escasas especialmente no caso dos nenos maiores de 7 anos e ata a maioría de idade, onde estas familias non perciben nin a metade do que precisan para asegurarlle o benestar óptimo a ditas crianzas, de xeito que as estamos desprotexendo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

economicamente mentres levan a cabo unha función social que é imprescindible, sendo unha parte chave da solución.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O parlamento insta a Xunta a:

1. Adaptar as contías compensatorias que perciben as familias acolledoras por crianza á media de investimento preciso para a crianza de menores cuxo cálculo realizou o Observatorio de Dinamización Demográfica de Galiza.
2. Incrementar a partida orzamentaria de 2025 para os programas de acollemento familiar que se levan a cabo en Galiza ate chegar a duplicalo, fomentando este tipo de acollemento fronte á estadia dos menores en centros residenciais.
3. Favorecer a presenza dun amplo banco de familias acolledoras a través do fomento dos programas de acollemento familiar, asegurando que ningún menor de 3 anos permanece en acollemento residencial máis do tempo estipulado por lei”.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2024

Asdo.: Ariadna Fernández González

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 27/11/2024 17:29:55

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2024 17:30:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a necesaria cesión do antigo local da Cámara Agraria de Bueu ao Concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O local da Cámara Agraria situado no concello de Bueu trátase dun espazo de preto de 150m2 útiles, antano destinado a funcións e actividades relacionadas co sector agrario dentro da localidade de Bueu. Posteriormente, a Cámara Agraria, serviu tamén como espazo para a petición, esencialmente, de permisos de queima para particulares.

É pois, que a cesión deste espazo ao Concello de Bueu é unha reclamación histórica de diferentes gobernos municipais, entendendo a necesidade da cesión de espazos públicos infrautilizados ou directamente en desuso para poñelos a disposición do interese público e de carácter social que este tipo de espazos poden constituír nas diferentes vilas onde se atopan.

Así, diferentes corporacións do Concello de Bueu, concretamente nos anos 1996, 2008 e 2024, solicitaron a cesión deste espazo á Xunta de Galiza sen éxito, a pesar da posibilidade de realizar estas cesións e os antecedentes neste mesmo proceder en diferentes concellos ao longo do país.

Atendendo á necesidade de dispoñer de espazos para usos públicos e sociais, e atendendo tamén ao desuso da actual Cámara Agraria situada no Concello de Bueu, é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lórico e necesario que se chegue a acordos entre as diferentes administracións para lograr este fin.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a dar os pasos necesarios para levar a cabo a cesión do antigo local da Cámara Agraria de Bueu ao Concello.”

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Secundino Fernández Fernández
Deputados do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 28/11/2024 13:19:32

Paulo Ríos Santomé na data 28/11/2024 13:19:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Secundino Fernández Fernández na data 28/11/2024 13:23:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Daniel Pérez López** e da deputada **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre as necesidades do CEIP Canosa-Rus (Coristanco).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Colexio de Educación Infantil e Primaria Canosa-Rus é un centro situado no lugar de A Braña, parroquia de Erbecedo. Este centro educativo radica no Concello bergantiñán de Coristanco. Mais pola súa situación, a cabalo entre dous concellos, da servizo a 143 alumnos de Coristanco e Carballo. Este centro conta cun comedor de xestión directa e recursos para a convivencia escolar, que xiran arredor dun espazo acolledor e ben dotado como é a Leoteca. Tamén cunha ANPA dinámica e comprometida que organiza actividades extraordinarias en horario de tarde, como poden ser xadrez ou multideporte.

No CEIP Canosa-Rus impártense clases de educación infantil (4º, 5º e 6º) máis de educación Primaria (de 1º a 6º), e conta cun equipo de especialistas en inglés, educación física e relixión católica. Tamén cun equipo de profesores e profesoras especialistas en pedagogía terapéutica, audición e linguaxe e un departamento de orientación.

Os recortes sufridos no curso escolar 2023-2024 en diferentes departamentos repercutiron e dificultaron a atención educativa ao alumnado, nomeadamente ás crianzas con necesidades específicas de apoio educativo. A atención á diversidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

resentiuse xa nese curso malia profesionalidade e compromiso de profesorado e equipo directivo e a solidariedade intercentros.

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ten dereito a unha educación inclusiva e de calidade, tal e como se recolle na Orde de 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, publicado no Diario Oficial de Galiza o 26 de outubro de 2021.

A Xunta de Galiza ten polo tanto a obriga de dotar aos centros educativos dos medios humanos e materiais necesarios para atender ao alumnado con necesidades especiais. Mais o Goberno galego incumpre esa obriga legal. E non é esta unha afirmación teórica, senón unha realidade constatada. Porque son moitos os centros de ensino e as comunidades educativas que denuncian de xeito público que a Xunta está a vulnerar de xeito reiterado os dereitos das crianzas con necesidades específicas de apoio educativo. Nomeadamente, nas comarcas da Costa da Morte e de Bergantiños, como aconteceu no comezo do curso pasado en A Laracha (Colexio Otero Pedraio e no Agra de Leborís), en Carballo (Xesús San Luís Romero e IES Alfredo Brañas) ou en Muxía (Virxe da Barca).

Agora, este ano, repítese a historia nas dúas comarcas, e só a mobilización e as protestas das comunidades educativas afectadas provoca a reacción (e rectificación) da Consellería de Educación. Un exemplo ben claro témolo no acontecido co Centro Público Integrado Cabo da Area de Laxe (Bergantiños), que acadou un especialista de Audición e Linguaxe a tempo completo.

As decisións, en forma de recortes, da Consellería de Educación da Xunta de Galiza no curso anterior afectaron negativamente á atención á diversidade no CEIP Canosa-Rus, este ano repítese a situación. Por iso desde a ANPA do centro solicitouse





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da Consellería que se dotase con máis persoal de Audición e Linguaxe para que o alumnado que presenta Necesidades Educativas Especiais (NEE) reciba un número de sesións semanais acorde ás necesidades que presenta. Igual que a equipa directiva, que solicitou da administración competente que se dotase ao centro cun mestre especialista en AL a media xornada.

Mais esas demandas da comunidade educativa non foron atendidas, e este centro precisa unha mestra ou mestre de AL a media xornada e reforzo de profesorado, para así prestar ao alumando a atención á que ten dereito.

Alén das necesidades que atinxen á docencia e ao profesorado, o CEIP Canosa-Rus, precisa dunha actuación integral atendendo ao estado xeral do edificio e das diferentes dependencias. Actuación encamiñada a evitar as numerosas humidades que se aprecian en teitos e paredes, solucionar o problema de goteiras, actuar no estado actual de canalóns e tellado, mudar a instalación eléctrica, actuar no peche perimetral e, co fin de mellorar a eficiencia enerxética, substituír as fiestras actuais.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Dotar ao CEIP Canosa-Rus dun docente especialista en Audición e Linguaxe (AL a media xornada) para garantir a atención do alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE), así como reforzar o equipo docente (profesorado de apoio).

2. Proxectar e executar dentro do 2025 unha actuación integral no CEIP Canosa-Rus ante o estado de deterioro no que se atopa o centro. Nomeadamente, dita actuación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comprenderá actuacións para solucionar os problemas de humidades e goteiras, actuar en canalóns e tellado, instalación eléctrica, fiestras e peche perimetral.”

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2024

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 28/11/2024 17:11:26

Cristina Fernández Davila na data 28/11/2024 17:15:47

Ana Pontón Mondelo na data 28/11/2024 17:15:48





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Julio Ernesto Abalde Alonso, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O concepto de plan único, nace cun obxectivo, trátase de financiar proxectos nos concellos para promover o desenvolvemento local mellorando as infraestruturas e servizos para a cidadanía, busca apoiar aos concellos nas súas iniciativas e necesidades. Promovendo a sustentabilidade financeira e a cooperación intermunicipal.

A Deputación Provincial da Coruña foi a primeira que puxo en marcha esta iniciativa, seguida pola de Lugo e logo Pontevedra, todos elas baixo gobernos Socialistas, agora sumase tamén a deputación de Ourense, que a pesar de resistirse a longo do tempo, ao fin entendeu a súa importancia para o territorio.

Un plan que permita a todos os concellos concorrer en igualdade de condicións, con criterios obxectivos, definidos e transparentes. Para que independentemente quen governe cada un dos concellos todos teñan unha garantía na consecución deses fondos públicos.

Recentemente liamos nos medios de comunicación que os concellos galegos xunto coas deputacións tiñan invertido en obra pública durante os dez primeiros meses deste ano 376,12 millóns de euros. Unha cantidade que supera a inversión da Xunta de Galicia, a pesar de contar cuns orzamentos moi por debaixo do orzamento da Xunta de Galicia, unha cuarta parte dos recursos do que dispón a Xunta de Galicia, 3.500 millóns fronte aos 14.000 da Xunta de





Galicia. Segundo os datos que manexa a Federación Galega da Construción. Realidade que se contrapón coa falla de investimento da Xunta de Galicia.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista temos posto de manifesto en moitas ocasións a situación que viven todos os concellos galegos, asumindo cada vez máis competencias impropias, ou competencias sen recursos para facer fronte ás necesidades dos veciños e veciñas. En moitos casos poñendo en perigo a sustentabilidade financeira e a viabilidade da Administración local.

Co fin de que os concellos poidan ter e saber con que recursos pode contar, para poder planificar e facelo coa capacidade de deseñar políticas máis aló de un mandato, que é o que permite as transformacións dos territorios e, polo tanto, capacidade de crecemento en tódolos ámbitos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia elaborar un plan único autonómico con orzamento suficiente, sen minguar o fondo galego de cooperación, para todos os concellos, con criterios obxectivos, definidos e transparente?
2. Para elaborar as bases da convocatoria, contará a Xunta de Galicia coa Fegamp onde se teña en conta a singularidade dos distintos concellos e que sexa con carácter anual?

Santiago de Compostela, 22 de novembro do 2024

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2024 11:18:30
Nº Rexistro: 14860
Data envío: 22/11/2024 11:18:30.217

Lara Méndez López na data 22/11/2024 11:01:10

Julio Abalde Alonso na data 22/11/2024 11:01:24

Paloma Castro Rey na data 22/11/2024 11:01:35

Patricia Iglesias Rey na data 22/11/2024 11:01:43

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

51563

@PSdeG



CSV: B6P5T8P93Q1R3YpRt0y47
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Iago Suárez Fernández, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre aloxamentos compartidos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O empeoramento no acceso á vivenda ten unha clara compoñente xeracional. Os mozos e mozas de hoxe están padecendo, dun xeito especial, todo un cúmulo de transformacións no mercado inmobiliario posteriores á crise de 2008 que dificultaron aínda máis o acceso a vivenda nos distintos réximes de tenencia.

Os datos evidencian que estamos ante unha crise de emancipación sen precedentes. Segundo o último Informe do Observatorio de emancipación do Consello da Xuventude de España correspondentes ao segundo semestre de 2023, a taxa de emancipación en Galiza sitúase no 16% na franxa de idade de 16 a 29 anos, o que representa un punto menos que na media do Estado. Aínda peor son os datos de emancipación na franxa de idade de 30 a 34 anos, que se sitúa no 64%, o cal nos sitúa á cola do Estado, só superados por Canarias e moi lonxe da media estatal do 71% e da media europea do 82,2%. É dicir, que a crise de emancipación en Galiza esténdese na etapa adulta, cun 36% de mozos entre 30 e 34 anos que non logrou acadar a autonomía, fronte a un 18% de mozos e mozas europeas nesa mesma situación.

Todos os datos evidencian que cada vez resulta máis difícil emanciparse para a mocidade galega, xa que debe facer un esforzo económico maior. A relación entre os salarios e os prezos da vivenda agrávase progresivamente, de forma que o ano pasado o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aluguer dunha vivenda en Galiza representaba xa o 70% do salario mediano dos mozos e mozas de entre 16 e 29 anos e o 55% para a franxa de idade de 30 a 34 anos. Tamén o custe de acceso á vivenda a través da compra é alarmante, xa que alcanza o 60% do salario.

Dende o Bloque Nacionalista Galego vimos formulando a necesidade de procurar solucións de emerxencia e áxiles que afronten este problema de acceso á vivenda de xente moza e da poboación en xeral. Entre as medidas que vimos formulando é a creación de vivendas dotacionais, de forma que as Administracións poidan realizar de forma puntual un aproveitamento de solos destinados a usos e servizos públicos edificando equipamentos residenciais temporais para persoas e familias vulnerables ou en situación de exclusión. Estas vivendas deberán condicionarse ás rendas máis baixas e a colectivos con especial necesidade, como os mozos e mozas.

Esta proposta do BNG foi debatida en diversas ocasións nesta cámara e contou co voto negativo do grupo popular. Porén agora, a través do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, o goberno galego vén de introducir unha proposta que ten algúns paralelismos con esta proposta, pero con modificación substanciais e moitos interrogantes e zonas de sombra.

A través do mencionado Proxecto de Lei introdúcese unha modificación da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia para incorporar unha nova figura de aloxamentos compartidos, destinados a satisfacer necesidades transitorias de vivendas das persoas menores de 36 anos.

Aquí xa se fai patente a primeira diferenza co que viñamos formulando dende o Bloque Nacionalista Galego, xa que defendemos esta fórmula como unha solución non só ligada a unha fórmula adecuada para menores de 36 anos, senón que tamén constitúe unha solución para outras situacións de situación de emerxencia habitacional ou colectivos vulnerables, como por exemplo persoas que precisen de espazos adecuados á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

movilidade reducida. Por tanto que esta figura se introduza a través dunha lei estritamente ligada á xuventude supón unha visión limitada deste instrumento.

En cuanto ás características das vivendas, a nova norma establece que as persoas ou unidades de convivencia disporán dun espazo privativo de 30m² como mínimo, con zonas compartidas como sala común, comedor ou lavandería. Esta definición é tan laxa que non queda garantida a calidade e a dignidade destas vivendas. Esta aposta pode dar paso a un modelo máis semellante a unha residencia de estudantes ao uso, cun espazo privativo mínimo onde a vida cotiá debe facerse en salas e comedores comúns. Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que este instrumento de emerxencia ten que garantir sempre un modelo habitacional digno, cun espazo privativo e cunhas dimensións adecuadas; onde poidan existir determinados usos compartidos, pero onde quede sempre garantido o espazo suficiente para satisfacer a necesidade dun espazo de intimidade, cunha variedade tipolóxica que permita adecuarse ás distintas realidades de unidades de convivencia en menores de 36 anos.

Para alén da incerteza sobre cal vai ser o modelo tipolóxico en que se concretará esta nova norma, tamén quedan relegado a un posterior convenio a definición de aspectos chave como o réxime de xestión e de mantemento dos aloxamentos, deixando así a porta aberta a unha posible privatización. Tampouco se especifican os límites de ingreso para acceder aos aloxamentos, nin os criterios de selección das persoas usuarias.

Outro dos aspectos cuestionables e incertos ten que ver cos períodos de permanencia, xa que de inicio se limita a un máximo de 3 anos, podendo concederse prórrogas até os 7 anos se existen circunstancias especiais, pero que tamén podería ser menor se así se estipula mediante instrumento de colaboración entre o IGVS e a consellería competente en xuventude. Evidentemente os prazos deben atopar un punto de equilibrio entre a necesidade de rotación e a estabilidade necesaria na vida das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas. Nese sentido un máximo xeral de 3 anos parecen un período insuficiente para garantir isto último.

O feito de que estes aloxamentos podan ubicarse en solo de uso dotacional esixe dunha especial precaución na escolla das parcelas e de vocación de adecuación ao modelo urbano, nese sentido o papel da Administración local é chave. Pola contra o que plantea a Xunta de Galiza é a posibilidade de sacar adiante estes proxectos sen ter en conta aos concellos.

Para iso estes proxectos terán a consideración de obras públicas de interese xeral. Unha categoría de novo cuño que tamén se introduciu nesta reforma lexislativa que acompaña os orzamentos. Esta clasificación implica que as obras, tanto de construción como de urbanización non estarán suxeitas a licenza urbanística, nin a ningún dos actos de control preventivo municipal. O IGVS ou a entidade participada maioritariamente polo mesmo apenas debe proceder a aprobar o proxecto de construción e a remitir ao concello a documentación que acredite o cumprimento da normativa urbanística de aplicación. O concello apenas disporá dun prazo dun mes para emitir un informe que se limita á conformidade ou disconformidade coa ordenación vixente, sen que este sexa vinculante.

Isto último convida a unha última reflexión xeral: os aloxamentos dotacionais deben ter unha vontade de paliar unha solución de emerxencia. Deben ser unha medida excepcional ante unha situación excepcional, mais nunca deben constituír unha solución xeneralizada, xa que unha resposta masiva mediante este instrumento pode ser regresiva na medida en que se normaliza unha solución temporal e máis precaria do que a vivenda pública. Esta proposta debe ser unha solución puntual cuantificable, complementaria e harmonizada cunha política de vivenda pública a medio prazo ambiciosa. Porén a falla de instrumentos de ordenación sectorial da vivenda, xunto cunha planificación estratéxica inexistente- o Plan de vivenda 2021-2025 carece de obxectivos específicos e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cuantificables- fai con que o desenvolvemento futuro destes aloxamentos dotacionais sexa unha total incerteza e que se vaia realizar de forma fragmentada, a golpe de anuncios.

Por todo isto consideramos que esta proposta, tal e como está formulada, pode dar lugar a un modelo de vivenda precaria para mozos e mozas, onde non se garanta unha vivenda digna que permita desenvolver unha vida autónoma, con demasiadas incertezas sobre o seu desenvolvemento e onde se evidencia a nula vontade de consensuar cos concellos estes proxectos. Dende o BNG consideramos necesario corrixir e clarificar todos estes aspectos para garantir un modelo de vivendas dotacionais de calidade e públicas.

Con este ritmo de investimento semella realmente complicado que a Xunta acade os cativos obxectivos marcados na súa estratexia.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- Considera a Xunta de Galiza que se garanten as condición mínimas de habitabilidade das vivendas dotacionais?
- Por que a Xunta de Galiza restrinxe este instrumento a menores de 36 anos?
- Como vai lograr a Xunta de Galiza que esas vivendas se adecúan ás distintas realidades sociais, incluso dos menores de 36 anos?
- Vai desenvolver algunhas normativa específica?
- Garante a Xunta de Galiza a xestión pública destes aloxamentos?
- Vai a Xunta de Galiza a consensuar cos concellos a localización destes aloxamentos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que a Xunta de Galiza cre necesario impor aos concellos a creacións destes aloxamentos?

- Cal é a estratexia territorial e planificación do desenvolvemento destes aloxamentos nesta lexislatura?

- Que criterios de sustentabilidade ambiental vai establecer para a construción ou rehabilitación destes edificios?

- Que criterios se van empregar no caso de rehabilitación?

- Que medidas vai pór en marcha para evitar a precarización do parque construído?

- Cantas destas vivendas prevé concluír e adxudicar nesta lexislatura?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Iago Suárez Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 22/11/2024 12:17:34

Iago Suárez Fernández na data 22/11/2024 12:17:39





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2024 12:54:28
Nº Rexistro: 14931
Data envío: 25/11/2024 12:54:28.396

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O patrimonio cultural de Galicia, material e inmaterial, ten unha relevancia máis que recoñecida no ámbito nacional e mesmo internacional. Tanto no eido da arquitectura e as artes plásticas como no ámbito das letras e o pensamento. Así como naqueles exemplos que mesturaron diferentes pescudas que van desde o pensamento e a escrita, até a música ou a ciencia.

Un bo exemplo disto último o temos naqueles homes e mulleres que conformaron unha das xeracións mellor preparadas deste país e que tiveron que buscar o exilio (exterior ou interior) co estalido da Guerra Civil. O seu traballo, hoxe recollido e analizado en pequenas fundacións, están sustentados na maioría dos casos co esforzo dos concellos e deputacións. Ao tempo que ofrecen unha oferta cultural tanto en cidades como en pequenas vilas nas que xeran boa parte das iniciativas culturais.

Existen tamén outras que comezan a recoller o legado e arquivo de creadores que aportaron feitos diferenciais ao que supón Galicia, e que dan novos pulos culturais, contribuindo ás comunidades nas que se atopan inseridos. E crean importantes focos de acción para as e os artistas actuais xerando accións e liñas de creación. A lista é longa e con desiguais puntos de desenvolvemento: Castelao, Vicente Risco, Luis Seoane, Penzol, Uxío Novoneira, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Cabanillas, Manuel María, Laxeiro, Eugenio Granell, Casa Álvaro Cunqueiro, Otero Pedrayo, Carlos Casares...





Unha longa lista espaxada polo territorio galego e que forman un tecido cultural esforzado e pouco escoitado polos dirixentes políticos.

Estas fundacións e centros xeran un importante produto cultural, ben porque traballan na procura de documentación e conservación da mesma, ben porque ademais dese labor arquivístico desenvolven un programa de exposicións e actividades singular. Vencellado tanto a propia labor do autor como a súa posta en diálogo co presente actual.

É unha certeza e obviedade que co apoio da Consellería de Cultura de xeito sostido, en programas que ben puideran estar consensuados e dentro dun programa ad hoc, Galicia, sae gañando. A cultura galega, sae gañando. O tecido cultural e os seus compoñentes, saen gañando.

Sería esta unha forma de construír unha marca da cultura galega, que como xa dixemos, está inserta en todo o seu territorio; ademais de dar visibilidade ao traballo de intelectuais e creadores que se ben pode que se lles poña nome e cara, hai un descoñecemento profundo do seu legado.

Por tales motivos, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Valoran desde a Consellería de Cultura visibilizar e dar apoio ás decenas de fundacións e centros de cultura de autor que recollen o traballo de senlleiros creadores galegos?
2. Ten pensado a Consellería de Cultura abrir un plan de traballo para poñer en valor estes centros e fundacións que están sostidos na práctica totalidade con fondos municipais e deputacións?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2024 12:54:28
Nº Rexistro: 14931
Data envío: 25/11/2024 12:54:28.396

Santiago de Compostela, 25 de novembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 25/11/2024 12:50:20

Julio Abalde Alonso na data 25/11/2024 12:50:30

CSV: B6PIS7B9GKMQJhA9yM7P-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

51572

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o futuro da nova Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 11 de novembro aprobábase no Consello da Xunta a segregación da sociedade anónima pública Xestión do Solo de Galicia- Xestur, S.A., constituída para a realización de actividades urbanísticas A instancia da Consellería de Facenda e Administración Pública adoptábase o *Acordo polo que se autoriza a escisión parcial da sociedade Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A. e a constitución dunha nova sociedade denominada Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. e se aproban os seus estatutos.*

Con data de 19 de novembro tiña lugar a celebración do primeiro consello de Administración da Sociedade de Vivenda Pública de Galiza, cuxa presidencia ostenta a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A decisión de escindir o Xestur prodúcese 7 meses despois de que a reconfiguración do novo executivo xerase un auténtico caos pola fragmentación de competencias relativas á planificación territorial e de vivenda en distintas consellerías. No novo executivo é a Consellería de Economía e Industria a que asumiu a tutela funcional da sociedade pública Xestión do Solo de Galicia- Xestur, S.A, a pesar de que a súa actividade non se limita ao solo empresarial, senón que tamén inclúe o solo residencial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por tanto, durante os 7 últimos meses foi esta Consellería de Economía e Industria quen tivo a tutela funcional sobre o Xestur ao tempo que era a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas quen seguiu levando o impulso do solo residencial do Xestur, como así se verifica nas informacións a medios dos Consellos da Xunta. Esta confusión tamén xerou malestar nos axentes ligados ao solo residencial e á vivenda que deben relacionarse co Xestur ao non atopar unha interlocución clara.

En definitiva, a decisión de escindir o Xestur non é resultado dunha vocación de crear unha nova ferramenta que permita avanzar en materia de vivenda e axilizar o seu funcionamento, como argumentou o presidente da Xunta, senón que é a resposta inevitable ante o caos xerado co novo organigrama.

Unha decisión que ademais chega tarde, xa que nin se adoptou no momento da reconfiguración do goberno, para acompañar as mudanzas competenciais; nin se impulsou antes da presentación dos orzamentos. Isto fai con que os orzamentos para 2025 do Xestur, vinculados á Consellería de Economía e Industria incorporen partidas vinculadas ao solo residencial, que se descoñece como se trasladarán nesta nova situación.

No Proxecto de Escisión Parcial da Sociedade Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A., mediante a Creación dunha Nova Sociedade (Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A.) indícase que a nova sociedade escindida comezará a súa actividade cun balance inicial total de 100,9M€, do total dos 242,5M€ cos que contaba o Xestur, o 41,6% da sociedade inicial. Así o Xestur realiza un traspaso de 100,9M€ en activos (incluíndo efectivo (42,7M€), resto de activos correntes (47,3M€) e activos non correntes (10,7M€)), de 23,8M€ de pasivos e á Sociedade de Vivenda Pública de Galicia. O patrimonio neto da sociedade beneficiaria queda configurado por unha subvención de 1,1M€ (transferida desde a sociedade escindida), capital social (74,8M€) e reservas (973.095 €).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais non se coñece cal será o orzamento e a actividade durante o vindeiro exercicio.

Tampouco se aclara como será a coordinación co IGVS xa que comparten algunhas funcións e converxen no desenvolvemento de obxectivos comúns. Tal e como foi anunciado polo goberno, a promoción de vivendas públicas por parte desta nova sociedade se realizará en paralelo ás impulsadas polo IGVS e tamén se establece a posibilidade de que a nova sociedade dispoña do solo obxecto de cesión polo IGVS ou polos concellos.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- Cales son as diferencias funcionais entre o Xestur e a nova sociedade no relativo ao solo residencial e a promoción de vivenda?
- Cales serán os obxectivos concretos da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia para o ano 2025?
- Que actuacións en materia de solo residencial prevé impulsar no 2025?
- Que actuacións en materia de promoción de vivenda prevé impulsar no 2025?
- Esta prevista algunha modificación futura neste sentido?
- Cal será o financiamento do programa de investimentos e das necesidades de explotación para o ano 2025?
- Cales son as previsións de orzamento de capital da nova sociedade?
- Que investimentos concretos se realizarán durante o 2025?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como se distribuirán as funcións en relación co IGVS nas materias en que comparten atribucións?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 28/11/2024 12:27:23

Luis Bará Torres na data 28/11/2024 12:27:26



A Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Comunidade Autónoma de Galicia acaba de coñecer a apertura por parte da Unión Europea dun expediente de infracción ao Reino de España en materia de residuos por non cumprir os obxectivos de preparación para a reutilización e a reciclaxe de residuos municipais.

Trátase da acta de infracción (2024) 2147 por incumprimento dos obxectivos establecidos na Directiva 2008/98/CE (art.11, apartado 2, letra a) e na Directiva 2012/19/UE (Art.7, apartado 1)

España non está a cumprir cos obxectivos europeos encamiñados a darlle unha segunda vida aos residuos para promover unha economía circular e mesmo, así o recoñece, na carta de resposta enviada á Comisión Europea con data 25 de setembro 2024.



Non cumpre no relativo de aumentar, antes de 2020, como mínimo, ata un 50% global do seu peso a preparación para a reutilización e a reciclaxe de residuos de materiais como o papel, os metais, o plástico e o vidro dos residuos domésticos; e de acadar, a partir de 2019, un índice de recollida mínimo anual do 65 % do peso medio dos Aparatos Eléctricos e Electrónicos (AEE).

Para xustificar estes incumprimentos, o Goberno Central apela a que para alcanzar os obxectivos fixados xa contemplou na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular a creación da taxa do lixo, coñecida como o taxazo municipal, que a partir do 10 de abril de 2025 é unha obriga para todos os concellos.

É unha imposición do Goberno do Estado ás entidades locais, motivada polo seu gran afán recadador. Traslada aos concellos os seus incumprimentos e, o que é peor, a cidadanía será quen pague o resultado da nefasta xestión de Pedro Sánchez.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a apertura por parte da Unión Europea dun expediente de infracción ao Goberno de España en materia de residuos por non cumprir os obxectivos de preparación para a reutilización e a reciclaxe de residuos municipais?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 22/11/2024 10:28:03

Cristina Campero Dorado na data 22/11/2024 10:28:25

María Deza Martínez na data 22/11/2024 10:28:36



José Luis Ferro Iglesias na data 22/11/2024 10:28:48

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/11/2024 10:28:59

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/11/2024 10:29:12

Carmen Pomar Tojo na data 22/11/2024 10:29:25

Roberto Rodríguez Martínez na data 22/11/2024 10:29:40

Katherinie Varela Fernández na data 22/11/2024 10:29:56





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Julio Ernesto Abalde Alonso, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O concepto de plan único, nace cun obxectivo, trátase de financiar proxectos nos concellos para promover o desenvolvemento local mellorando as infraestruturas e servizos para a cidadanía, busca apoiar aos concellos nas súas iniciativas e necesidades. Promovendo a sustentabilidade financeira e a cooperación intermunicipal.

A Deputación Provincial da Coruña foi a primeira que puxo en marcha esta iniciativa, seguida pola de Lugo e logo Pontevedra, todos elas baixo gobernos Socialistas, agora sumase tamén a deputación de Ourense, que a pesar de resistirse a longo do tempo, ao fin entendeu a súa importancia para o territorio.

Un plan que permita a todos os concellos concorrer en igualdade de condicións, con criterios obxectivos, definidos e transparentes. Para que independentemente quen governe cada un dos concellos todos teñan unha garantía na consecución deses fondos públicos.

Recentemente liamos nos medios de comunicación que os concellos galegos xunto coas deputacións tiñan invertido en obra pública durante os dez primeiros meses deste ano 376,12 millóns de euros. Unha cantidade que supera a inversión da Xunta de Galicia, a pesar de contar cuns orzamentos moi por debaixo do orzamento da Xunta de Galicia, unha cuarta parte dos recursos do que dispón a Xunta de Galicia, 3.500 millóns fronte aos 14.000 da Xunta de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2024 11:18:40
Nº Rexistro: 14861
Data envío: 22/11/2024 11:18:40,452

Galicia. Segundo os datos que manexa a Federación Galega da Construción. Realidade que se contrapón coa falla de investimento da Xunta de Galicia.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista temos posto de manifesto en moitas ocasións a situación que viven todos os concellos galegos, asumindo cada vez máis competencias impropias, ou competencias sen recursos para facer fronte ás necesidades dos veciños e veciñas. En moitos casos poñendo en perigo a sustentabilidade financeira e a viabilidade da Administración local.

Co fin de que os concellos poidan ter e saber con que recursos pode contar, para poder planificar e facelo coa capacidade de deseñar políticas máis aló de un mandato, que é o que permite as transformacións dos territorios e, polo tanto, capacidade de crecemento en tódolos ámbitos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia elaborar un plan único autonómico con orzamento suficiente, sen minguar o fondo galego de cooperación, para todos os concellos, con criterios obxectivos, definidos e transparente?

Santiago de Compostela, 22 de novembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 22/11/2024 11:17:31

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51581

@PSdeG



CSV: B6P1S1R9D6&MQjPfe8ys7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2024 11:18:40
Nº Rexistro: 14861
Data envío: 22/11/2024 11:18:40,452

Julio Abalde Alonso na data 22/11/2024 11:17:39

Paloma Castro Rey na data 22/11/2024 11:17:49

Patricia Iglesias Rey na data 22/11/2024 11:17:55

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

51582

@PSdeG



CSV: B6P5TRB9&MQjPp0s7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Iago Suárez Fernández, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre aloxamentos compartidos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O empeoramento no acceso á vivenda ten unha clara compoñente xeracional. Os mozos e mozas de hoxe están padecendo, dun xeito especial, todo un cúmulo de transformacións no mercado inmobiliario posteriores á crise de 2008 que dificultaron aínda máis o acceso a vivenda nos distintos réximes de tenencia.

Os datos evidencian que estamos ante unha crise de emancipación sen precedentes. Segundo o último Informe do Observatorio de emancipación do Consello da Xuventude de España correspondentes ao segundo semestre de 2023, a taxa de emancipación en Galiza sitúase no 16% na franxa de idade de 16 a 29 anos, o que representa un punto menos que na media do Estado. Aínda peor son os datos de emancipación na franxa de idade de 30 a 34 anos, que se sitúa no 64%, o cal nos sitúa á cola do Estado, só superados por Canarias e moi lonxe da media estatal do 71% e da media europea do 82,2%. É dicir, que a crise de emancipación en Galiza esténdese na etapa adulta, cun 36% de mozos entre 30 e 34 anos que non logrou acadar a autonomía, fronte a un 18% de mozos e mozas europeas nesa mesma situación.

Todos os datos evidencian que cada vez resulta máis difícil emanciparse para a mocidade galega, xa que debe facer un esforzo económico maior. A relación entre os salarios e os prezos da vivenda agrávase progresivamente, de forma que o ano pasado o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aluguer dunha vivenda en Galiza representaba xa o 70% do salario mediano dos mozos e mozas de entre 16 e 29 anos e o 55% para a franxa de idade de 30 a 34 anos. Tamén o custe de acceso á vivenda a través da compra é alarmante, xa que alcanza o 60% do salario.

Dende o Bloque Nacionalista Galego vimos formulando a necesidade de procurar solucións de emerxencia e áxiles que afronten este problema de acceso á vivenda de xente moza e da poboación en xeral. Entre as medidas que vimos formulando é a creación de vivendas dotacionais, de forma que as Administracións poidan realizar de forma puntual un aproveitamento de solos destinados a usos e servizos públicos edificando equipamentos residenciais temporais para persoas e familias vulnerables ou en situación de exclusión. Estas vivendas deberán condicionarse ás rendas máis baixas e a colectivos con especial necesidade, como os mozos e mozas.

Esta proposta do BNG foi debatida en diversas ocasións nesta cámara e contou co voto negativo do grupo popular. Porén agora, a través do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, o goberno galego vén de introducir unha proposta que ten algúns paralelismos con esta proposta, pero con modificación substanciais e moitos interrogantes e zonas de sombra.

A través do mencionado Proxecto de Lei introdúcese unha modificación da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia para incorporar unha nova figura de aloxamentos compartidos, destinados a satisfacer necesidades transitorias de vivendas das persoas menores de 36 anos.

Aquí xa se fai patente a primeira diferenza co que viñamos formulando dende o Bloque Nacionalista Galego, xa que defendemos esta fórmula como unha solución non só ligada a unha fórmula adecuada para menores de 36 anos, senón que tamén constitúe unha solución para outras situacións de situación de emerxencia habitacional ou colectivos vulnerables, como por exemplo persoas que precisen de espazos adecuados á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

movilidad reducida. Por tanto que esta figura se introduza a través dunha lei estritamente ligada á xuventude supón unha visión limitada deste instrumento.

En cuanto ás características das vivendas, a nova norma establece que as persoas ou unidades de convivencia disporán dun espazo privativo de 30m² como mínimo, con zonas compartidas como sala común, comedor ou lavandería. Esta definición é tan laxa que non queda garantida a calidade e a dignidade destas vivendas. Esta aposta pode dar paso a un modelo máis semellante a unha residencia de estudantes ao uso, cun espazo privativo mínimo onde a vida cotiá debe facerse en salas e comedores comúns. Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que este instrumento de emerxencia ten que garantir sempre un modelo habitacional digno, cun espazo privativo e cunhas dimensións adecuadas; onde poidan existir determinados usos compartidos, pero onde quede sempre garantido o espazo suficiente para satisfacer a necesidade dun espazo de intimidade, cunha variedade tipolóxica que permita adecuarse ás distintas realidades de unidades de convivencia en menores de 36 anos.

Para alén da incerteza sobre cal vai ser o modelo tipolóxico en que se concretará esta nova norma, tamén quedan relegado a un posterior convenio a definición de aspectos chave como o réxime de xestión e de mantemento dos aloxamentos, deixando así a porta aberta a unha posible privatización. Tampouco se especifican os límites de ingreso para acceder aos aloxamentos, nin os criterios de selección das persoas usuarias.

Outro dos aspectos cuestionables e incertos ten que ver cos períodos de permanencia, xa que de inicio se limita a un máximo de 3 anos, podendo concederse prórrogas até os 7 anos se existen circunstancias especiais, pero que tamén podería ser menor se así se estipula mediante instrumento de colaboración entre o IGVS e a consellería competente en xuventude. Evidentemente os prazos deben atopar un punto de equilibrio entre a necesidade de rotación e a estabilidade necesaria na vida das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas. Nese sentido un máximo xeral de 3 anos parecen un período insuficiente para garantir isto último.

O feito de que estes aloxamentos podan ubicarse en solo de uso dotacional esixe dunha especial precaución na escolla das parcelas e de vocación de adecuación ao modelo urbano, nese sentido o papel da Administración local é chave. Pola contra o que plantea a Xunta de Galiza é a posibilidade de sacar adiante estes proxectos sen ter en conta aos concellos.

Para iso estes proxectos terán a consideración de obras públicas de interese xeral. Unha categoría de novo cuño que tamén se introduciu nesta reforma lexislativa que acompaña os orzamentos. Esta clasificación implica que as obras, tanto de construción como de urbanización non estarán suxeitas a licenza urbanística, nin a ningún dos actos de control preventivo municipal. O IGVS ou a entidade participada maioritariamente polo mesmo apenas debe proceder a aprobar o proxecto de construción e a remitir ao concello a documentación que acredite o cumprimento da normativa urbanística de aplicación. O concello apenas disporá dun prazo dun mes para emitir un informe que se limita á conformidade ou disconformidade coa ordenación vixente, sen que este sexa vinculante.

Isto último convida a unha última reflexión xeral: os aloxamentos dotacionais deben ter unha vontade de paliar unha solución de emerxencia. Deben ser unha medida excepcional ante unha situación excepcional, mais nunca deben constituír unha solución xeneralizada, xa que unha resposta masiva mediante este instrumento pode ser regresiva na medida en que se normaliza unha solución temporal e máis precaria do que a vivenda pública. Esta proposta debe ser unha solución puntual cuantificable, complementaria e harmonizada cunha política de vivenda pública a medio prazo ambiciosa. Porén a falla de instrumentos de ordenación sectorial da vivenda, xunto cunha planificación estratéxica inexistente- o Plan de vivenda 2021-2025 carece de obxectivos específicos e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cuantificables- fai con que o desenvolvemento futuro destes aloxamentos dotacionais sexa unha total incerteza e que se vaia realizar de forma fragmentada, a golpe de anuncios.

Por todo isto consideramos que esta proposta, tal e como está formulada, pode dar lugar a un modelo de vivenda precaria para mozos e mozas, onde non se garanta unha vivenda digna que permita desenvolver unha vida autónoma, con demasiadas incertezas sobre o seu desenvolvemento e onde se evidencia a nula vontade de consensuar cos concellos estes proxectos. Dende o BNG consideramos necesario corrixir e clarificar todos estes aspectos para garantir un modelo de vivendas dotacionais de calidade e públicas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai pór en marcha o goberno para reorientar o modelo de vivendas dotacionais?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Iago Suárez Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 22/11/2024 12:15:42

Iago Suárez Fernández na data 22/11/2024 12:17:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Noa Presas Bergantiños, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as necesidades para mellorar o servizo do Centro de Información á Muller de Pontearreas, referente na Comarca Condado-Paradanta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 130/2016, do 15 de setembro, establece os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller. Configura os CIM como un conxunto de recursos das entidades locais, desde os cales se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Os CIM atenderán todas as mulleres que o demanden, así como calquera persoa, sexa home ou muller, en asuntos relacionados coa promoción social da igualdade de xénero.

Este Decreto derroga o anterior de 2004, recollendo e actualizando todos aqueles cambios sociais producidos neses 12 anos e tendo en conta a experiencia aportada por todas as persoas integrantes dos CIM para mellorar os procedementos.

Podemos nomear algunhas das diferenzas:

– Dase prioridade ás actividades de prevención, información, asesoramento e loita en xeral contra a violencia de xénero, así como a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ás súas fillas e fillos menores ou maiores dependentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Será prioritaria a atención a mulleres pertencentes a outros colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social.

– Facilitará información, atención e asesoramento a lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais e ás súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais, por contar con persoal especializado nos ámbitos xurídico e psicolóxico e con experiencia na información no acceso aos diversos recursos dispoñibles.

– Establécese a atención universal no ámbito territorial con independencia do concello de procedencia da persoa atendida, establecendo a posibilidade de formalizar convenios de colaboración entre as entidades locais.

Este novo decreto aumentou as funcións do persoal adscrito aos CIM, pero non aumentaron os recursos materiais nin persoais facendo que dende entón teñan numerosas dificultades para atender a todas as persoas que demandan información ou axuda, e deixando nun segundo plano as campañas de concienciación, sensibilización e información xeral sobre a igualdade e contra a violencia machista.

O Centro de Información á Muller de Ponteareas xestionado pola administración local, ten unha poboación de referencia arredor das 55.000 persoas dos concellos da comarca do Condado-Paradanta, que abarca unha superficie sobre 675 km². É Un servizo que atende unha media de 350 persoas ao ano, incluíndo o colectivo LGTBI e que foi aberto coa contratación dunha profesional por parte da Xunta de Galiza e complementado posteriormente con persoal que forma parte do cadro de persoal do concello de Ponteareas para poder dispoñer de todas as categorías profesionais necesarias. Pese a isto, cando é preciso a colaboración dunha persoa de Traballo Social son as do propio concello as que prestan atención as usuarias sempre que teñan dispoñibilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero este servizo básico que ten para a cidadanía un obxectivo de favorecer e impulsar a participación das mulleres ou persoas LGTBI, en igualdade de condicións, na vida política, social e económica do municipio, asesoramento xurídico e apoio psicolóxico, axuda en casos de violencia de xénero, emprego, etc. non sempre dispón dos medios necesarios para acadar a súa finalidade. Hai moitas eivas que fai que se teñan que priorizar os casos máis graves por non dispoñer de recursos suficientes para asumir todo o volume de visitas, información e axuda solicitada.

O pasado día 11 de novembro o Goberno da Xunta anunciaba o Plan integral para a renovación e impulso dos CIM de Galiza en 2025 cun investimento nestes centros que superaba os 6,5 millóns de euros. É dicir, unha subida na partida orzamentaria dun 30,6%, pero onde tan só un 13,6% correspondía á parte destinada para incrementar os salarios do persoal adscrito a este servizo.

Deste xeito, a subvención á que debe optar o concello de Ponteareas por concorrência competitiva non permite contar coa praza de Traballo Social que se precisa para completar o equipo do CIM de Ponteareas. Unha categoría imprescindible para completar o equipo multidisciplinar que permita atender de xeito integral ás persoas usuarias deste servizo e que leva moitos anos sendo solicitada tanto pola Dirección de Ponteareas, como pola Asociación de CIM (ASOCIM) á Secretaría Xeral de Igualdade.

Outra parte da diferenza orzamentaria atópase no programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención da violencia de xénero, que se incrementa nun 30% ata acadar os 650.000 euros. Parece totalmente insuficiente para poder impulsar con garantía este tipo de campañas tan necesarias, sobre todo na Comarca do Condado-Paradanta, pero que precisa de persoal con horario dispoñible. O resto será destinado a axudas para rehabilitación e melloras nas instalacións dos centros, que en Ponteareas tamén vai vir ben.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda requírense medios para a mobilidade que permita atención a persoas que viven lonxe de Ponteareas, dándose unha clara discriminación no servizo para aquelas que residen nas parroquias e tamén en vilas máis pequenas no rural e non teñen transporte público para poder achegarse ata o centro da Vila, ou ben a súa situación persoal impide esta circunstancia.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións pensa levar a cabo o Goberno Galego para garantir os recursos necesarios para o correcto funcionamento do CIM en Ponteareas?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Noa Presas Bergantiños

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 22/11/2024 12:22:53

Noa Presas Bergantiños na data 22/11/2024 12:23:03





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Dende o Partido Socialista levamos moitos anos reivindicando a necesidade de incorporar o servizo de logopedia no sistema de saúde, en concreto na Atención Primaria.

É un dato obxectivo que nos últimos anos os problemas e trastornos relacionados coa linguaxe e a disfasia aumentaron significativamente, pero este aumento non se tivo en conta polo Servizo Galego de Saúde o que provoca que gran parte da poboación non conte con servizos de logopedia público cando realmente o necesita, ou estes non sexan axeitados.

Este segundo suposto é o que está a acontecer na área sanitaria de Pontevedra- Salnés e que vén sendo obxecto de moitas denuncias como as de 3 nais de menores con problemas de hipoacusia.

Nesta área sanitaria existía un convenio entre o Sergas e o Hospital Quirón Salud de Pontevedra polo que este hospital privado prestaba no seu centro da Merced (Poio) este servizo de logopedia.

Este convenio finaliza no ano 2023 e a partir de aí estes nenos e nenas son atendidos primeiro no Hospital Provincial de Pontevedra, e a partir de outubro de 2024 no Hospital Montecelo.

Esta atención está a ser moi ineficiente e ineficaz xa que a falla de recursos de logopedia no sistema público provoca unha gran separación entre sesións e a





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 14892
Data envío: 22/11/2024 15:52:09.632

temporalidade (contratados só por 9 meses) e falla de persoal afecta á continuidade e estabilidade das terapias.

Foron moitas as queixas que se presentaron ao Goberno galego sen que se respondese pola súa parte o que provocou que as familias afectadas acudisen á Valedora do Pobo, que fixo propia esta reclamación e requiriu á consellería a información sen recibir tampouco resposta.

No Partido Socialista condenamos esta actitude do Goberno galego que está obrigado a responder ás necesidades da veciñanza e máis nun asunto tan importante coma este, xa que estamos a falar de garantir un dereito tan básico como é unha atención sanitaria pública, digna e de calidade para uns menores que a necesitan.

Ante esta situación as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas vai implementar o Goberno galego para mellorar o servizo de logopedia na área sanitaria Pontevedra-Salnés?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 22/11/2024 15:48:07

Elena Espinosa Mangana na data 22/11/2024 15:48:17

Silvia Longueira Castro na data 22/11/2024 15:48:26

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51594

@PSdeG



CSV: BGRISBQJUM6Dfj4ty9-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a urxencia de restituír as prazas de profesorado de PT e AL eliminadas no presente curso escolar no CEIP Novo Mesoiro da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Novo Mesoiro da Coruña foi inaugurado no curso 2020-2021 para dar a resposta educativa que precisaba un barrio de nova construción como este que acolle a densidade de poboación nova máis alta da cidade.

O reto de garantir a escolarización en educación infantil e primaria no propio barrio foi conseguido despois dunha longa e intensa demanda social e política, ficando aínda pendente dotar o barrio dun instituto para continuar os estudos.

No presente curso as familias deste centro están a evidenciar que a Xunta non está a garantir o dereito á educación en igualdade e equidade ao eliminar prazas de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Esta decisión unilateral do goberno da Xunta non responde ás demandas do propio centro previas ao comezo do curso nin ás reclamacións que se seguen a facer por parte dos pais e nais.

As consecuencias da redución deste profesorado tan necesario para atender as necesidades específicas de aprendizaxe son ben coñecidas: desatención duns 30 nenos e nenas, mesmo naqueles casos que teñen informe médico que acredita a necesidade de atención específica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A piques de entrar no remate do primeiro trimestre escolar, o certo é que a Xunta segue a ignorar as necesidades educativas deste centro denegando o PT que fora solicitado a través do programa PROA, unha decisión difícil de comprender á vista da xustificación presentada.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

- Comprométese o goberno do PP a restituír de inmediato, como mínimo, o profesorado de PT e AL recortado no presente curso escolar no CEIP Novo Mesoiro da Coruña?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 25/11/2024 09:04:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 25/11/2024 09:05:34



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Elena Candia López, Juan Casares Gándara, José Luis Ferro Iglesias, Nicole Grueira Fernández, Argimiro Marnotes Fernández, Jose M. Mato Díaz, Noelia Pérez López, Cristina Sanz Arias, Katherinie Varela Fernández, Miguel Viso Diéguez, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O pasado mes de outubro celebrouse en Nogueira de Ramuín o Congreso Internacional “Fontes-Patrimonio Mundial: coñecemento para conservar”, co fin de impulsar a candidatura de Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial.

Unha candidatura que se evaluará no Consello do Patrimonio Histórico de 2026, e para a que a Xunta de Galicia leva dado xa moitos pasos.

Un dos fitos para esta declaración foi o 31 de decembro de 2018 coa aprobación por parte da Xunta do Bic Ribeira Sacra, que delimita tamén o ámbito da candidatura: 16.471 hectáreas repartidas en 22 municipios das provincias de Ourense e Lugo.

Unha candidatura que co praxe de tódalas administracións implicadas (Xunta, Goberno Central, Deputacións e concellos) retirouse en 2021 co obxectivo de melloralala, reformulala e presentala de novo con tódalas garantías.

En abril de 2024 a 94ª sesión do Consello do Patrimonio Histórico Español, acordou por unanimidade que a Candidatura de Ribeira Sacra sexa a proposta conxunta de España para a súa presentación ante a Unesco e optar así a ser recoñecida como Patrimonio Mundial.

A Xunta está cumprindo rigurosamente cos trámites requeridos dende a Unesco para para conseguir esta declaración.

Así o propio Conselleiro entregou en setembro en París o primeiro avance do expediente da candidatura ao embaixador de España ante a Unesco, Miquel Iceta.



E seguindo coa folla de ruta marcada esa documentación complementouse co envío que fixeron os técnicos do Ministerio de Cultura. E agora estase traballando xa coa versión definitiva, que debe entregarse antes do 1 de febreiro de 2025.

Paralelamente a Xunta está levando a cabo numerosas actuacións no territorio.

Dende o ano 2017, dende que a candidatura empezou a armarse, se inverteron 8 millóns de euros en actuacións en máis de 40 bens patrimoniais.

Un tempo durante o que se executaron mais de 90 actuacións en materia arquitectónica e arqueolóxica en diferentes bens como igrexas, mosteiros, museos, castros, xacementos romanos como os de Proendos, etc..

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das actuacións en materia de conservación e restauración do patrimonio arquitectónico e arqueolóxico da Ribeira Sacra dende que se iniciaron os trámites para a declaración deste territorio como Patrimonio Mundial?.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 25/11/2024 10:11:41

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2024 10:11:58

Víctor Baladrón Lamas na data 25/11/2024 10:12:05



Enrique Barreiro Sánchez na data 25/11/2024 10:12:16

Cristina Campero Dorado na data 25/11/2024 10:12:29

Elena Candia López na data 25/11/2024 10:12:39

Juan Manuel Casares Gándara na data 25/11/2024 10:12:55

José Luis Ferro Iglesias na data 25/11/2024 10:13:06

Nicole Grueira Fernández na data 25/11/2024 10:13:17

Argimiro Marnotes Fernández na data 25/11/2024 10:13:28

José Mato Díaz na data 25/11/2024 10:13:40

Noelia Pérez López na data 25/11/2024 10:13:58

Cristina Sanz Arias na data 25/11/2024 10:14:22

Katherinie Varela Fernández na data 25/11/2024 10:14:35

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 25/11/2024 10:14:45

Julio García Comesaña na data 25/11/2024 10:14:53

Patricia García González na data 25/11/2024 10:15:07

Rubén Lorenzo Gómez na data 25/11/2024 10:15:27

Carmen Pomar Tojo na data 25/11/2024 10:15:44

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/11/2024 10:15:58

Raúl Santamaría González na data 25/11/2024 10:16:05

Cecilia Vázquez Suárez na data 25/11/2024 10:16:20



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Elena Candia López, Juan Casares Gándara, José Luis Ferro Iglesias, Nicole Grueira Fernández, Argimiro Marnotes Fernández, Jose M. Mato Díaz, Noelia Pérez López, Cristina Sanz Arias, Katherinie Varela Fernández, Miguel Viso Diéguez, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O primeiro documento no que se fala de forma oficial de Ribeira Sacra data de hai 900 anos, exactamente do 21 de agosto de 1.124 e asinouno a raíña Tereixa de Portugal.

900 anos que marcan a identidade dun territorio, máis alá da espectacular beleza do mesmo, e que aspira a ser declarado Patrimonio Mundial no ano 2026.

Un dos fitos para esta declaración foi o 31 de decembro de 2018 coa aprobación por parte da Xunta do Bic Ribeira Sacra, que delimita tamén o ámbito da candidatura: 16.471 hectáreas repartidas en 22 municipios das provincias de Ourense e Lugo.

Unha candidatura que co praxe de tódalas administracións implicadas (Xunta, Goberno Central, Deputacións e concellos) retirouse en 2021 co obxectivo de melloralala, reformulala e presentala de novo con tódalas garantías.

Así en abril de 2024 a 94ª sesión do Consello do Patrimonio Histórico Español, acordou por unanimidade que a Candidatura de Ribeira Sacra sexa a proposta conxunta de España para a súa presentación ante a Unesco e optar así a ser recoñecida como Patrimonio Mundial.

A resolución definitiva será no ano 2026 e ata aquelas aínda hai moitos pasos que dar, pero tamén é moito o que a Xunta leva feito.



Entre os actos máis salientables para impulsar a candidatura está o congreso internacional “Fontes-Patrimonio Mundial: coñecemento para conservar, que reuniu a finais de outubro de 2024 en Nogueira de Ramuín a unha trintena de expertos en Patrimonio de diferentes países e comunidades autónomas, xunto a profesionais dos sectores da cultura e do turismo, e que contou con representantes de tódalas institucións, entre eles o embaixador de España ante a Unesco, Miquel Iceta.

Polo exposto, os deputados asinantes , formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a valoración que a Xunta de Galicia fai dos pasos dados ata o momento para a declaración de Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial?.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 25/11/2024 10:22:23

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2024 10:22:46

Víctor Baladrón Lamas na data 25/11/2024 10:22:53

Enrique Barreiro Sánchez na data 25/11/2024 10:25:22

Cristina Campero Dorado na data 25/11/2024 10:25:39

Elena Candia López na data 25/11/2024 10:25:51

Juan Manuel Casares Gándara na data 25/11/2024 10:26:13

José Luis Ferro Iglesias na data 25/11/2024 10:26:27

Nicole Grueira Fernández na data 25/11/2024 10:26:41

Argimiro Marnotes Fernández na data 25/11/2024 10:26:51

José Mato Díaz na data 25/11/2024 10:27:08

Noelia Pérez López na data 25/11/2024 10:27:25

Cristina Sanz Arias na data 25/11/2024 10:27:38



Katherinie Varela Fernández na data 25/11/2024 10:27:52

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 25/11/2024 10:28:04

Julio García Comesaña na data 25/11/2024 10:28:15

Patricia García González na data 25/11/2024 10:28:28

Rubén Lorenzo Gómez na data 25/11/2024 10:28:48

Carmen Pomar Tojo na data 25/11/2024 10:29:06

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/11/2024 10:29:21

Raúl Santamaría González na data 25/11/2024 10:29:28

Cecilia Vázquez Suárez na data 25/11/2024 10:29:42



A Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Viso Diéguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A competitividade empresarial non só é decisiva para acadar o éxito individual das empresas, senón que tamén xoga un papel fundamental no desenvolvemento económico e, polo tanto, social dun país.

Consciente desta realidade o Goberno galego, no ámbito das súas competencias, ademais da boa regulación que demostra a través de iniciativas como a nova Oficina Económica de Galicia e a estabilidade política, favorable para mellorar a acción empresarial, vén impulsando outras actuacións específicas que reverteren na mellora da competitividade.

Referímonos, por exemplo, ás actuacións que está a promover a Consellería de Economía e Industria, para mellorar a competitividade dos equipos directivos das empresas galegas.



Segundo manifestou o propio Goberno galego, o seu obxectivo é dotar ao empresariado e aos equipos de dirección das ferramentas necesarias para enfrontarse aos retos actuais do mercado global e asegurar o crecemento sustentable das empresas galegas, promovendo a profesionalización da xestión empresarial e o desenvolvemento de proxectos innovadores que permitan competir ao tecido empresarial galego tanto a nivel nacional como internacional.

Non obstante, debido ao alcance que poden ter as actuacións na economía galega, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o balance das medidas que está a promover a Consellería de Economía e Industria para mellorar a competitividade dos equipos directivos das empresas galegas?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 25/11/2024 10:45:38

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2024 10:45:59

María Deza Martínez na data 25/11/2024 10:46:08

Miguel Fidalgo Iglesias na data 25/11/2024 10:46:21

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/11/2024 10:46:33

Ángel Rodríguez Conde na data 25/11/2024 10:46:40

Cristina Sanz Arias na data 25/11/2024 10:46:50

Borja Vereza Fraiz na data 25/11/2024 10:47:05

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 25/11/2024 10:47:22





Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

A diabetes é unha enfermidade pola cal os niveis de glicosa en sangue son demasiado altos. Iso pode suceder debido á falta de produción de insulina por parte do organismo, unha hormona producida no páncreas.

É por estes síntomas que os pacientes de diabetes deben monitorizar regularmente os seus niveis de glicosa para saber se precisan administrarse insulina. Tradicionalmente este tratamento sempre resultou tedioso e aparatoso, dificultando aos pacientes facer vida normal.

Grazas aos avances tecnolóxicos foi posible desenvolver sensores que monitorizan os niveis de glicosa dunha maneira menos invasiva e automática.

Arredor do 8% dos galegos padecen esta enfermidade, para a cal a Sociedade Española de Endocrinoloxía e Nutrición recomenda o uso dalgunha tecnoloxía que facilite o control da glicosa, xa que estas tecnoloxías melloran a corresponsabilidade e autocontrol dos pacientes sobre a enfermidade.

Somos coñecedores de que a Xunta comezou a distribuír sensores de glicosa nos fogares dos pacientes diabéticos, que son moi útiles e lle permitirán aos pacientes mellorar a súa calidade de vida.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





-Que valoración fai a Xunta de Galicia do proxecto e-diabetes e como prevé o seu impacto na vida dos pacientes?

Santiago de Compostela, 25 de novembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2024 12:11:49

Raquel Arias Rodríguez na data 25/11/2024 12:12:03

Noelia Pérez López na data 25/11/2024 12:12:19

Víctor Baladrón Lamas na data 25/11/2024 12:12:32

Nicole Grueira Fernández na data 25/11/2024 12:12:49

Dolores Hermelo Piñeiro na data 25/11/2024 12:13:00

Argimiro Marnotes Fernández na data 25/11/2024 12:13:10

Ethel Vázquez Mourelle na data 25/11/2024 12:13:23

Cecilia Vázquez Suárez na data 25/11/2024 12:13:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O patrimonio cultural de Galicia, material e inmaterial, ten unha relevancia máis que recoñecida no ámbito nacional e mesmo internacional. Tanto no eido da arquitectura e as artes plásticas como no ámbito das letras e o pensamento. Así como naqueles exemplos que mesturaron diferentes pescudas que van desde o pensamento e a escrita, até a música ou a ciencia.

Un bo exemplo disto último o temos naqueles homes e mulleres que conformaron unha das xeracións mellor preparadas deste país e que tiveron que buscar o exilio (exterior ou interior) co estalido da Guerra Civil. O seu traballo, hoxe recollido e analizado en pequenas fundacións, están sustentados na maioría dos casos co esforzo dos concellos e deputacións. Ao tempo que ofrecen unha oferta cultural tanto en cidades como en pequenas vilas nas que xeran boa parte das iniciativas culturais.

Existen tamén outras que comezan a recoller o legado e arquivo de creadores que aportaron feitos diferenciais ao que supón Galicia, e que dan novos pulos culturais, contribuindo ás comunidades nas que se atopan inseridos. E crean importantes focos de acción para as e os artistas actuais xerando accións e liñas de creación. A lista é longa e con desiguais puntos de desenvolvemento: Castelao, Vicente Risco, Luis Seoane, Penzol, Uxío Novoneira, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Cabanillas, Manuel María, Laxeiro, Eugenio Granell, Casa Álvaro Cunqueiro, Otero Pedrayo, Carlos Casares...





Unha longa lista espaxada polo territorio galego e que forman un tecido cultural esforzado e pouco escoitado polos dirixentes políticos.

Estas fundacións e centros xeran un importante produto cultural, ben porque traballan na procura de documentación e conservación da mesma, ben porque ademais dese labor arquivístico desenvolven un programa de exposicións e actividades singulares. Vencellado tanto a propia labor do autor como a súa posta en diálogo co presente actual.

É unha certeza e obviedade que co apoio da Consellería de Cultura de xeito sostido, en programas que ben puideran estar consensuados e dentro dun programa ad hoc, Galicia, sae gañando. A cultura galega, sae gañando. O tecido cultural e os seus compoñentes, saen gañando.

Sería esta unha forma de construír unha marca da cultura galega, que como xa dixemos, está inserta en todo o seu territorio; ademais de dar visibilidade ao traballo de intelectuais e creadores que se ben pode que se lles poña nome e cara, hai un descoñecemento profundo do seu legado.

Por tales motivos, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Valoran desde a Consellería de Cultura visibilizar e dar apoio ás decenas de fundacións e centros de cultura de autor que recollen o traballo de senlleiros creadores galegos?

Santiago de Compostela, 25 de novembro do 2024

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2024 12:54:40
Nº Rexistro: 14932
Data envío: 25/11/2024 12:54:40.161

Silvia Longueira Castro na data 25/11/2024 12:52:54

Julio Abalde Alonso na data 25/11/2024 12:53:01

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

51610

@PSdeG



CSV: B6PIS7B93WQYK615X876
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas, Secundino Fernández Fernández e Ramón Fernández Alfonzo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre riscos laborais no sector agropecuario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector agropecuario é un dos eidos de traballo con máis riscos laborais, segundo a Organización Internacional do Traballo (OIT), superado só por a construción e a minaría máis, a pesares diso, é o grande esquecido. Presenta uns dos maiores índices de sinistralidade, relacionados coa alta diversidade de tarefas, o traballo con maquinaria pesada e animais ou o uso de produtos fitosanitarios e outras sustancias químicas, onde as condicións ambientais son moi variables e en casos extremas e se requiren unhas elevadas esixencias a nivel físico.

Dentro dos riscos laborais do sector agrogandeiro temos distintas clasificacións, entre as cales están, por exemplo, o factor causante destes, de xeito que diferenciamos os riscos físicos, químicos, biolóxicos, ergonómicos ou psicosociais. No referido aos riscos físicos e ergonómicos, temos encadrados os causados polo calor ou frío extremos, o ruído ou as vibracións, as caídas, golpes ou choques, etc. É tamén nesta categoría onde se engloban riscos dos que se derivan unha serie de trastornos músculoesqueléticos (TME) acompañados de procesos dolorosos tanto a nivel muscular coma articular e que na maioría das ocasións son produto de posturas forzadas ao longo do tempo e de movementos repetitivos, co manexo de cargas no desenvolvemento da actividade laboral propia do sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai unha serie de factores que favorecen a aparición destes TME en canto á parte do sector primario que nos ocupa, coma poden ser as actividades relacionadas coa rutina de muxido, da limpeza de instalacións con apeiros de uso manual (camas, comedeiros, corredores, etc.), o uso de pas e forçadas no acomodo de abono ou na retirada do estrume, o reparto de alimento aos animais desfacendo pacas ou descompactando ensilados ou a condución de maquinaria pesada con posturas incorrectas, por exemplo. Este tipo de accións rutineiras dan lugar a lesións, especialmente frecuentes nas traballadoras e traballadores deste sector agrogandeiro, e que acaecen con especial énfase a rexións corporais coma os ombreiros, cóbados, pulsos e mans.

Estes tipos de enfermidades laborais están recollidas no RD 1299/2006 do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen os criterios para a súa notificación e rexistro, dentro do cal, no Anexo 1, se desenvolve o cadro de enfermidades profesionais. É neste cadro onde se especifican varios grupos de enfermidades, entre os cales se atopa o grupo dous, referido as enfermidades profesionais derivadas de axentes físicos.

Ao abeiro do axente D de dito grupo, é onde se encadran as enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo, enfermidades por fatiga e inflamación de vainas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas. Os subaxentes 01, 02 e 03 refírense neste cadro á patoloxía tendinosa crónica de manguito dos rotadores do ombreiro, a epicondilite e epitrocleeite de cóbado e antebrazo e a tendinite do abdutor longo e extensor curto do polgar, tenosinovite estenosante dixital e tenosinovite do extensor longo do primeiro dedo, procesos que sofren en moitos casos os traballadores/as do sector agrogandeiro e que non se ven reflectidos de xeito explícito na actividade e código de tal anexo, polo cal, queda ao criterio do profesional sanitario que preste atención ao doente discernir se se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

trata dunha enfermidade profesional ou común e o que isto supón a posteriori para o afectado/a.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Solicitará a Xunta de Galiza no 2025 ao goberno do Estado que as actividades agrogandeiras se inclúan de xeito explícito no RD 1299/2006 do 10 de novembro no cadro do anexo 1 de enfermidades profesionais, nomeando especificamente aos traballadores e traballadoras deste sector no grupo D e subaxente 01, 02 e 03, incluíndoos de xeito claro na actividade e código correspondente?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024

Asdo.: Ariadna Fernández González

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Ramón Fernández Alfonso

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 25/11/2024 13:56:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sonia Vidal Lamas na data 25/11/2024 13:57:17

Secundino Fernández Fernández na data 25/11/2024 13:57:31

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/11/2024 13:57:50





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2024 11:39:27
Nº Rexistro: 14969
Data envío: 26/11/2024 11:39:27.707

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Dende o ano 2020 e tras 25 anos de reivindicacións veciñais a líña 4, que acababa na parroquia de Alba, chega ata a parroquia de Cerponzóns (Pontevedra) incluíndo 3 paradas situadas nos núcleos de Pidre, A Rons e Tilve.

Isto permite á veciñanza desta parroquia desprazarse en transporte público a outras parroquias e a Pontevedra cidade, sen quedar illados como estaban. Pero esta liña de transporte está a presentar problemas dende hai máis dun mes nunha clara discriminación dos veciños desta parroquia respecto das outras.

A irregularidade consiste en que no canto de realizar estes desprazamentos un autobús están a ser realizados por unha furgoneta de 7 prazas que nin cumpre os requisitos de accesibilidade nin ten o tamaño suficiente para asumir a demanda do servizo, e a maiores nin está identificada como tal, o que causa a desconfianza e a confusión dos usuarios, na maioría xente de avanzada idade ou nova.

Os socialistas cremos que o Goberno galego ten que esixir á empresa concesionaria que cumpra as condicións do contrato e entre elas a de dar un trato igualitario, ter uns vehículos accesibles e acondicionados, e suficientemente identificados.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2024 11:39:27
Nº Rexistro: 14969
Data envío: 26/11/2024 11:39:27.707

A veciñanza da parroquia de Cerponzóns xa tardou moitos anos en conseguir ter este servizo para ter que sufrir agora outra discriminación en relación coas súas condicións.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Por que a liña 4 de transporte público interurbano de Pontevedra non está cuberta por un autobús accesible?

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/11/2024 10:35:51

Carlos López Font na data 26/11/2024 10:36:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a extensión do servizo de hospitalización a domicilio en Sada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Hospitalización a Domicilio do SERGAS foi anunciado pola Xunta de Galiza como un “eixo fundamental na transformación da asistencia sanitaria, por achegar coidados de rango hospitalario ao domicilio do paciente de xeito efectivo e seguro”, debido principalmente ás novas demandas asistenciais dunha poboación máis envellecida, que esixen unha transformación dos servizos sanitarios que permitan que sexan prestados no propio domicilio dos pacientes. O Servizo Galego de Saúde considera que “a hospitalización a domicilio é o modelo de futuro xa que humaniza a atención, permite traballar coordinadamente e leva o hospital alí a onde se necesita”.

O SERGAS, a pesar de que a última estratexia até o momento do Plan Galego de Hospitalización a Domicilio rematou en 2023, ten o obxectivo de potenciar e consolidar este modelo asistencial en todo o país para permitir unha atención máis eficiente a toda a cidadanía. De feito, o presidente Alfonso Rueda anunciou en febreiro deste ano que o SERGAS estendería a todo o territorio galego o Plan de Atención Primaria a Domicilio.

Na unidade de HADO trátanse os pacientes que terían indicación de estaren ingresados no hospital, mais que cumpren certos criterios para ser atendidos nos seus domicilios. O HADO do CHUAC trata aproximadamente 1.400 pacientes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Concello de Sada ten máis de 15.000 habitantes e forma parte da área sanitaria da Coruña-Cee. Na actualidade, na área sanitaria da Coruña-Cee só forman parte deste servizo os concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros.

O Pleno do Concello de Sada acordou demandar a inclusión de Sada no servizo de hospitalización a domicilio do CHUAC que, de acordo con datos da propia Xunta de Galiza, en 2023 atendeu 7.000 cidadáns e cidadás galegas. O 13 de setembro de 2013, aprobárase a seguinte proposición non de lei que se debateu na Comisión 5.^a, a iniciativa das deputadas do Bloque Nacionalista Galego Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Garantir a cobertura de toda a poboación a través da Hospitalización a Domicilio antes do remate da presente lexislatura.

2º.- Dotar aos servizos de Hospitalización a Domicilio dos recursos humanos e materiais precisos para poder garantir o funcionamento do servizo”.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego incluír o Concello de Sada no Servizo de Hospitalización a Domicilio do CHUAC?

Santiago de Compostela, 26 de novembro 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 26/11/2024 13:23:54

Iria Carreira Pazos na data 26/11/2024 13:24:08

María Montserrat Prado Cores na data 26/11/2024 13:24:21





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O CEIP Plurilingüe Vilaxoán é un dos centros escolares de carácter público sito no concello de Vilagarcía, conta cun total de 206 alumnos e alumnas, dos cales o 31% do alumnado pertence ao Departamento de Orientación: alumnado TEA, trastornos condutuais, trastorno xeralizado do desenvolvemento, grandes dependentes e con altas discapacidades.

Este curso escolar produciuse neste centro un incremento do número de alumnado con necesidades educativas especiais pero a Consellería, a pesar do requirimento, non dotou ao centro do persoal necesario para atender as novas necesidades que se presentan este curso, carecendo do persoal mínimo para cubrir as necesidades e para ofrecer unha mellor e máis axustada atención ao alumnado.

Esta situación, ademais, agravase co feito de que o centro foi excluído do programa PROA+, a pesar de cumprir os requisitos de selección.

O centro tamén conta con dúas prazas de persoal coidador superando a ratio establecida por lei, que é 1 por cada 6, atendendo nestes momentos a 9 alumnos e alumnas por persoa coidadora.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non entendemos porque a Consellería de Educación discrimina a este centro sen dotalo dos recursos necesarios,





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 14982
Data envío: 26/11/2024 16:27:29.208

evidenciando que se a medida que aumentan as necesidades, os recursos non aumentan, e os que hai teñen que ser repartidos entre máis alumnado, se provoca unha sobrecarga de traballo no profesorado e se imposibilita unha educación equitativa e de calidade.

Esta falta de persoal deixa ao alumnado sen os apoios necesarios para un efectivo e real acceso a unha educación digna e inclusiva.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Por que o Goberno galego discrimina ao CEIP de Vilaxoán de Vilagarcía en relación con outros centros?

Santiago de Compostela, 26 de Novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/11/2024 16:21:08

Julio Abalde Alonso na data 26/11/2024 16:21:18

Silvia Longueira Castro na data 26/11/2024 16:21:34





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2024 10:57:21
Nº Rexistro: 15001
Data envío: 27/11/2024 10:57:21.846

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

As políticas públicas de memoria democrática son un instrumento chave para promover a defensa dos dereitos humanos e da democracia, creando condicións de pedagogía social que se constitúan en garantías de non repetición.

Aprobada en outubro de 2022, a Lei de memoria democrática é vehículo fundamental para fomentar o coñecemento das etapas democráticas da historia de España e de Galicia e manter a memoria das vítimas do Golpe militar, da Guerra e a Ditadura franquista a través de iniciativas como a retirada dos símbolos desta e a creación dun Censo de Vítimas co obxectivo de rehabilitar a súa memoria e reparar os danos causados.

Esta lei fundaméntase nos principios de verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición, acuñados polos organismos internacionais dos dereitos humanos, así como nos valores democráticos de concordia, convivencia, pluralismo político, defensa dos dereitos humanos, cultura de paz e igualdade entre homes e mulleres. A Lei de memoria democrática vai destinada a toda a sociedade en xeral e, particularmente, a todas as vítimas que sufriron dano físico, moral, psicolóxico ou patrimonial, ou viron menoscabados os seus dereitos fundamentais, como consecuencia de violacións das normas internacionais de dereitos humanos e do dereito internacional humanitario durante o período que abarca o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936, a





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2024 10:57:21
Nº Rexistro: 15001
Data envío: 27/11/2024 10:57:21.846

posterior guerra e a ditadura, incluíndo o transcorrido ata a entrada en vigor da Constitución de 1978.

Neste sentido é imprescindible que os poderes públicos a través das administracións Estatal, Autonómica e Local leven a cabo políticas públicas dirixidas ao coñecemento da nosa historia e ao fomento da memoria democrática, desenvolvendo as accións precisas de recoñecemento e reparación ás vítimas e establecendo accións pedagóxicas encamiñadas ao coñecemento de feitos pasados co obxectivo da non repetición.

Desde a óptica de facilitar a participación da cidadanía, a través dos seus representantes democraticamente designados, na vida política, económica, cultural e social de Galicia, faise necesaria a constitución do Consello da Memoria Democrática de Galicia.

Por iso, os deputados que asinan preguntan:

Vai este goberno constituír o Consello da Memoria Democrática de Galicia como xa fixeron outras CC.AA?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/11/2024 10:44:19

Patricia Iglesias Rey na data 27/11/2024 10:44:29

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51623

@PSdeG



CSV: B6P1S1R8D3G3M6D7H4E5XJ-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a pobreza das familias con crianzas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe de risco de pobreza e exclusión social do 2023 de Galiza aporta datos que non son positivos, cun crecemento de 50.000 persoas que se atopan nesta situación de precariedade con respecto aos datos anteriores.

Os fogares onde hai presenza de menores superan a media do índice de risco de pobreza e exclusión social en máis de dous puntos porcentuais con respecto ás familias sen crianzas ao seu cargo, chegando ao 27,1% de xeito que se agrava a situación de risco. Segundo os propios informes, a presenza de nenos, nenas e adolescentes é un factor empobrecedor, polo que a atención cara esta parte da poboación debe ser prioritaria por parte do goberno. Esta tendencia dos fogares nos que hai menores repítese cos datos da taxa de privación ou carencia material, social e severa (PMSS), que nestas familias chega ao 10,2%, máis de catro puntos superior que no resto das unidades familiares, dando coma resultado unha media xeral que aumenta segundo os datos de informes anteriores, con cifras de 8,2%.

Deste xeito como chegamos á situación na que os menores de 18 anos son os que máis alto índice de risco ostentan por idades, sen esquecer que a pobreza se perpetúa nunha alta porcentaxe de casos estendéndose dende a infancia e mocidade ata a idade adulta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un dato relevante é que a privación material e social severa máis alta por idades é en nenos, nenas e adolescentes, acadando un 12,4%, que indica a elevada vulnerabilidade desta parte da poboación, onde a media xeral é do 8,2%, cunha subida de dous puntos con respecto ao informe anterior. É evidente que precisamos medidas urxentes e que cheguen á poboación, medidas transversais onde os máis vulnerables sexan o obxectivo, xa que a pobreza aumentaría a máis do dobre (46,6%) sen medidas que traten de paliar, aínda que na actualidade o seu impacto se está vendo reducido.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas de nova creación se impulsarán desde a Xunta de Galiza para paliar o aumento do risco de pobreza e exclusión social e da PMSS que sofren as familias con menores ao seu cargo?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 27/11/2024 12:26:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2024 12:26:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as contías percibidas polas familias acolledoras galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Observatorio de Dinamización Demográfica de Galiza levou a cabo recentemente un cálculo sobre o custo da crianza de fillos e fillas nas familias galegas, acadando a cifra media final no noso país de 630,34 euros. Se comparamos este resultado co do resto do estado, onde as medias chegan aos 672 euros mensuais, vemos que nos superan en 41 euros.

O investimento sufriu dende 2018, en cifras estatais, un aumento do 14,5% con respecto aos datos do 2022, medrando por enriba da inflación, que no mesmo período medrou un 11,3%, dato que mostra ata que punto se viu encarecida a crianza dos menores para as familias do conxunto do estado e ao que non somos alleos en Galiza. Segundo datos do INE o investimento por crianza aumentou nun 50% nos últimos 20 anos, de xeito que para o 20% da poboación con menos renda, o custo da crianza supera os ingresos mensuais que se perciben directamente, algo que ten como resultado o dato de risco de pobreza e exclusión social galego que no caso das familias con menores ao seu cargo supera un alarmante 27%.

A partir deses datos proporcionados polo Observatorio de Dinamización Demográfica de Galiza coñecemos asemade, que o custo da crianza dos nenos, nenas e adolescentes aumenta coa idade destes, partindo dun mínimo de 521 euros mensuais no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

caso dos bebés ate os 3 anos de idade, de 572 nas crianzas de entre 4 e 6 anos, e de 657 euros mensuais nos nenos e nenas de 7 a 12 anos. O abano de idades onde máis aumenta o custo por crianza ao mes é no caso dos adolescentes de 13 a 17 anos, cando se precisan de media 690 euros segundo o documento que a propia Xunta de Galiza publicou. Para chegar ás conclusións de dito informe tomáronse como referencia as necesidades básicas dos menores, incluíndo alimentación, hixiene, roupa, calzado, etc, garantindo os coidados e a atención necesarias, ao igual que unhas condicións de vida digna nas que poder desenvolverse con normalidade durante a infancia e a adolescencia.

Chama a atención o caso das familias acolledoras galegas, cuxa labor social é de vital importancia para que os nenos, nenas e adolescentes poidan vivir no seo dunha familia e non permanezan durante a súa infancia e adolescencia en centros de acollida de xeito permanente. Estas familias, segundo a propia páxina da Consellería de Política Social, reciben unhas contías económicas destinadas a cubrir as necesidades dos menores que acollen, establecéndose segundo o tipo de acollemento que se leva a cabo pola súa parte. A compensación económica no caso dos acollementos comúns ven clasificada segundo as idades dos menores, distribuíndose en 3 grupos: menores de un ano, de 1 a 3 anos e de 3 a 18 anos de idade. As contías mensuais recibidas respectivamente son de 600 euros, 400 euros e 350 euros no último grupo.

As axudas percibidas polas familias acolledoras para cubrir as necesidades dos menores ao seu cargo, cuxa tutela corresponde á Xunta de Galiza e, polo tanto a todas e todos os galegos, non se corresponden en absoluto coas contías especificadas no informe do Observatorio de Dinamización Demográfica de Galiza, quedando moi escasas especialmente no caso dos nenos maiores de 7 anos e ata a maioría de idade, onde estas familias non perciben nin a metade do que precisan para asegurarlle o benestar óptimo a ditas crianzas, de xeito que as estamos desprotexendo economicamente mentres levan a cabo unha función social que é imprescindible, sendo unha parte chave da solución.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que non se adaptan as contías compensatorias que reciben as familias acolledoras nos acollementos comúns de nenos, nenas e adolescentes aos datos de investimento medio mensual por crianza que revela o informe do Observatorio de Dinamización Demográfica de Galiza?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 27/11/2024 17:42:18

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2024 17:42:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de a Xunta atender as conclusións da VIII Conxuntura estatística do ámbito cultural elaborado polo Consello da Cultura Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Cultura Galega publicou neste mes de novembro os datos de avaliación relativos á *VIII Conxuntura estatística do ámbito cultural* na que repasa os principais indicadores do sector ao longo de 2023.

O marco xeral das conclusións deste informe é o da estabilidade fronte ao crecemento dos últimos anos.

Neste sentido, cómpre destacar unha pequena baixada nos datos de emprego cultural, certa estabilización nos datos de afiliación á Seguridade Social logo duns anos de crecemento importante, dependencia da estacionalización concentrada nos meses de primavera e verán, o sector editorial presenta unha produción media por editorial moi inferior á estatal e onde o papel das traducións ao galego é cada vez menor.

Asemade, entre as conclusións do estudo do CCG recóllese que a respecto do gasto dos fogares galegos en produtos e servizos culturais, se aprecia unha contracción do gasto en ocio e cultura.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai impulsar o goberno da Xunta para dar resposta ás conclusións do VIII Conxuntura estatística do ámbito cultural?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/11/2024 18:19:25

Daniel Castro García na data 27/11/2024 18:19:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias e Rosana Pérez Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a valoración da campaña “Galicia sabe Amar” de promoción do consumo de peixe e outros produtos do mar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O consumo de peixe e marisco caeu un 24% nos últimos 10 anos en Galiza. Un de cada 10 fogares galego non consumen proteína mariña en todo o mes e o principal causa deste descenso no consumo de peixe é o incremento do seu prezo nun 26,6%. Antes da pandemia o prezo medio por quilo estaba en 7,9€ e na actualidade é de 10€.

Esta suba de prezos reduce a capacidade de gasto das familias galegas impedíndolles o acceso a un alimento esencial para unha dieta sa e equilibrada. Un descenso no consumo de peixe vai incidir negativamente na saúde das galegas e dos galegos e como consecuencia incrementárase o gasto sanitarios

Ademais esta caída no consumo de produtos do mar afecta ao sector da pesca galego, un sector estratéxico na Galiza que non pasa precisamente por bos momentos debido ás `políticas restritivas e á falta de apoio das distintas administracións.

Para frear esta deriva o sector demanda medidas de apoio e de incentivación ao consumo de peixe e outros produtos do mar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nese sentido o Goberno Galego e o Goberno do Estado, así como o propio sector, puxeron en marcha campañas de promoción dos produtos do mar.

En 2021 a Xunta de Galicia lanzou a campaña “Galicia sabe AMAR” co obxectivo de fomentar o consumo de peixe e marisco entre a cidadanía.

No ano 2023 púxose en marcha unha nova edición desta campaña con un programa de rutas nas que catro foodtrucks ofrecerán degustación de produtos do mar en concello galegos e do resto do Estado.

Na actualidade está en marcha unha nova edición desta campaña que se desenvolverá durante 20 meses de 2024 e 2025 e na que se incrementa o orzamento e o número de concellos a visitar e de degustacións que ofrecer.

Dada a importancia da promoción do consumo de peixe e marisco, tanto para a saúde das galegas e dos galegos como para o futuro do sector do mar, é preciso facer unha avaliación dos resultados das campañas que para tal fin se poñan en marcha e que estes resultados se fagan públicos para o coñecemento de toda a cidadanía.

Até o momento a Consellería do Mar non deu a coñecer os resultados do programa “Galicia sabe AMAR” das anteriores edicións, polo que non se coñece que repercusións tivo o consumo de produtos do mar na dieta das familias galegas, nin que retorno tivo para o sector do mar, especialmente para a flota pesqueira .

Así mesmo é importante que no desenvolvemento destas campañas se impliquen todas as administracións, no caso de Galicia a Xunta debería trasladarlle ás corporacións municipais a necesidade de participar nesta campaña co seu apoio para que a cidadanía perciba a importancia da mensaxe destas campañas e da necesidade de consumir produtos do mar para a súa saúde e para apoiar ao sector do mar galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten avaliado o Goberno Galego os resultados da campaña “Galicia sabe AMAR”, de promoción e incentivacións ao consumo de produtos do mar, para coñecer o retorno que tivo para o sector do mar?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 28/11/2024 10:27:36

Rosana Pérez Fernández na data 28/11/2024 10:27:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Secundino Fernández Fernández, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesaria cesión do antigo local da Cámara Agraria de Bueu ao Concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O local da Cámara Agraria situado no concello de Bueu trátase dun espazo de preto de 150m2 útiles, antano destinado a funcións e actividades relacionadas co sector agrario dentro da localidade de Bueu. Posteriormente, a Cámara Agraria, serviu tamén como espazo para a petición, esencialmente, de permisos de queima para particulares.

É pois, que a cesión deste espazo ao Concello de Bueu é unha reclamación histórica de diferentes gobernos municipais, entendendo a necesidade da cesión de espazos públicos infrautilizados ou directamente en desuso para poñelos a disposición do interese público e de carácter social que este tipo de espazos poden constituír nas diferentes vilas onde se atopan.

Así, diferentes corporacións do Concello de Bueu, concretamente nos anos 1996, 2008 e 2024, solicitaron a cesión deste espazo á Xunta de Galiza sen éxito, a pesar da posibilidade de realizar estas cesións e os antecedentes neste mesmo proceder en diferentes concellos ao longo do país.

Atendendo á necesidade de dispoñer de espazos para usos públicos e sociais, e atendendo tamén ao desuso da actual Cámara Agraria situada no Concello de Bueu, é lóxico e necesario que se chegue a acordos entre as diferentes administracións para lograr este fin.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que pasos, e en que prazos, vai dar a Xunta de Galiza para atender a demanda histórica do Concello de Bueu para levar a cabo a cesión do local da Cámara Agraria hoxe en desuso?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Secundino Fernández Fernández
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 28/11/2024 13:23:32

Secundino Fernández Fernández na data 28/11/2024 13:23:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as necesidades do CEIP Canosa-Rus (Coristanco).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Colexio de Educación Infantil e Primaria Canosa-Rus é un centro situado no lugar de A Braña, parroquia de Erbecedo. Este centro educativo radica no Concello bergantiñán de Coristanco. Mais pola súa situación, a cabalo entre dous concellos, da servizo a 143 alumnos de Coristanco e Carballo. Este centro conta cun comedor de xestión directa e recursos para a convivencia escolar, que xiran arredor dun espazo acolledor e ben dotado como é a Leoteca. Tamén cunha ANPA dinámica e comprometida que organiza actividades extraordinarias en horario de tarde, como poden ser xadrez ou multideporte.

No CEIP Canosa-Rus impártense clases de educación infantil (4º, 5º e 6º) máis de educación Primaria (de 1º a 6º), e conta cun equipo de especialistas en inglés, educación física e relixión católica. Tamén cun equipo de profesores e profesoras especialistas en pedagogía terapéutica, audición e linguaxe e un departamento de orientación.

Os recortes sufridos no curso escolar 2023-2024 en diferentes departamentos repercutiron e dificultaron a atención educativa ao alumnado, nomeadamente ás crianzas con necesidades específicas de apoio educativo. A atención á diversidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

resentiuse xa nese curso malia profesionalidade e compromiso de profesorado e equipo directivo e a solidariedade intercentros.

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ten dereito a unha educación inclusiva e de calidade, tal e como se recolle na Orde de 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, publicado no Diario Oficial de Galiza o 26 de outubro de 2021.

A Xunta de Galiza ten polo tanto a obriga de dotar aos centros educativos dos medios humanos e materiais necesarios para atender ao alumnado con necesidades especiais. Mais o Goberno galego incumpre esa obriga legal. E non é esta unha afirmación teórica, senón unha realidade constatada. Porque son moitos os centros de ensino e as comunidades educativas que denuncian de xeito público que a Xunta está a vulnerar de xeito reiterado os dereitos das crianzas con necesidades específicas de apoio educativo. Nomeadamente, nas comarcas da Costa da Morte e de Bergantiños, como aconteceu no comezo do curso pasado en A Laracha (Colexio Otero Pedraio e no Agra de Leborís), en Carballo (Xesús San Luís Romero e IES Alfredo Brañas) ou en Muxía (Virxe da Barca).

Agora, este ano, repítese a historia nas dúas comarcas, e só a mobilización e as protestas das comunidades educativas afectadas provoca a reacción (e rectificación) da Consellería de Educación. Un exemplo ben claro témolo no acontecido co Centro Público Integrado Cabo da Area de Laxe (Bergantiños), que acadou un especialista de Audición e Linguaxe a tempo completo.

As decisións, en forma de recortes, da Consellería de Educación da Xunta de Galiza no curso anterior afectaron negativamente á atención á diversidade no CEIP Canosa-Rus, este ano repítese a situación. Por iso desde a ANPA do centro solicitouse





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da Consellería que se dotase con máis persoal de Audición e Linguaxe para que o alumnado que presenta Necesidades Educativas Especiais (NEE) reciba un número de sesións semanais acorde ás necesidades que presenta. Igual que a equipa directiva, que solicitou da administración competente que se dotase ao centro cun mestre especialista en AL a media xornada.

Mais esas demandas da comunidade educativa non foron atendidas, e este centro precisa unha mestra ou mestre de AL a media xornada e reforzo de profesorado, para así prestar ao alumando a atención á que ten dereito.

Alén das necesidades que atinxen á docencia e ao profesorado, o CEIP Canosa-Rus, precisa dunha actuación integral atendendo ao estado xeral do edificio e das diferentes dependencias. Actuación encamiñada a evitar as numerosas humidades que se aprecian en teitos e paredes, solucionar o problema de goteiras, actuar no estado actual de canalóns e tellado, mudar a instalación eléctrica, actuar no peche perimetral e, co fin de mellorar a eficiencia enerxética, substituír as fiestras actuais.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o goberno galego que o CEIP Canosa-Rus de Coristanco precisa dunha actuación integral atendendo ao seu estado actual e conta cun equipo docente especializado suficiente para atender ao alumnado con NEE?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2024

Asdo.: **Daniel Pérez López**
Cristina Fernández Davila





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 28/11/2024 17:15:25

Cristina Fernández Davila na data 28/11/2024 17:15:28





A Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Julio García Comesaña, Carmen Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Víctor Baladrón Lamas, Raúl Santamaría González, María Felisa Rodríguez Carrera e Cecilia Vázquez Suárez deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

O luns 30 de setembro do presente 2024, o pleno da corporación de Vigo aprobaba o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións co que o concello da cidade dá por concluída a tramitación municipal que lle permitirá ceder ao Ministerio de Cultura o chan onde está prevista a futura construción da Biblioteca Pública do Estado. Dúas parcelas, situadas entre as rúas Lalín e Coruña, de 6.578 metros cadrados.

Trátase dun paso fundamental que chega tras 17 anos de procura dunha ubicación que permita a localización desta dotación cultural, que Vigo leva décadas anhelando e demandando.

Un paso relevante, pero non definitivo xa que devandito chan deberá ser agora cedido ao Ministerio para licitar o proxecto e posteriormente executar a obra, de cuxa xestión se encargará a Xunta de Galicia.

O 14 de Novembro de 2024 o Goberno de España, respondeu a unha pregunta escrita dos deputados do Grupo Popular na Provincia de Pontevedra con estas palabras: “O Ministerio de Cultura mantén o seu compromiso coa construción da futura Biblioteca Pública do Estado en Vigo. O citado Ministerio manterá as reunións necesarias coas administracións implicadas ao obxecto de que o proxecto se desenvolva con éxito.”

Está claro, polo tanto, que a día de hoxe a pelota está no tellado do Concello de Vigo e do Goberno central.

As negociacións mantidas o longo de todos estes anos a tres bandas, entre o Concello de Vigo (organismo que cede o terreos para a futura Biblioteca do Estado), o Goberno de España (que se encargará de financiar a construción) e a Xunta de Galicia (que xestionaría o equipamento) finalmente frutificaron en 2022 nun acordo polo cal o Ministerio de Cultura aceptaba o programa de necesidades enviado pola Xunta en 2020, e que establecía que a futura biblioteca terían unha dimensión de máis de 8.000

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





metros cadrados (nun edificio de varias plantas) para cumprir coas necesidades da cidade máis grande de Galicia.

Unha proposta que, ademais, conta co respaldo unánime do Parlamento de Galicia, onde o pasado mes de xuño aprobouse por unanimidade unha iniciativa na Comisión de Educación e Cultura en apoio a esta iniciativa.

Nos últimos Orzamentos Xerais do Estado aprobados, de 2023, contan cunha partida de 100.000 euros, máis outros 9,3 millóns nos exercicios seguintes, ata 2026.

Polos motivos expostos, desde o Grupo Popular no Parlamento de Galicia, formulamos as seguintes preguntas orais:

1.-Segundo a posición da Xunta de Galicia, Cal é ou estado de tramitación do proxecto de Biblioteca Pública do Estado en Vigo?

Santiago de Compostela, 28 de novembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 28/11/2024 18:20:03

Patricia García González na data 28/11/2024 18:20:18

Julio García Comesaña na data 28/11/2024 18:20:31

Carmen Pomar Tojo na data 28/11/2024 18:20:45

Rubén Lorenzo Gómez na data 28/11/2024 18:20:59

José Luis Ferro Iglesias na data 28/11/2024 18:21:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Víctor Baladrón Lamas na data 28/11/2024 18:21:29

Raúl Santamaría González na data 28/11/2024 18:21:52

Cecilia Vázquez Suárez na data 28/11/2024 18:22:03

María Felisa Rodríguez Carrera na data 28/11/2024 18:22:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTARIA
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 981 55 15 83
gp-mixto@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

O Grupo Mixto do Parlamento de Galicia, representado polo seu portavoz, D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao presidente da Xunta de Galicia, sobre as medidas que prevé adoptar para corrixir as desigualdades orzamentarias que afectan á provincia de Ourense.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos da Xunta para o exercicio 2025 amosan unha preocupante desigualdade na asignación de recursos entre as provincias galegas. A provincia de Ourense, a pesar de enfrontar importantes retos demográficos e económicos, recibe unha porcentaxe significativamente inferior de investimento en comparación coas provincias da Coruña ou Pontevedra. Cabe subliñar que as explicacións ofrecidas ata o momento por membros do executivo da Xunta, non nos resultaron satisfactorias. Pensamos que éstas non lograron explicar adecuadamente a discriminación que sofre a provincia de Ourense nin detallar de maneira concreta as accións que se tomarán para reverter esta situación. Os orzamentos elaborados pola Xunta lonxe de contribuír a un desenvolvemento equilibrado e equitativo de Galicia, perpetúa unha fenda territorial que prexudica a Galicia interior e dificulta as posibilidades de progreso da súa cidadanía.

En sectores tan relevantes como a sanidade, a educación ou o emprego, as porcentaxes asignadas a Ourense seguen sendo desproporcionadamente baixas. Esta realidade evidencia a necesidade de adoptar medidas inmediatas que garantan unha distribución máis equitativa dos recursos públicos.

PREGUNTA

Sr. Presidente da Xunta de Galicia, que actuacións ten previsto adoptar ao longo do ano 2025 e en futuros orzamentos para reverter esta desigualdade orzamentaria para que esta discriminación non persista, nin se repita?

Santiago de Compostela, 18 de Novembro de 2024.
Fdo. D. Armando Ojea Bouzo.
Deputado e portavoz do Grupo Parlamentario Mixto.



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2024 17:55:26
Nº Rexistro: 14987
Data envío: 26/11/2024 17:55:26.866

34948827M ARMANDO OJEA (R: G16448011) na data 26/11/2024 17:52:50

CSV: BGRIS18000MExphZx-g
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Julio Ernesto Abalde Alonso, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.^a, Institucional, de **Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O concepto de plan único, nace cun obxectivo, trátase de financiar proxectos nos concellos para promover o desenvolvemento local mellorando as infraestruturas e servizos para a cidadanía, busca apoiar aos concellos nas súas iniciativas e necesidades. Promovendo a sustentabilidade financeira e a cooperación intermunicipal.

A Deputación Provincial da Coruña foi a primeira que puxo en marcha esta iniciativa, seguida pola de Lugo e logo Pontevedra, todos elas baixo gobernos Socialistas, agora sumase tamén a deputación de Ourense, que a pesar de resistirse a longo do tempo, ao fin entendeu a súa importancia para o territorio.

Un plan que permita a todos os concellos concorrer en igualdade de condicións, con criterios obxectivos, definidos e transparentes. Para que independentemente quen governe cada un dos concellos todos teñan unha garantía na consecución deses fondos públicos.

Recentemente liamos nos medios de comunicación que os concellos galegos xunto coas deputacións tiñan invertido en obra pública durante os dez primeiros meses deste ano 376,12 millóns de euros. Unha cantidade que supera a inversión da Xunta de Galicia, a pesar de contar cuns orzamentos moi por debaixo do orzamento da Xunta de Galicia, unha cuarta parte dos recursos do que dispón a Xunta de Galicia, 3.500 millóns fronte aos 14.000 da Xunta de





Galicia. Segundo os datos que manexa a Federación Galega da Construción. Realidade que se contrapón coa falla de investimento da Xunta de Galicia.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista temos posto de manifesto en moitas ocasións a situación que viven todos os concellos galegos, asumindo cada vez máis competencias impropias, ou competencias sen recursos para facer fronte ás necesidades dos veciños e veciñas. En moitos casos poñendo en perigo a sustentabilidade financeira e a viabilidade da Administración local.

Co fin de que os concellos poidan ter e saber con que recursos pode contar, para poder planificar e facelo coa capacidade de deseñar políticas máis aló de un mandato, que é o que permite as transformacións dos territorios e, polo tanto, capacidade de crecemento en tódolos ámbitos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia elaborar un plan único autonómico con orzamento suficiente, sen minguar o fondo galego de cooperación, para todos os concellos, con criterios obxectivos, definidos e transparente?
2. Para elaborar as bases da convocatoria, contará a Xunta de Galicia coa Fegamp onde se teña en conta a singularidade dos distintos concellos e que sexa con carácter anual?

Santiago de Compostela, 22 de novembro do 2024

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2024 11:18:50
Nº Rexistro: 14862
Data envío: 22/11/2024 11:18:50,530

Lara Méndez López na data 22/11/2024 11:03:59

Julio Abalde Alonso na data 22/11/2024 11:04:07

Paloma Castro Rey na data 22/11/2024 11:04:16

Patricia Iglesias Rey na data 22/11/2024 11:04:26

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

51648

@PSdeG



CSV: B0PIS7B0G-M0y0t@F5x87
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Iago Suárez Fernández, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre aloxamentos compartidos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O empeoramento no acceso á vivenda ten unha clara compoñente xeracional. Os mozos e mozas de hoxe están padecendo, dun xeito especial, todo un cúmulo de transformacións no mercado inmobiliario posteriores á crise de 2008 que dificultaron aínda máis o acceso a vivenda nos distintos réximes de tenencia.

Os datos evidencian que estamos ante unha crise de emancipación sen precedentes. Segundo o último Informe do Observatorio de emancipación do Consello da Xuventude de España correspondentes ao segundo semestre de 2023, a taxa de emancipación en Galiza sitúase no 16% na franxa de idade de 16 a 29 anos, o que representa un punto menos que na media do Estado. Aínda peor son os datos de emancipación na franxa de idade de 30 a 34 anos, que se sitúa no 64%, o cal nos sitúa á cola do Estado, só superados por Canarias e moi lonxe da media estatal do 71% e da media europea do 82,2%. É dicir, que a crise de emancipación en Galiza esténdese na etapa adulta, cun 36% de mozos entre 30 e 34 anos que non logrou acadar a autonomía, fronte a un 18% de mozos e mozas europeas nesa mesma situación.

Todos os datos evidencian que cada vez resulta máis difícil emanciparse para a mocidade galega, xa que debe facer un esforzo económico maior. A relación entre os salarios e os prezos da vivenda agrávase progresivamente, de forma que o ano pasado o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aluguer dunha vivenda en Galiza representaba xa o 70% do salario mediano dos mozos e mozas de entre 16 e 29 anos e o 55% para a franxa de idade de 30 a 34 anos. Tamén o custe de acceso á vivenda a través da compra é alarmante, xa que alcanza o 60% do salario.

Dende o Bloque Nacionalista Galego vimos formulando a necesidade de procurar solucións de emerxencia e áxiles que afronten este problema de acceso á vivenda de xente moza e da poboación en xeral. Entre as medidas que vimos formulando é a creación de vivendas dotacionais, de forma que as Administracións poidan realizar de forma puntual un aproveitamento de solos destinados a usos e servizos públicos edificando equipamentos residenciais temporais para persoas e familias vulnerables ou en situación de exclusión. Estas vivendas deberán condicionarse ás rendas máis baixas e a colectivos con especial necesidade, como os mozos e mozas.

Esta proposta do BNG foi debatida en diversas ocasións nesta cámara e contou co voto negativo do grupo popular. Porén agora, a través do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, o goberno galego vén de introducir unha proposta que ten algúns paralelismos con esta proposta, pero con modificación substanciais e moitos interrogantes e zonas de sombra.

A través do mencionado Proxecto de Lei introdúcese unha modificación da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia para incorporar unha nova figura de aloxamentos compartidos, destinados a satisfacer necesidades transitorias de vivendas das persoas menores de 36 anos.

Aquí xa se fai patente a primeira diferenza co que viñamos formulando dende o Bloque Nacionalista Galego, xa que defendemos esta fórmula como unha solución non só ligada a unha fórmula adecuada para menores de 36 anos, senón que tamén constitúe unha solución para outras situacións de situación de emerxencia habitacional ou colectivos vulnerables, como por exemplo persoas que precisen de espazos adecuados á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

movilidad reducida. Por tanto que esta figura se introduza a través dunha lei estritamente ligada á xuventude supón unha visión limitada deste instrumento.

En cuanto ás características das vivendas, a nova norma establece que as persoas ou unidades de convivencia disporán dun espazo privativo de 30m² como mínimo, con zonas compartidas como sala común, comedor ou lavandería. Esta definición é tan laxa que non queda garantida a calidade e a dignidade destas vivendas. Esta aposta pode dar paso a un modelo máis semellante a unha residencia de estudantes ao uso, cun espazo privativo mínimo onde a vida cotiá debe facerse en salas e comedores comúns. Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que este instrumento de emerxencia ten que garantir sempre un modelo habitacional digno, cun espazo privativo e cunhas dimensións adecuadas; onde poidan existir determinados usos compartidos, pero onde quede sempre garantido o espazo suficiente para satisfacer a necesidade dun espazo de intimidade, cunha variedade tipolóxica que permita adecuarse ás distintas realidades de unidades de convivencia en menores de 36 anos.

Para alén da incerteza sobre cal vai ser o modelo tipolóxico en que se concretará esta nova norma, tamén quedan relegado a un posterior convenio a definición de aspectos chave como o réxime de xestión e de mantemento dos aloxamentos, deixando así a porta aberta a unha posible privatización. Tampouco se especifican os límites de ingreso para acceder aos aloxamentos, nin os criterios de selección das persoas usuarias.

Outro dos aspectos cuestionables e incertos ten que ver cos períodos de permanencia, xa que de inicio se limita a un máximo de 3 anos, podendo concederse prórrogas até os 7 anos se existen circunstancias especiais, pero que tamén podería ser menor se así se estipula mediante instrumento de colaboración entre o IGVS e a consellería competente en xuventude. Evidentemente os prazos deben atopar un punto de equilibrio entre a necesidade de rotación e a estabilidade necesaria na vida das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas. Nese sentido un máximo xeral de 3 anos parecen un período insuficiente para garantir isto último.

O feito de que estes aloxamentos podan ubicarse en solo de uso dotacional esixe dunha especial precaución na escolla das parcelas e de vocación de adecuación ao modelo urbano, nese sentido o papel da Administración local é chave. Pola contra o que plantea a Xunta de Galiza é a posibilidade de sacar adiante estes proxectos sen ter en conta aos concellos.

Para iso estes proxectos terán a consideración de obras públicas de interese xeral. Unha categoría de novo cuño que tamén se introduciu nesta reforma lexislativa que acompaña os orzamentos. Esta clasificación implica que as obras, tanto de construción como de urbanización non estarán suxeitas a licenza urbanística, nin a ningún dos actos de control preventivo municipal. O IGVS ou a entidade participada maioritariamente polo mesmo apenas debe proceder a aprobar o proxecto de construción e a remitir ao concello a documentación que acredite o cumprimento da normativa urbanística de aplicación. O concello apenas disporá dun prazo dun mes para emitir un informe que se limita á conformidade ou disconformidade coa ordenación vixente, sen que este sexa vinculante.

Isto último convida a unha última reflexión xeral: os aloxamentos dotacionais deben ter unha vontade de paliar unha solución de emerxencia. Deben ser unha medida excepcional ante unha situación excepcional, mais nunca deben constituír unha solución xeneralizada, xa que unha resposta masiva mediante este instrumento pode ser regresiva na medida en que se normaliza unha solución temporal e máis precaria do que a vivenda pública. Esta proposta debe ser unha solución puntual cuantificable, complementaria e harmonizada cunha política de vivenda pública a medio prazo ambiciosa. Porén a falla de instrumentos de ordenación sectorial da vivenda, xunto cunha planificación estratéxica inexistente- o Plan de vivenda 2021-2025 carece de obxectivos específicos e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cuantificables- fai con que o desenvolvemento futuro destes aloxamentos dotacionais sexa unha total incerteza e que se vaia realizar de forma fragmentada, a golpe de anuncios.

Por todo isto consideramos que esta proposta, tal e como está formulada, pode dar lugar a un modelo de vivenda precaria para mozos e mozas, onde non se garanta unha vivenda digna que permita desenvolver unha vida autónoma, con demasiadas incertezas sobre o seu desenvolvemento e onde se evidencia a nula vontade de consensuar cos concellos estes proxectos. Dende o BNG consideramos necesario corrixir e clarificar todos estes aspectos para garantir un modelo de vivendas dotacionais de calidade e públicas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Considera a Xunta de Galiza que se garanten as condición mínimas de habitabilidade das vivendas dotacionais?
- Por que a Xunta de Galiza restrinxen este instrumento a menores de 36 anos?
- Como vai lograr a Xunta de Galiza que esas vivendas se adecúan ás distintas realidades sociais, incluso dos menores de 36 anos?
- Vai desenvolver algunhas normativa específica?
- Garante a Xunta de Galiza a xestión pública destes aloxamentos?
- Vai a Xunta de Galiza a consensuar cos concellos a localización destes aloxamentos?
- Por que a Xunta de Galiza cre necesario impor aos concellos a creacións destes aloxamentos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é a estratexia territorial e planificación do desenvolvemento destes aloxamentos nesta lexislatura?
- Que criterios de sustentabilidade ambiental vai establecer para a construción ou rehabilitación destes edificios?
- Que criterios se van empregar no caso de rehabilitación?
- Que medidas vai pór en marcha para evitar a precarización do parque construído?
- Cantas destas vivendas prevé concluír e adxudicar nesta lexislatura?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Iago Suárez Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 22/11/2024 12:14:00

Iago Suárez Fernández na data 22/11/2024 12:18:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Noa Presas Bergantiños, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as necesidades para mellorar o servizo do Centro de Información á Muller de Pontearreas, referente na Comarca Condado-Paradanta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 130/2016, do 15 de setembro, establece os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller. Configura os CIM como un conxunto de recursos das entidades locais, desde os cales se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Os CIM atenderán todas as mulleres que o demanden, así como calquera persoa, sexa home ou muller, en asuntos relacionados coa promoción social da igualdade de xénero.

Este Decreto derroga o anterior de 2004, recollendo e actualizando todos aqueles cambios sociais producidos neses 12 anos e tendo en conta a experiencia aportada por todas as persoas integrantes dos CIM para mellorar os procedementos.

Podemos nomear algunhas das diferenzas:

– Dase prioridade ás actividades de prevención, información, asesoramento e loita en xeral contra a violencia de xénero, así como a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ás súas fillas e fillos menores ou maiores dependentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Será prioritaria a atención a mulleres pertencentes a outros colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social.

– Facilitará información, atención e asesoramento a lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais e ás súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais, por contar con persoal especializado nos ámbitos xurídico e psicolóxico e con experiencia na información no acceso aos diversos recursos dispoñibles.

– Establécese a atención universal no ámbito territorial con independencia do concello de procedencia da persoa atendida, establecendo a posibilidade de formalizar convenios de colaboración entre as entidades locais.

Este novo decreto aumentou as funcións do persoal adscrito aos CIM, pero non aumentaron os recursos materiais nin persoais facendo que dende entón teñan numerosas dificultades para atender a todas as persoas que demandan información ou axuda, e deixando nun segundo plano as campañas de concienciación, sensibilización e información xeral sobre a igualdade e contra a violencia machista.

O Centro de Información á Muller de Ponteareas xestionado pola administración local, ten unha poboación de referencia arredor das 55.000 persoas dos concellos da comarca do Condado-Paradanta, que abarca unha superficie sobre 675 km². É Un servizo que atende unha media de 350 persoas ao ano, incluíndo o colectivo LGTBI e que foi aberto coa contratación dunha profesional por parte da Xunta de Galiza e complementado posteriormente con persoal que forma parte do cadro de persoal do concello de Ponteareas para poder dispoñer de todas as categorías profesionais necesarias. Pese a isto, cando é preciso a colaboración dunha persoa de Traballo Social son as do propio concello as que prestan atención as usuarias sempre que teñan dispoñibilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero este servizo básico que ten para a cidadanía un obxectivo de favorecer e impulsar a participación das mulleres ou persoas LGTBI, en igualdade de condicións, na vida política, social e económica do municipio, asesoramento xurídico e apoio psicolóxico, axuda en casos de violencia de xénero, emprego, etc. non sempre dispón dos medios necesarios para acadar a súa finalidade. Hai moitas eivas que fai que se teñan que priorizar os casos máis graves por non dispoñer de recursos suficientes para asumir todo o volume de visitas, información e axuda solicitada.

O pasado día 11 de novembro o Goberno da Xunta anunciaba o Plan integral para a renovación e impulso dos CIM de Galiza en 2025 cun investimento nestes centros que superaba os 6,5 millóns de euros. É dicir, unha subida na partida orzamentaria dun 30,6%, pero onde tan só un 13,6% correspondía á parte destinada para incrementar os salarios do persoal adscrito a este servizo.

Deste xeito, a subvención á que debe optar o concello de Ponteareas por concorrência competitiva non permite contar coa praza de Traballo Social que se precisa para completar o equipo do CIM de Ponteareas. Unha categoría imprescindible para completar o equipo multidisciplinar que permita atender de xeito integral ás persoas usuarias deste servizo e que leva moitos anos sendo solicitada tanto pola Dirección de Ponteareas, como pola Asociación de CIM (ASOCIM) á Secretaría Xeral de Igualdade.

Outra parte da diferenza orzamentaria atópase no programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención da violencia de xénero, que se incrementa nun 30% ata acadar os 650.000 euros. Parece totalmente insuficiente para poder impulsar con garantía este tipo de campañas tan necesarias, sobre todo na Comarca do Condado-Paradanta, pero que precisa de persoal con horario dispoñible. O resto será destinado a axudas para rehabilitación e melloras nas instalacións dos centros, que en Ponteareas tamén vai vir ben.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda requírense medios para a mobilidade que permita atención a persoas que viven lonxe de Ponteareas, dándose unha clara discriminación no servizo para aquelas que residen nas parroquias e tamén en vilas máis pequenas no rural e non teñen transporte público para poder achegarse ata o centro da Vila, ou ben a súa situación persoal impide esta circunstancia.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

Que accións pensa levar a cabo o Goberno Galego para garantir o correcto funcionamento do CIM en Ponteareas, que garanta á cidadanía da comarca Condado-Paradanta dispoñer de todas as categorías necesarias para unha atención integral ás mulleres e colectivo LGTBI, os medios precisos para a mobilidade do persoal aos distintos concellos e parroquias, así como a estabilidade orzamentaria deste servizo que permita cubrir a totalidade do salario de todo o equipo?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Noa Presas Bergantiños

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 22/11/2024 12:19:01

Noa Presas Bergantiños na data 22/11/2024 12:19:12





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Dende o Partido Socialista levamos moitos anos reivindicando a necesidade de incorporar o servizo de logopedia no sistema de saúde, en concreto na Atención Primaria.

É un dato obxectivo que nos últimos anos os problemas e trastornos relacionados coa linguaxe e a disfasia aumentaron significativamente, pero este aumento non se tivo en conta polo Servizo Galego de Saúde o que provoca que gran parte da poboación non conte con servizos de logopedia público cando realmente o necesita, ou estes non sexan axeitados.

Este segundo suposto é o que está a acontecer na área sanitaria de Pontevedra- Salnés e que vén sendo obxecto de moitas denuncias como as de 3 nais de menores con problemas de hipoacusia.

Nesta área sanitaria existía un convenio entre o Sergas e o Hospital Quirón Salud de Pontevedra polo que este hospital privado prestaba no seu centro da Merced (Poio) este servizo de logopedia.

Este convenio finaliza no ano 2023 e a partir de aí estes nenos e nenas son atendidos primeiro no Hospital Provincial de Pontevedra, e a partir de outubro de 2024 no Hospital Montecelo.

Esta atención está a ser moi ineficiente e ineficaz xa que a falla de recursos de logopedia no sistema público provoca unha gran separación entre sesións e a





temporalidade (contratados só por 9 meses) e falla de persoal afecta á continuidade e estabilidade das terapias.

Foron moitas as queixas que se presentaron ao Goberno galego sen que se respondese pola súa parte o que provocou que as familias afectadas acudisen á Valedora do Pobo, que fixo propia esta reclamación e requiriu á consellería a información sen recibir tampouco resposta.

No Partido Socialista condenamos esta actitude do Goberno galego que está obrigado a responder ás necesidades da veciñanza e máis nun asunto tan importante coma este, xa que estamos a falar de garantir un dereito tan básico como é unha atención sanitaria pública, digna e de calidade para uns menores que a necesitan.

Ante esta situación as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que medidas vai implementar o Goberno galego para mellorar o servizo de logopedia na área sanitaria Pontevedra-Salnés?
2. Entende este goberno que a atención terapéutica do servizo de logopedia da área sanitaria pontevedra-salnés está a ser a axeitada?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 22/11/2024 15:46:49

Elena Espinosa Mangana na data 22/11/2024 15:46:57





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 14891
Data envío: 22/11/2024 15:51:54.226

Silvia Longueira Castro na data 22/11/2024 15:47:06

CSV: B6PIS7B93A0Qjpxlxfy87
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51662

@PSdeG



A Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

A Comunidade Autónoma de Galicia acaba de coñecer a apertura por parte da Unión Europea dun expediente de infracción ao Reino de España en materia de residuos por non cumprir os obxectivos de preparación para a reutilización e a reciclaxe de residuos municipais.

Trátase da acta de infracción (2024) 2147 por incumprimento dos obxectivos establecidos na Directiva 2008/98/CE (art.11, apartado 2, letra a) e na Directiva 2012/19/UE (Art.7, apartado 1) .

España non está a cumprir cos obxectivos europeos encamiñados a darlle unha segunda vida aos residuos para promover unha economía circular e mesmo, así o recoñece, na carta de resposta enviada á Comisión Europea con data 25 de setembro 2024.



Non cumpre no relativo de aumentar, antes de 2020, como mínimo, ata un 50% global do seu peso a preparación para a reutilización e a reciclaxe de residuos de materiais como o papel, os metais, o plástico e o vidro dos residuos domésticos; e de acadar, a partir de 2019, un índice de recollida mínimo anual do 65 % do peso medio dos Aparatos Eléctricos e Electrónicos (AEE).

Para xustificar estes incumprimentos, o Goberno Central apela a que para alcanzar os obxectivos fixados xa contemplou na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular a creación da taxa do lixo, coñecida como o taxazo municipal, que a partir do 10 de abril de 2025 é unha obriga para todos os concellos.

É unha imposición do Goberno do Estado ás entidades locais, motivada polo seu gran afán recadador. Traslada aos concellos os seus incumprimentos e, o que é peor, a cidadanía será quen pague o resultado da nefasta xestión de Pedro Sánchez.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a apertura por parte da Unión Europea dun expediente de infracción ao Goberno de España en materia de residuos por non cumprir os obxectivos de preparación para a reutilización e a reciclaxe de residuos municipais?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 22/11/2024 10:25:22

Cristina Campero Dorado na data 22/11/2024 10:25:42

María Deza Martínez na data 22/11/2024 10:25:52



José Luis Ferro Iglesias na data 22/11/2024 10:26:04

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/11/2024 10:26:17

Argimiro Marnotes Fernández na data 22/11/2024 10:26:37

Carmen Pomar Tojo na data 22/11/2024 10:26:53

Roberto Rodríguez Martínez na data 22/11/2024 10:27:08

Katherinie Varela Fernández na data 22/11/2024 10:27:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de restituír as prazas de profesorado de PT e AL eliminadas no presente curso escolar no CEIP Novo Mesoiro da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Novo Mesoiro da Coruña foi inaugurado no curso 2020-2021 para dar a resposta educativa que precisaba un barrio de nova construción como este que acolle a densidade de poboación nova máis alta da cidade.

O reto de garantir a escolarización en educación infantil e primaria no propio barrio foi conseguido despois dunha longa e intensa demanda social e política, ficando aínda pendente dotar o barrio dun instituto para continuar os estudos.

No presente curso as familias deste centro están a evidenciar que a Xunta non está a garantir o dereito á educación en igualdade e equidade ao eliminar prazas de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Esta decisión unilateral do goberno da Xunta non responde ás demandas do propio centro previas ao comezo do curso nin ás reclamacións que se seguen a facer por parte dos pais e nais.

As consecuencias da redución deste profesorado tan necesario para atender as necesidades específicas de aprendizaxe son ben coñecidas: desatención duns 30 nenos e nenas, mesmo naqueles casos que teñen informe médico que acredita a necesidade de atención específica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A piques de entrar no remate do primeiro trimestre escolar, o certo é que a Xunta segue a ignorar as necesidades educativas deste centro denegando o PT que fora solicitado a través do programa PROA, unha decisión difícil de comprender á vista da xustificación presentada.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Por que razón suprimiu a Xunta no comezo deste curso unha praza de PT e outra de AL no CEIP Novo Mesoiro da Coruña?
- Valorou a totalidade e diversidade do alumnado con NEAE matriculado no presente curso?
- É consciente o goberno da desatención á que está a someter unha parte importante deste alumnado?
- Por que razón non se lle concedeu o profesional de PT que solicitou o centro a través do programa PROA?
- Comprométese o goberno do PP a restituír de inmediato, como mínimo, o profesorado de PT e AL recortado no presente curso escolar?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 25/11/2024 09:00:05

Cristina Fernández Davila na data 25/11/2024 09:00:21



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Elena Candia López, Juan Casares Gándara, José Luis Ferro Iglesias, Nicole Grueira Fernández, Argimiro Marnotes Fernández, Jose M. Mato Díaz, Noelia Pérez López, Cristina Sanz Arias, Katherinie Varela Fernández, Miguel Viso Diéguez, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

O pasado mes de outubro celebrouse en Nogueira de Ramuín o Congreso Internacional “Fontes-Patrimonio Mundial: coñecemento para conservar”, co fin de impulsar a candidatura de Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial.

Unha candidatura que se evaluará no Consello do Patrimonio Histórico de 2026, e para a que a Xunta de Galicia leva dado xa moitos pasos.

Un dos fitos para esta declaración foi o 31 de decembro de 2018 coa aprobación por parte da Xunta do Bic Ribeira Sacra, que delimita tamén o ámbito da candidatura: 16.471 hectáreas repartidas en 22 municipios das provincias de Ourense e Lugo.

Unha candidatura que co praxe de tódalas administracións implicadas (Xunta, Goberno Central, Deputacións e concellos) retirouse en 2021 co obxectivo de melloralala, reformulala e presentala de novo con tódalas garantías.

En abril de 2024 a 94ª sesión do Consello do Patrimonio Histórico Español, acordou por unanimidade que a Candidatura de Ribeira Sacra sexa a proposta conxunta de España para a súa presentación ante a Unesco e optar así a ser recoñecida como Patrimonio Mundial.

A Xunta está cumprindo rigurosamente cos trámites requeridos dende a Unesco para conseguir esta declaración.

Así o propio Conselleiro entregou en setembro en París o primeiro avance do expediente da candidatura ao embaixador de España ante a Unesco, Miquel Iceta. E seguindo coa folla de ruta marcada esa documentación complementouse có envío que



fixeron os técnicos do Ministerio de Cultura. E agora estase traballando xa coa versión definitiva, que debe entregarse antes do 1 de febreiro de 2025.

Paralelamente a Xunta está levando a cabo numerosas actuacións no territorio.

Dende o ano 2017, dende que a candidatura empezou a armarse, se inverteron 8 millóns de euros en actuacións en máis de 40 bens patrimoniais.

Un tempo durante o que se executaron mais de 90 actuacións en materia arquitectónica e arqueolóxica en diferentes bens como igrexas, mosteiros, museos, castros, xacementos romanos como os de Proendos, etc..

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das actuacións en materia de conservación e restauración do patrimonio arquitectónico e arqueolóxico da Ribeira Sacra dende que se iniciaron os trámites para a declaración deste territorio como Patrimonio Mundial?.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 25/11/2024 10:05:53

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2024 10:06:12

Víctor Baladrón Lamas na data 25/11/2024 10:06:20

Enrique Barreiro Sánchez na data 25/11/2024 10:06:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Cristina Campero Dorado na data 25/11/2024 10:06:55

Elena Candia López na data 25/11/2024 10:07:08

Juan Manuel Casares Gándara na data 25/11/2024 10:07:28

José Luis Ferro Iglesias na data 25/11/2024 10:07:40

Nicole Grueira Fernández na data 25/11/2024 10:07:54

Argimiro Marnotes Fernández na data 25/11/2024 10:08:05

José Mato Díaz na data 25/11/2024 10:08:17

Noelia Pérez López na data 25/11/2024 10:08:34

Cristina Sanz Arias na data 25/11/2024 10:08:47

Katherinie Varela Fernández na data 25/11/2024 10:09:01

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 25/11/2024 10:09:11

Julio García Comesaña na data 25/11/2024 10:09:21

Patricia García González na data 25/11/2024 10:09:33

Rubén Lorenzo Gómez na data 25/11/2024 10:09:50

Carmen Pomar Tojo na data 25/11/2024 10:10:06

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/11/2024 10:10:20

Raúl Santamaría González na data 25/11/2024 10:10:25

Cecilia Vázquez Suárez na data 25/11/2024 10:10:38



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Elena Candia López, Juan Casares Gándara, José Luis Ferro Iglesias, Nicole Grueira Fernández, Argimiro Marnotes Fernández, Jose M. Mato Díaz, Noelia Pérez López, Cristina Sanz Arias, Katherinie Varela Fernández, Miguel Viso Diéguez, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

O primeiro documento no que se fala de forma oficial de Ribeira Sacra data de hai 900 anos, exactamente do 21 de agosto de 1.124 e asinouno a raíña Tereixa de Portugal.

900 anos que marcan a identidade dun territorio, máis alá da espectacular beleza do mesmo, e que aspira a ser declarado Patrimonio Mundial no ano 2026.

Un dos fitos para esta declaración foi o 31 de decembro de 2018 coa aprobación por parte da Xunta do Bic Ribeira Sacra, que delimita tamén o ámbito da candidatura: 16.471 hectáreas repartidas en 22 municipios das provincias de Ourense e Lugo.

Unha candidatura que co praxe de tódalas administracións implicadas (Xunta, Goberno Central, Deputacións e concellos) retirouse en 2021 co obxectivo de melloralala, reformulala e presentala de novo con tódalas garantías.

Así en abril de 2024 a 94ª sesión do Consello do Patrimonio Histórico Español, acordou por unanimidade que a Candidatura de Ribeira Sacra sexa a proposta conxunta de España para a súa presentación ante a Unesco e optar así a ser recoñecida como Patrimonio Mundial.

A resolución definitiva será no ano 2026 e ata aquelas aínda hai moitos pasos que dar, pero tamén é moito o que a Xunta leva feito.



Entre os actos máis salientables para impulsar a candidatura está o congreso internacional “Fontes-Patrimonio Mundial: coñecemento para conservar, que reuniu a finais de outubro de 2024 en Nogueira de Ramuín a unha trintena de expertos en Patrimonio de diferentes países e comunidades autónomas, xunto a profesionais dos sectores da cultura e do turismo, e que contou con representantes de tódalas institucións, entre eles o embaixador de España ante a Unesco, Miquel Iceta.

Polo exposto, os deputados asinantes , formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a valoración que a Xunta de Galicia fai dos pasos dados ata o momento para a declaración de Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial?.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 25/11/2024 10:16:57

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2024 10:17:16

Víctor Baladrón Lamas na data 25/11/2024 10:17:24

Enrique Barreiro Sánchez na data 25/11/2024 10:17:35

Cristina Campero Dorado na data 25/11/2024 10:17:48

Elena Candia López na data 25/11/2024 10:18:00

Juan Manuel Casares Gándara na data 25/11/2024 10:18:18

José Luis Ferro Iglesias na data 25/11/2024 10:18:32

Nicole Grueira Fernández na data 25/11/2024 10:18:47

Argimiro Marnotes Fernández na data 25/11/2024 10:18:59

José Mato Díaz na data 25/11/2024 10:19:11

Noelia Pérez López na data 25/11/2024 10:19:28

Cristina Sanz Arias na data 25/11/2024 10:19:52



Katherinie Varela Fernández na data 25/11/2024 10:20:05

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 25/11/2024 10:20:15

Julio García Comesaña na data 25/11/2024 10:20:23

Patricia García González na data 25/11/2024 10:20:36

Rubén Lorenzo Gómez na data 25/11/2024 10:20:54

Carmen Pomar Tojo na data 25/11/2024 10:21:10

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/11/2024 10:21:26

Raúl Santamaría González na data 25/11/2024 10:21:33

Cecilia Vázquez Suárez na data 25/11/2024 10:21:47



A Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Viso Diéguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A competitividade empresarial non só é decisiva para acadar o éxito individual das empresas, senón que tamén xoga un papel fundamental no desenvolvemento económico e, polo tanto, social dun país.

Consciente desta realidade o Goberno galego, no ámbito das súas competencias, ademais da boa regulación que demostra a través de iniciativas como a nova Oficina Económica de Galicia e a estabilidade política, favorable para mellorar a acción empresarial, vén impulsando outras actuacións específicas que reverteren na mellora da competitividade.

Referímonos, por exemplo, ás actuacións que está a promover a Consellería de Economía e Industria, para mellorar a competitividade dos equipos directivos das empresas galegas.



Segundo manifestou o propio Goberno galego, o seu obxectivo é dotar ao empresariado e aos equipos de dirección das ferramentas necesarias para enfrontarse aos retos actuais do mercado global e asegurar o crecemento sustentable das empresas galegas, promovendo a profesionalización da xestión empresarial e o desenvolvemento de proxectos innovadores que permitan competir ao tecido empresarial galego tanto a nivel nacional como internacional.

Non obstante, debido ao alcance que poden ter as actuacións na economía galega, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance das medidas que está a promover a Consellería de Economía e Industria para mellorar a competitividade dos equipos directivos das empresas galegas?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 25/11/2024 10:43:17

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2024 10:43:34

María Deza Martínez na data 25/11/2024 10:43:45

Miguel Fidalgo Iglesias na data 25/11/2024 10:43:57

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/11/2024 10:44:09

Ángel Rodríguez Conde na data 25/11/2024 10:44:16

Cristina Sanz Arias na data 25/11/2024 10:44:26

Borja Vereza Fraiz na data 25/11/2024 10:44:39

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 25/11/2024 10:44:50





Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego.

A diabetes é unha enfermidade pola cal os niveis de glicosa en sangue son demasiado altos. Iso pode suceder debido á falta de produción de insulina por parte do organismo, unha hormona producida no páncreas.

É por estes síntomas que os pacientes de diabetes deben monitorizar regularmente os seus niveis de glicosa para saber se precisan administrarse insulina. Tradicionalmente este tratamento sempre resultou tedioso e aparatoso, dificultando aos pacientes facer vida normal.

Grazas aos avances tecnolóxicos foi posible desenvolver sensores que monitorizan os niveis de glicosa dunha maneira menos invasiva e automática.

Arredor do 8% dos galegos padecen esta enfermidade, para a cal a Sociedade Española de Endocrinoloxía e Nutrición recomenda o uso dalgunha tecnoloxía que facilite o control da glicosa, xa que estas tecnoloxías melloran a corresponsabilidade e autocontrol dos pacientes sobre a enfermidade.

Somos coñecedores de que a Xunta comezou a distribuír sensores de glicosa nos fogares dos pacientes diabéticos, que son moi útiles e lle permitirán aos pacientes mellorar a súa calidade de vida.





Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

-Que valoración fai a Xunta de Galicia do proxecto e-diabetes e como prevé o seu impacto na vida dos pacientes?

Santiago de Compostela, 25 de novembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2024 12:14:32

Víctor Baladrón Lamas na data 25/11/2024 12:14:48

Cecilia Vázquez Suárez na data 25/11/2024 12:15:01

Noelia Pérez López na data 25/11/2024 12:15:17

Raquel Arias Rodríguez na data 25/11/2024 12:15:31

Nicole Grueira Fernández na data 25/11/2024 12:15:47

Argimiro Marnotes Fernández na data 25/11/2024 12:15:57

Dolores Hermelo Piñeiro na data 25/11/2024 12:16:10

Ethel Vázquez Mourelle na data 25/11/2024 12:16:25





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2024 12:54:50
Nº Rexistro: 14933
Data envío: 25/11/2024 12:54:50,223

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O patrimonio cultural de Galicia, material e inmaterial, ten unha relevancia máis que recoñecida no ámbito nacional e mesmo internacional. Tanto no eido da arquitectura e as artes plásticas como no ámbito das letras e o pensamento. Así como naqueles exemplos que mesturaron diferentes pescudas que van desde o pensamento e a escrita, até a música ou a ciencia.

Un bo exemplo disto último o temos naqueles homes e mulleres que conformaron unha das xeracións mellor preparadas deste país e que tiveron que buscar o exilio (exterior ou interior) co estalido da Guerra Civil. O seu traballo, hoxe recollido e analizado en pequenas fundacións, están sustentados na maioría dos casos co esforzo dos concellos e deputacións. Ao tempo que ofrecen unha oferta cultural tanto en cidades como en pequenas vilas nas que xeran boa parte das iniciativas culturais.

Existen tamén outras que comezan a recoller o legado e arquivo de creadores que aportaron feitos diferenciais ao que supón Galicia, e que dan novos pulos culturais, contribuindo ás comunidades nas que se atopan inseridos. E crean importantes focos de acción para as e os artistas actuais xerando accións e liñas de creación. A lista é longa e con desiguais puntos de desenvolvemento: Castelao, Vicente Risco, Luis Seoane, Penzol, Uxío Novoneira, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Cabanillas, Manuel María, Laxeiro, Eugenio Granell, Casa Álvaro Cunqueiro, Otero Pedrayo, Carlos Casares...





Unha longa lista espaxada polo territorio galego e que forman un tecido cultural esforzado e pouco escoitado polos dirixentes políticos.

Estas fundacións e centros xeran un importante produto cultural, ben porque traballan na procura de documentación e conservación da mesma, ben porque ademais dese labor arquivístico desenvolven un programa de exposicións e actividades singular. Vencellado tanto a propia labor do autor como a súa posta en diálogo co presente actual.

É unha certeza e obviedade que co apoio da Consellería de Cultura de xeito sostido, en programas que ben puideran estar consensuados e dentro dun programa ad hoc, Galicia, sae gañando. A cultura galega, sae gañando. O tecido cultural e os seus compoñentes, saen gañando.

Sería esta unha forma de construír unha marca da cultura galega, que como xa dixemos, está inserta en todo o seu territorio; ademais de dar visibilidade ao traballo de intelectuais e creadores que se ben pode que se lles poña nome e cara, hai un descoñecemento profundo do seu legado.

Por tales motivos, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Valoran desde a Consellería de Cultura visibilizar e dar apoio ás decenas de fundacións e centros de cultura de autor que recollen o traballo de senlleiros creadores galegos?
2. Ten pensado a Consellería de Cultura abrir un plan de traballo para poñer en valor estes centros e fundacións que están sostidos na práctica totalidade con fondos municipais e deputacións?

Santiago de Compostela, 25 de novembro do 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2024 12:54:50
Nº Rexistro: 14933
Data envío: 25/11/2024 12:54:50.223

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 25/11/2024 12:52:07

Julio Abalde Alonso na data 25/11/2024 12:52:32

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

51681

@PSdeG



CSV: B6P5T8B3G30GJ6W3JMT6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas, Secundino Fernández Fernández e Ramón Fernández Alfonzo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre riscos laborais no sector agropecuario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector agropecuario é un dos eidos de traballo con máis riscos laborais, segundo a Organización Internacional do Traballo (OIT), superado só por a construción e a minaría máis, a pesares diso, é o grande esquecido. Presenta uns dos maiores índices de sinistralidade, relacionados coa alta diversidade de tarefas, o traballo con maquinaria pesada e animais ou o uso de produtos fitosanitarios e outras sustancias químicas, onde as condicións ambientais son moi variables e en casos extremas e se requiren unhas elevadas esixencias a nivel físico.

Dentro dos riscos laborais do sector agrogandeiro temos distintas clasificacións, entre as cales están, por exemplo, o factor causante destes, de xeito que diferenciamos os riscos físicos, químicos, biolóxicos, ergonómicos ou psicosociais. No referido aos riscos físicos e ergonómicos, temos encadrados os causados polo calor ou frío extremos, o ruído ou as vibracións, as caídas, golpes ou choques, etc. É tamén nesta categoría onde se engloban riscos dos que se derivan unha serie de trastornos músculoesqueléticos (TME) acompañados de procesos dolorosos tanto a nivel muscular coma articular e que na maioría das ocasións son produto de posturas forzadas ao longo do tempo e de movementos repetitivos, co manexo de cargas no desenvolvemento da actividade laboral propia do sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai unha serie de factores que favorecen a aparición destes TME en canto á parte do sector primario que nos ocupa, coma poden ser as actividades relacionadas coa rutina de muxido, da limpeza de instalacións con apeiros de uso manual (camas, comedeiros, corredores, etc.), o uso de pas e forçadas no acomodo de abono ou na retirada do estrume, o reparto de alimento aos animais desfazendo pacas ou descompactando ensilados ou a condución de maquinaria pesada con posturas incorrectas, por exemplo. Este tipo de accións rutineiras dan lugar a lesións, especialmente frecuentes nas traballadoras e traballadores deste sector agrogandeiro, e que acaecen con especial énfase a rexións corporais coma os ombreiros, cóbados, pulsos e mans.

Estes tipos de enfermidades laborais están recollidas no RD 1299/2006 do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen os criterios para a súa notificación e rexistro, dentro do cal, no Anexo 1, se desenvolve o cadro de enfermidades profesionais. É neste cadro onde se especifican varios grupos de enfermidades, entre os cales se atopa o grupo dous, referido as enfermidades profesionais derivadas de axentes físicos.

Ao abeiro do axente D de dito grupo, é onde se encadran as enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo, enfermidades por fatiga e inflamación de vainas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas. Os subaxentes 01, 02 e 03 refírense neste cadro á patoloxía tendinosa crónica de manguito dos rotadores do ombreiro, a epicondilite e epitrocleeite de cóbado e antebrazo e a tendinite do abdutor longo e extensor curto do polgar, tenosinovite estenosante dixital e tenosinovite do extensor longo do primeiro dedo, procesos que sofren en moitos casos os traballadores/as do sector agrogandeiro e que non se ven reflectidos de xeito explícito na actividade e código de tal anexo, polo cal, queda ao criterio do profesional sanitario que preste atención ao doente discernir se se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

trata dunha enfermidade profesional ou común e o que isto supón a posteriori para o afectado/a.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Existen estudos elaborados pola Xunta de Galiza sobre enfermidades profesionais do sector agrogandeiro onde se desglosen por sexos, idades dos traballadores/as, axentes causantes e prevalencias?

2. Solicitará a Xunta de Galiza no 2025 ao goberno do estado que as actividades agrogandeiras se inclúan de xeito explícito no RD 1299/2006 do 10 de novembro no cadro do anexo 1 de enfermidades profesionais, nomeando especificamente aos traballadores e traballadoras deste sector no grupo D e subaxente 01,02 e 03, incluíndoos de xeito claro na actividade e código correspondente?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Ramón Fernández Alfonso

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 25/11/2024 13:53:58

Sonia Vidal Lamas na data 25/11/2024 13:54:07

Secundino Fernández Fernández na data 25/11/2024 13:54:20

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/11/2024 13:54:31





A MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da Radio e da Televisión de Galicia**.

Dende o comité intercentros da CRTVG informábase que a dirección da CRTVG convocou o comité en plena xornada de folga e tras sete semanas de paros, non para negociar os motivos dos paros senón para anunciar unha reestruturación nos centros de traballo da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Madrid.

O subdirector de informativos, Alejandro López Carballeira, foi o encargado de explicar as “novas dinámicas de traballo” que consisten en que as redactoras (ata o de agora especializadas en televisión, radio ou *web*) pasen a traballar “de maneira indiscriminada nos tres soportes”.

Recoñeceu que esa transformación suporá modificacións de tarefas e posiblemente tamén de horarios, amais de afectar á estrutura organizativa, habendo unha responsable por delegación que coordinará os contidos e o persoal, e que desenvolverá a representación institucional de cada centro de traballo. Cambios que pretenden implementar progresivamente a partir do 7 de xaneiro.

Fan así oídos xordos de novo á demanda de diálogo social recollida nos motivos da folga, onde se pedía retomar a negociación da nova clasificación profesional, e tan necesaria para acometer unha transformación dixital da CRTVG consensuada e exitosa.





O Grupo Parlamentario Socialista denunciaba na Comisión de Control parlamentaria que dende o 26 de xuño de 2024 non se levaron a cabo máis reunións nin se acadou acordo en firme sobre o modelo presentado pola CRTVG para a nova clasificación profesional, pendente de actualización desde hai máis dunha década e instabamos o Director do ente a retomar de forma urxente a negociación.

Considera, o comité intercentros, que a dirección volve a aplicar “rodillo” para impoñer funcións, xerando máis inquedanza e malestar entre as traballadoras dos medios públicos e que constitúe un novo ataque ás traballadoras e á súa representación que non fai máis que quentar unha folga froito do maltrato e desmantelamento que levan anos sufrindo por parte da actual dirección

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. A que marco legal responde a modificación e reestruturación das delegacións anunciada pola dirección da CRTVG ?
2. Estas novas dinámicas van dar lugar a modificación substancial das condicións de traballo?
3. En que punto queda a información territorial con este cambio?
4. Como vai ser a dinámica diaria de traballo?
5. Como vai afectar ás funcións do persoal?
6. É un paso previo á implantación do mesmo sistema de traballo en San Marcos?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2024 11:35:30
Nº Rexistro: 14964
Data envío: 26/11/2024 11:35:30,241

7. Como vai afectar esta proposta a redactores e locutores da RG? Vai supoñer algún cambio nas súas funcións?

8. Vai isto supoñer algún cambio na estrutura orgánica, nas xefaturas, a quen van ter que dar conta os traballadores?

9. O cambio nas delegacións é o paso previo para facer o mesmo na Radio Galega?

Parlamento de Galicia, 26 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/11/2024 11:12:42

Silvia Longueira Castro na data 26/11/2024 11:13:01

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51688

@PSdeG



CSV: BGPSIBRBC4R6dyvABQAG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

Dende o ano 2020 e tras 25 anos de reivindicacións veciñais a líña 4, que acababa na parroquia de Alba, chega ata a parroquia de Cerponzóns (Pontevedra) incluíndo 3 paradas situadas nos núcleos de Pidre, A Rons e Tilve.

Isto permite á veciñanza desta parroquia desprazarse en transporte público a outras parroquias e a Pontevedra cidade, sen quedar illados como estaban. Pero esta liña de transporte está a presentar problemas dende hai máis dun mes nunha clara discriminación dos veciños desta parroquia respecto das outras.

A irregularidade consiste en que no canto de realizar estes desprazamentos un autobús están a ser realizados por unha furgoneta de 7 prazas que nin cumpre os requisitos de accesibilidade nin ten o tamaño suficiente para asumir a demanda do servizo, e a maiores nin está identificada como tal, o que causa a desconfianza e a confusión dos usuarios, na maioría xente de avanzada idade ou nova.

Os socialistas cremos que o Goberno galego ten que esixir á empresa concesionaria que cumpra as condicións do contrato e entre elas a de dar un trato igualitario, ter uns vehículos accesibles e acondicionados, e suficientemente identificados.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2024 11:39:11
Nº Rexistro: 14968
Data envío: 26/11/2024 11:39:11.255

A veciñanza da parroquia de Cerponzóns xa tardou moitos anos en conseguir ter este servizo para ter que sufrir agora outra discriminación en relación coas súas condicións.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Por que a liña 4 de transporte público interurbano de Pontevedra non está cuberta por un autobús accesible?
2. Vai o Goberno galego esixir á empresa concesionaria o cumprimento dos pregos do contrato de concesión e a igualdade de trato para todos os usuarios?

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/11/2024 10:34:25

Carlos López Font na data 26/11/2024 10:34:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a extensión do servizo de hospitalización a domicilio en Sada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Hospitalización a Domicilio do SERGAS foi anunciado pola Xunta de Galiza como un “eixo fundamental na transformación da asistencia sanitaria, por achegar coidados de rango hospitalario ao domicilio do paciente de xeito efectivo e seguro”, debido principalmente ás novas demandas asistenciais dunha poboación máis envellecida, que esixen unha transformación dos servizos sanitarios que permitan que sexan prestados no propio domicilio dos pacientes. O Servizo Galego de Saúde considera que “a hospitalización a domicilio é o modelo de futuro xa que humaniza a atención, permite traballar coordinadamente e leva o hospital alí a onde se necesita”.

O SERGAS, a pesar de que a última estratexia até o momento do Plan Galego de Hospitalización a Domicilio rematou en 2023, ten o obxectivo de potenciar e consolidar este modelo asistencial en todo o país para permitir unha atención máis eficiente a toda a cidadanía. De feito, o presidente Alfonso Rueda anunciou en febreiro deste ano que o SERGAS estendería a todo o territorio galego o Plan de Atención Primaria a Domicilio.

Na unidade de HADO trátanse os pacientes que terían indicación de estaren ingresados no hospital, mais que cumpren certos criterios para ser atendidos nos seus domicilios. O HADO do CHUAC trata aproximadamente 1.400 pacientes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Concello de Sada ten máis de 15.000 habitantes e forma parte da área sanitaria da Coruña-Cee. Na actualidade, na área sanitaria da Coruña-Cee só forman parte deste servizo os concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros.

O Pleno do Concello de Sada acordou demandar a inclusión de Sada no servizo de hospitalización a domicilio do CHUAC que, de acordo con datos da propia Xunta de Galiza, en 2023 atendeu 7.000 cidadáns e cidadás galegas. O 13 de setembro de 2013, aprobárase a seguinte proposición non de lei que se debateu na Comisión 5.^a, a iniciativa das deputadas do Bloque Nacionalista Galego Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Garantir a cobertura de toda a poboación a través da Hospitalización a Domicilio antes do remate da presente lexislatura.

2º.- Dotar aos servizos de Hospitalización a Domicilio dos recursos humanos e materiais precisos para poder garantir o funcionamento do servizo”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cal é a valoración que fai o goberno galego da implantación do Plan de Hospitalización a Domicilio na área sanitaria da Coruña-Cee?

- Ten previsto o goberno galego incluír o Concello de Sada no Servizo de Hospitalización a Domicilio do CHUAC?

- En que prazo o vai facer?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de novembro 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 26/11/2024 13:20:55

Iria Carreira Pazos na data 26/11/2024 13:21:10

María Montserrat Prado Cores na data 26/11/2024 13:21:24





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 4ª**.

O CEIP Plurilingüe Vilaxoán é un dos centros escolares de carácter público sito no concello de Vilagarcía, conta cun total de 206 alumnos e alumnas, dos cales o 31% do alumnado pertence ao Departamento de Orientación: alumnado TEA, trastornos condutuais, trastorno xeralizado do desenvolvemento, grandes dependentes e con altas discapacidades.

Este curso escolar produciuse neste centro un incremento do número de alumnado con necesidades educativas especiais pero a Consellería, a pesar do requirimento, non dotou ao centro do persoal necesario para atender as novas necesidades que se presentan este curso, carecendo do persoal mínimo para cubrir as necesidades e para ofrecer unha mellor e máis axustada atención ao alumnado.

Esta situación, ademais, agravase co feito de que o centro foi excluído do programa PROA+, a pesar de cumprir os requisitos de selección.

O centro tamén conta con dúas prazas de persoal coidador superando a ratio establecida por lei, que é 1 por cada 6, atendendo nestes momentos a 9 alumnos e alumnas por persoa coidadora.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non entendemos porque a Consellería de Educación discrimina a este centro sen dotalo dos recursos necesarios,





evidenciando que se a medida que aumentan as necesidades, os recursos non aumentan, e os que hai teñen que ser repartidos entre máis alumnado, se provoca unha sobrecarga de traballo no profesorado e se imposibilita unha educación equitativa e de calidade.

Esta falta de persoal deixa ao alumnado sen os apoios necesarios para un efectivo e real acceso a unha educación digna e inclusiva.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Por que o Goberno galego discrimina ao CEIP de Vilaxoán de Vilagarcía en relación con outros centros?
2. Vai o Goberno galego incrementar o profesorado do CEIP de Vilaxoán en Vilagarcía, en concreto cun mestre especializado en Pedagogía Terapéutica e un coidador ou coidadora?

Santiago de Compostela, 26 de Novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/11/2024 16:19:13

Julio Abalde Alonso na data 26/11/2024 16:19:32

Silvia Longueira Castro na data 26/11/2024 16:19:47





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

As organizacións sindicais manifestaron o malestar existente entre o persoal aspirante pola proposta de exame sobre a base dos seguintes feitos en relación co proceso selectivo para o ingreso na escala de axentes técnicos en xestión ambiental do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do grupo B, celebrado o día 16 de novembro de 2024:

1. Durante a realización da proba atopáronse erros en respostas, polo que se paralizou o tempo para explicar e corrixilos.
2. Realízanse preguntas sobre normativa sen actualizar como o Pladiga 2023.
3. O tempo de realización do exercicio foi insuficiente para unha proba que supera as 3 horas e con 55 folios de lectura. Esta cuestión xa fora manifestada por esta organización nas alegacións presentadas ás bases do proceso selectivo.
4. O número de preguntas realizadas no exame non gardan unha proporcionalidade entre os temas. Dáselle moito peso a algúns temas e outros sen embargo apenas se tocan.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2024 10:46:57
Nº Rexistro: 14994
Data envío: 27/11/2024 10:46:57.874

5. O primeiro día de prazo para presentar impugnacións ás preguntas non funcionaba o FIDES, polo que, os aspirantes perderon un día de prazo.

Por iso, as organizacións realizaron unha serie de peticións que comparte o Grupo Parlamentario Socialista, polo que formulamos as seguintes preguntas:

1. Ante as queixas recibidas no proceso selectivo na escala de axentes técnicos en xestión ambiental do corpo de técnicos de carácter facultativo da Administración especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do grupo B, celebrado o día 16 de novembro de 2024, que pasos vai dar a Xunta de Galicia?

2. Cantas impugnacións foron presentadas?

3. Por que o temario das probas non estaba actualizado, como as preguntas correspondentes ao Pladiga?

4. Cantas preguntas se realizaron nestas probas nas que o temario non estaba actualizado?

Parlamento de Galicia, 27 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/11/2024 10:25:45

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51697

@PSdeG



CSV: B6P1S1R3C3F0K1Y2a19%Z7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2024 10:46:57
Nº Rexistro: 14994
Data envío: 27/11/2024 10:46:57.874

Lara Méndez López na data 27/11/2024 10:25:55

CSV: B6P5TRB3CFU0K0Y2a1g%z7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51698

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

As organizacións sindicais manifestaron o malestar existente entre o persoal aspirante pola proposta de exame sobre a base dos seguintes feitos en relación co proceso selectivo para o ingreso na escala de axentes técnicos en xestión ambiental do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do grupo B, celebrado o día 16 de novembro de 2024:

1. Durante a realización da proba atopáronse erros en respostas, polo que se paralizou o tempo para explicar e corrixilos.
2. Realízanse preguntas sobre normativa sen actualizar como o Pladiga 2023.
3. O tempo de realización do exercicio foi insuficiente para unha proba que supera as 3 horas e con 55 folios de lectura. Esta cuestión xa fora manifestada por esta organización nas alegacións presentadas ás bases do proceso selectivo.
4. O número de preguntas realizadas no exame non gardan unha proporcionalidade entre os temas. Dáselle moito peso a algúns temas e outros apenas se tocan.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2024 10:47:20
Nº Rexistro: 14995
Data envío: 27/11/2024 10:47:20.358

5. O primeiro día de prazo para presentar impugnacións ás preguntas non funcionaba o FIDES, polo que, os aspirantes perderon un día de prazo.

Por iso, as organizacións realizaron unha serie de peticións que comparte o Grupo Parlamentario Socialista, polo que as deputadas que asinan preguntan:

Ante as queixas recibidas no proceso selectivo na escala de axentes técnicos en xestión ambiental do corpo de técnicos de carácter facultativo da Administración especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do grupo B, celebrado o día 16 de novembro de 2024, que pasos vai dar a Xunta de Galicia?

Parlamento de Galicia, 27 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/11/2024 10:24:45

Lara Méndez López na data 27/11/2024 10:24:57

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51700

@PSdeG



CSV: B6PISJTB0Z4K0JF454567
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

As políticas públicas de memoria democrática son un instrumento chave para promover a defensa dos dereitos humanos e da democracia, creando condicións de pedagogía social que se constitúan en garantías de non repetición.

Aprobada en outubro de 2022, a Lei de memoria democrática é vehículo fundamental para fomentar o coñecemento das etapas democráticas da historia de España e de Galicia e manter a memoria das vítimas do Golpe militar, da Guerra e a Ditadura franquista a través de iniciativas como a retirada dos símbolos desta e a creación dun Censo de Vítimas co obxectivo de rehabilitar a súa memoria e reparar os danos causados.

Esta lei fundaméntase nos principios de verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición, acuñados polos organismos internacionais dos dereitos humanos, así como nos valores democráticos de concordia, convivencia, pluralismo político, defensa dos dereitos humanos, cultura de paz e igualdade entre homes e mulleres. A Lei de memoria democrática vai destinada a toda a sociedade en xeral e, particularmente, a todas as vítimas que sufriron dano físico, moral, psicolóxico ou patrimonial, ou viron menoscabados os seus dereitos fundamentais, como consecuencia de violacións das normas internacionais de dereitos humanos e do dereito internacional humanitario durante o período que abarca o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936, a





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2024 10:57:39
Nº Rexistro: 15002
Data envío: 27/11/2024 10:57:39.315

posterior guerra e a ditadura, incluíndo o transcorrido ata a entrada en vigor da Constitución de 1978.

Neste sentido é imprescindible que os poderes públicos a través das administracións Estatal, Autonómica e Local leven a cabo políticas públicas dirixidas ao coñecemento da nosa historia e ao fomento da memoria democrática, desenvolvendo as accións precisas de recoñecemento e reparación ás vítimas e establecendo accións pedagóxicas encamiñadas ao coñecemento de feitos pasados co obxectivo da non repetición.

Desde a óptica de facilitar a participación da cidadanía, a través dos seus representantes democraticamente designados, na vida política, económica, cultural e social de Galicia, faise necesaria a constitución do Consello da Memoria Democrática de Galicia.

Por iso, os deputados que asinan preguntan:

Vai este goberno constituír o Consello da Memoria Democrática de Galicia como xa fixeron outras CC.AA?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/11/2024 10:42:14

Patricia Iglesias Rey na data 27/11/2024 10:42:26

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51702

@PSdeG



CSV: B6P5T8D0x4t0QYpaj5X-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a pobreza das familias con crianzas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe de risco de pobreza e exclusión social do 2023 de Galiza aporta datos que non son positivos, cun crecemento de 50.000 persoas que se atopan nesta situación de precariedade con respecto aos datos anteriores.

Os fogares onde hai presenza de menores superan a media do índice de risco de pobreza e exclusión social en máis de dous puntos porcentuais con respecto ás familias sen crianzas ao seu cargo, chegando ao 27,1% de xeito que se agrava a situación de risco. Segundo os propios informes, a presenza de nenos, nenas e adolescentes é un factor empobrecedor, polo que a atención cara esta parte da poboación debe ser prioritaria por parte do goberno. Esta tendencia dos fogares nos que hai menores repítese cos datos da taxa de privación ou carencia material, social e severa (PMSS), que nestas familias chega ao 10,2%, máis de catro puntos superior que no resto das unidades familiares, dando coma resultado unha media xeral que aumenta segundo os datos de informes anteriores, con cifras de 8,2%.

Deste xeito como chegamos á situación na que os menores de 18 anos son os que máis alto índice de risco ostentan por idades, sen esquecer que a pobreza se perpetúa nunha alta porcentaxe de casos estendéndose dende a infancia e mocidade ata a idade adulta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un dato relevante é que a privación material e social severa máis alta por idades é en nenos, nenas e adolescentes, acadando un 12,4%, que indica a elevada vulnerabilidade desta parte da poboación, onde a media xeral é do 8,2%, cunha subida de dous puntos con respecto ao informe anterior. É evidente que precisamos medidas urxentes e que cheguen á poboación, medidas transversais onde os máis vulnerables sexan o obxectivo, xa que a pobreza aumentaría a máis do dobre (46,6%) sen medidas que traten de paliar, aínda que na actualidade o seu impacto se está vendo reducido.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Que medidas de nova creación se impulsarán dende o goberno da Xunta de Galiza no 2025 para paliar o aumento do risco de pobreza e exclusión social e da PMSS que sofren as familias con menores ao seu cargo?

2. Considera o goberno da Xunta de Galiza que as medidas que se están a tomar na actualidade son suficientes para reverter esta situación que sofren as familias galegas? De ser así, por que cre que aumenta o risco de pobreza e exclusión social e a PMSS nas familias con crianzas ao seu cargo?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 27/11/2024 12:24:48

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2024 12:24:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as contías percibidas polas familias acolledoras galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Observatorio de Dinamización Demográfica de Galiza levou a cabo recentemente un cálculo sobre o custo da crianza de fillos e fillas nas familias galegas, acadando a cifra media final no noso país de 630,34 euros. Se comparamos este resultado co do resto do estado, onde as medias chegan aos 672 euros mensuais, vemos que nos superan en 41 euros.

O investimento sufriu dende 2018, en cifras estatais, un aumento do 14,5% con respecto aos datos do 2022, medrando por enriba da inflación, que no mesmo período medrou un 11,3%, dato que mostra ata que punto se viu encarecida a crianza dos menores para as familias do conxunto do estado e ao que non somos alleos en Galiza. Segundo datos do INE o investimento por crianza aumentou nun 50% nos últimos 20 anos, de xeito que para o 20% da poboación con menos renda, o custo da crianza supera os ingresos mensuais que se perciben directamente, algo que ten como resultado o dato de risco de pobreza e exclusión social galego que no caso das familias con menores ao seu cargo supera un alarmante 27%.

A partir deses datos proporcionados polo Observatorio de Dinamización Demográfica de Galiza coñecemos asemade, que o custo da crianza dos nenos, nenas e adolescentes aumenta coa idade destes, partindo dun mínimo de 521 euros mensuais no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

caso dos bebés ate os 3 anos de idade, de 572 nas crianzas de entre 4 e 6 anos, e de 657 euros mensuais nos nenos e nenas de 7 a 12 anos. O abano de idades onde máis aumenta o custo por crianza ao mes é no caso dos adolescentes de 13 a 17 anos, cando se precisan de media 690 euros segundo o documento que a propia Xunta de Galiza publicou. Para chegar ás conclusións de dito informe tomáronse como referencia as necesidades básicas dos menores, incluíndo alimentación, hixiene, roupa, calzado, etc, garantindo os coidados e a atención necesarias, ao igual que unhas condicións de vida digna nas que poder desenvolverse con normalidade durante a infancia e a adolescencia.

Chama a atención o caso das familias acolledoras galegas, cuxa labor social é de vital importancia para que os nenos, nenas e adolescentes poidan vivir no seo dunha familia e non permanezan durante a súa infancia e adolescencia en centros de acollida de xeito permanente. Estas familias, segundo a propia páxina da Consellería de Política Social, reciben unhas contías económicas destinadas a cubrir as necesidades dos menores que acollen, establecéndose segundo o tipo de acollemento que se leva a cabo pola súa parte. A compensación económica no caso dos acollementos comúns ven clasificada segundo as idades dos menores, distribuíndose en 3 grupos: menores de un ano, de 1 a 3 anos e de 3 a 18 anos de idade. As contías mensuais recibidas respectivamente son de 600 euros, 400 euros e 350 euros no último grupo.

As axudas percibidas polas familias acolledoras para cubrir as necesidades dos menores ao seu cargo, cuxa tutela corresponde á Xunta de Galiza e, polo tanto a todas e todos os galegos, non se corresponden en absoluto coas contías especificadas no informe do Observatorio de Dinamización Demográfica de Galiza, quedando moi escasas especialmente no caso dos nenos maiores de 7 anos e ata a maioría de idade, onde estas familias non perciben nin a metade do que precisan para asegurarlle o benestar óptimo a ditas crianzas, de xeito que as estamos desprotexendo economicamente mentres levan a cabo unha función social que é imprescindible, sendo unha parte chave da solución.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Prevé a Xunta de Galiza, a través da Consellería de Política Social modificar as contías que reciben as familias acolledoras por crianza mensualmente en base á media que o informe do ODDG indica o investimento que é preciso para a crianza dos menores?

2. Ten en conta a Consellería de Política Social a subida do IPC para o cálculo das compensacións comúns por acollida de crianzas en familias de acollemento?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 27/11/2024 17:34:04

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2024 17:34:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de a Xunta atender as conclusións da VIII Conxuntura estatística do ámbito cultural elaborado polo Consello da Cultura Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Cultura Galega publicou neste mes de novembro os datos de avaliación relativos á *VIII Conxuntura estatística do ámbito cultural* na que repasa os principais indicadores do sector ao longo de 2023.

O marco xeral das conclusións deste informe é o da estabilidade fronte ao crecemento dos últimos anos.

Neste sentido, cómpre destacar unha pequena baixada nos datos de emprego cultural, certa estabilización nos datos de afiliación á Seguridade Social logo duns anos de crecemento importante, dependencia da estacionalización concentrada nos meses de primavera e verán, o sector editorial presenta unha produción media por editorial moi inferior á estatal e onde o papel das traducións ao galego é cada vez menor.

Asemade, entre as conclusións do estudo do CCG recóllese que a respecto do gasto dos fogares galegos en produtos e servizos culturais, se aprecia unha contracción do gasto en ocio e cultura.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Que medidas vai impulsar o goberno da Xunta para dar resposta ás conclusións do VIII Conxuntura estatística do ámbito cultural?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/11/2024 18:18:13

Daniel Castro García na data 27/11/2024 18:18:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias e Rosana Pérez Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a valoración da campaña “Galicia sabe Amar” de promoción do consumo de peixe e outros produtos do mar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O consumo de peixe e marisco caeu un 24% nos últimos 10 anos en Galiza. Un de cada 10 fogares galego non consumen proteína mariña en todo o mes e o principal causa deste descenso no consumo de peixe é o incremento do seu prezo nun 26,6%. Antes da pandemia o prezo medio por quilo estaba en 7,9€ e na actualidade é de 10€.

Esta suba de prezos reduce a capacidade de gasto das familias galegas impedíndolles o acceso a un alimento esencial para unha dieta sa e equilibrada. Un descenso no consumo de peixe vai incidir negativamente na saúde das galegas e dos galegos e como consecuencia incrementárase o gasto sanitarios

Ademais esta caída no consumo de produtos do mar afecta ao sector da pesca galego, un sector estratéxico na Galiza que non pasa precisamente por bos momentos debido ás `políticas restritivas e á falta de apoio das distintas administracións.

Para frear esta deriva o sector demanda medidas de apoio e de incentivación ao consumo de peixe e outros produtos do mar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nese sentido o Goberno Galego e o Goberno do Estado, así como o propio sector, puxeron en marcha campañas de promoción dos produtos do mar.

En 2021 a Xunta de Galicia lanzou a campaña “Galicia sabe AMAR” co obxectivo de fomentar o consumo de peixe e marisco entre a cidadanía.

No ano 2023 púxose en marcha unha nova edición desta campaña con un programa de rutas nas que catro foodtrucks ofrecerán degustación de produtos do mar en concello galegos e do resto do Estado.

Na actualidade está en marcha unha nova edición desta campaña que se desenvolverá durante 20 meses de 2024 e 2025 e na que se incrementa o orzamento e o número de concellos a visitar e de degustacións que ofrecer.

Dada a importancia da promoción do consumo de peixe e marisco, tanto para a saúde das galegas e dos galegos como para o futuro do sector do mar, é preciso facer unha avaliación dos resultados das campañas que para tal fin se poñan en marcha e que estes resultados se fagan públicos para o coñecemento de toda a cidadanía.

Até o momento a Consellería do Mar non deu a coñecer os resultados do programa “Galicia sabe AMAR” das anteriores edicións, polo que non se coñece que repercusións tivo o consumo de produtos do mar na dieta das familias galegas, nin que retorno tivo para o sector do mar, especialmente para a flota pesqueira .

Así mesmo é importante que no desenvolvemento destas campañas se impliquen todas as administracións, no caso de Galicia a Xunta debería trasladarlle ás corporacións municipais a necesidade de participar nesta campaña co seu apoio para que a cidadanía perciba a importancia da mensaxe destas campañas e da necesidade de consumir produtos do mar para a súa saúde e para apoiar ao sector do mar galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- Comparte o Goberno Galego que os produtos pesqueiros (peixe e marisco) son un alimento básico que debería estar presente de forma habitual na dieta e que é necesario abaratalo para facelo máis accesíbel ás maiorías sociais nun contexto de elevada inflación?

- Como valora o Goberno Galego que se desenvolvan campañas de promoción dos produtos do mar e de incentivación ao seu consumo?

- Cales son as campañas desenvolvidas polo Goberno Galego para incentivar ao consumo de produtos do mar?

- Ten avaliado o Goberno Galego os resultados destas campañas, concretamente da “Galicia sabe AMAR”? Que retorno tivo para o sector pesqueiro?

- Considera o Goberno Galego que a campaña “Galicia sabe AMAR” é eficiente e acada os obxectivos previstos?

- Como valora o Goberno Galego que a pesar destas campañas sega caendo o consumo de peixe nos fogares galegos?

- Que outras medidas ten previsto adoptar o Goberno Galego para frear a caída no consumo de produtos do mar?

- Considera o Goberno Galego que ás corporacións municipais dos concellos onde se desenvolvan as distintas campañas deben implicarse e participar nas mesmas para que a cidadanía perciba a importancia da mesma?

_ Contactou o Goberno Galego con todas as corporacións municipais dos concellos onde se instalaron as foodtrucks para que participaran na campaña “Galicia sabe AMAR”?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 28/11/2024 10:25:35

Rosana Pérez Fernández na data 28/11/2024 10:27:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o futuro da nova Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 11 de novembro aprobábase no Consello da Xunta a segregación da sociedade anónima pública Xestión do Solo de Galicia- Xestur, S.A., constituída para a realización de actividades urbanísticas A instancia da Consellería de Facenda e Administración Pública adoptábase o *Acordo polo que se autoriza a escisión parcial da sociedade Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A. e a constitución dunha nova sociedade denominada Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. e se aproban os seus estatutos.*

Con data de 19 de novembro tiña lugar a celebración do primeiro consello de Administración da Sociedade de Vivenda Pública de Galiza, cuxa presidencia ostenta a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A decisión de escindir o Xestur prodúcese 7 meses despois de que a reconfiguración do novo executivo xerara un auténtico caos pola fragmentación de competencias relativas á planificación territorial e de vivenda en distintas consellerías. No novo executivo é a Consellería de Economía e Industria a que asumiu a tutela funcional da sociedade pública Xestión do Solo de Galicia- Xestur, S.A, a pesar de que a súa actividade non se limita ao solo empresarial, senón que tamén inclúe o solo residencial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por tanto, durante os 7 últimos meses foi esta Consellería de Economía e Industria quen tivo a tutela funcional sobre o Xestur ao tempo que era a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas quen seguiu levando o impulso do solo residencial do Xestur, como así se verifica nas informacións a medios dos Consellos da Xunta. Esta confusión tamén xerou malestar nos axentes ligados ao solo residencial e á vivenda que deben relacionarse co Xestur ao non atopar unha interlocución clara.

En definitiva, a decisión de escindir o Xestur non é resultado dunha vocación de crear unha nova ferramenta que permita avanzar en materia de vivenda e axilizar o seu funcionamento, como argumentou o presidente da Xunta, senón que é a resposta inevitable ante o caos xerado co novo organigrama.

Unha decisión que ademais chega tarde, xa que nin se adoptou no momento da reconfiguración do goberno, para acompañar as mudanzas competenciais; nin se impulsou antes da presentación dos orzamentos. Isto fai con que os orzamentos para 2025 do Xestur, vinculados á Consellería de Economía e Industria incorporen partidas vinculadas ao solo residencial, que se descoñece como se trasladarán nesta nova situación.

No Proxecto de Escisión Parcial da Sociedade Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A., mediante a Creación dunha Nova Sociedade (Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A.) indícase que a nova sociedade escindida comezará a súa actividade cun balance inicial total de 100,9M€, do total dos 242,5M€ cos que contaba o Xestur, o 41,6% da sociedade inicial. Así o Xestur realiza un traspaso de 100,9M€ en activos (incluíndo efectivo (42,7M€), resto de activos correntes (47,3M€) e activos non correntes (10,7M€)), de 23,8M€ de pasivos e á Sociedade de Vivenda Pública de Galicia. O patrimonio neto da sociedade beneficiaria queda configurado por unha subvención de 1,1M€ (transferida desde a sociedade escindida), capital social (74,8M€) e reservas (973.095 €).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais non se coñece cal será o orzamento e a actividade durante o vindeiro exercicio.

Tampouco se aclara como será a coordinación co IGVS xa que comparten algunhas funcións e converxen no desenvolvemento de obxectivos comúns. Tal e como foi anunciado polo goberno, a promoción de vivendas públicas por parte desta nova sociedade se realizará en paralelo ás impulsadas polo IGVS e tamén se establece a posibilidade de que a nova sociedade dispoña do solo obxecto de cesión polo IGVS ou polos concellos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cales son as diferencias funcionais entre o Xestur e a nova sociedade no relativo ao solo residencial e a promoción de vivenda?
- Cales serán os obxectivos concretos da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia para o ano 2025?
- Que actuacións en materia de solo residencial prevé impulsar no 2025?
- Que actuacións en materia de promoción de vivenda prevé impulsar no 2025?
- Esta prevista algunha modificación futura neste sentido?
- Cal será o financiamento do programa de investimentos e das necesidades de explotación para o ano 2025?
- Cales son as previsións de orzamento de capital da nova sociedade?
- Que investimentos concretos se realizarán durante o 2025?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como se distribuirán as funcións en relación co IGVS nas materias en que comparten atribucións?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 28/11/2024 12:26:02

Luis Bará Torres na data 28/11/2024 12:27:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Secundino Fernández Fernández, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a necesaria cesión do antigo local da Cámara Agraria de Bueu ao Concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O local da Cámara Agraria situado no concello de Bueu trátase dun espazo de preto de 150m² útiles, antano destinado a funcións e actividades relacionadas co sector agrario dentro da localidade de Bueu. Posteriormente, a Cámara Agraria, serviu tamén como espazo para a petición, esencialmente, de permisos de queima para particulares.

É pois, que a cesión deste espazo ao Concello de Bueu é unha reclamación histórica de diferentes gobernos municipais, entendendo a necesidade da cesión de espazos públicos infrautilizados ou directamente en desuso para poñelos a disposición do interese público e de carácter social que este tipo de espazos poden constituír nas diferentes vilas onde se atopan.

Así, diferentes corporacións do Concello de Bueu, concretamente nos anos 1996, 2008 e 2024, solicitaron a cesión deste espazo á Xunta de Galiza sen éxito, a pesar da posibilidade de realizar estas cesións e os antecedentes neste mesmo proceder en diferentes concellos ao longo do país.

Atendendo á necesidade de dispoñer de espazos para usos públicos e sociais, e atendendo tamén ao desuso da actual Cámara Agraria situada no Concello de Bueu, é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lórico e necesario que se chegue a acordos entre as diferentes administracións para lograr este fin.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

. Valora a Xunta de Galiza a cesión deste espazo para uso público e social ao Concello de Bueu?

. Entende necesario a Xunta de Galiza a posta en uso de espazos infrautilizados para beneficio da veciñanza?

. Que pasos, e en que prazos, vai dar a Xunta de Galiza para atender a demanda histórica do Concello de Bueu para levar a cabo a cesión do local da Cámara Agraria hoxe en desuso?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Secundino Fernández Fernández
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 28/11/2024 13:21:48

Secundino Fernández Fernández na data 28/11/2024 13:23:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as necesidades do CEIP Canosa-Rus (Coristanco).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Colexio de Educación Infantil e Primaria Canosa-Rus é un centro situado no lugar de A Braña, parroquia de Erbecedo. Este centro educativo radica no Concello bergantiñán de Coristanco. Mais pola súa situación, a cabalo entre dous concellos, da servizo a 143 alumnos de Coristanco e Carballo. Este centro conta cun comedor de xestión directa e recursos para a convivencia escolar, que xiran arredor dun espazo acolledor e ben dotado como é a Leoteca. Tamén cunha ANPA dinámica e comprometida que organiza actividades extraordinarias en horario de tarde, como poden ser xadrez ou multideporte.

No CEIP Canosa-Rus impártense clases de educación infantil (4º, 5º e 6º) máis de educación Primaria (de 1º a 6º), e conta cun equipo de especialistas en inglés, educación física e relixión católica. Tamén cun equipo de profesores e profesoras especialistas en pedagogía terapéutica, audición e linguaxe e un departamento de orientación.

Os recortes sufridos no curso escolar 2023-2024 en diferentes departamentos repercutiron e dificultaron a atención educativa ao alumnado, nomeadamente ás crianzas con necesidades específicas de apoio educativo. A atención á diversidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

resentiuse xa nese curso malia profesionalidade e compromiso de profesorado e equipo directivo e a solidariedade intercentros.

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ten dereito a unha educación inclusiva e de calidade, tal e como se recolle na Orde de 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, publicado no Diario Oficial de Galiza o 26 de outubro de 2021.

A Xunta de Galiza ten polo tanto a obriga de dotar aos centros educativos dos medios humanos e materiais necesarios para atender ao alumnado con necesidades especiais. Mais o Goberno galego incumpre esa obriga legal. E non é esta unha afirmación teórica, senón unha realidade constatada. Porque son moitos os centros de ensino e as comunidades educativas que denuncian de xeito público que a Xunta está a vulnerar de xeito reiterado os dereitos das crianzas con necesidades específicas de apoio educativo. Nomeadamente, nas comarcas da Costa da Morte e de Bergantiños, como aconteceu no comezo do curso pasado en A Laracha (Colexio Otero Pedraio e no Agra de Leborís), en Carballo (Xesús San Luís Romero e IES Alfredo Brañas) ou en Muxía (Virxe da Barca).

Agora, este ano, repítese a historia nas dúas comarcas, e só a mobilización e as protestas das comunidades educativas afectadas provoca a reacción (e rectificación) da Consellería de Educación. Un exemplo ben claro témolo no acontecido co Centro Público Integrado Cabo da Area de Laxe (Bergantiños), que acadou un especialista de Audición e Linguaxe a tempo completo.

As decisións, en forma de recortes, da Consellería de Educación da Xunta de Galiza no curso anterior afectaron negativamente á atención á diversidade no CEIP Canosa-Rus, este ano repítese a situación. Por iso desde a ANPA do centro solicitouse





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da Consellería que se dotase con máis persoal de Audición e Linguaxe para que o alumnado que presenta Necesidades Educativas Especiais (NEE) reciba un número de sesións semanais acorde ás necesidades que presenta. Igual que a equipa directiva, que solicitou da administración competente que se dotase ao centro cun mestre especialista en AL a media xornada.

Mais esas demandas da comunidade educativa non foron atendidas, e este centro precisa unha mestra ou mestre de AL a media xornada e reforzo de profesorado, para así prestar ao alumando a atención á que ten dereito.

Alén das necesidades que atinxen á docencia e ao profesorado, o CEIP Canosa-Rus, precisa dunha actuación integral atendendo ao estado xeral do edificio e das diferentes dependencias. Actuación encamiñada a evitar as numerosas humidades que se aprecian en teitos e paredes, solucionar o problema de goteiras, actuar no estado actual de canalóns e tellado, mudar a instalación eléctrica, actuar no peche perimetral e, co fin de mellorar a eficiencia enerxética, substituír as fiestras actuais.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Considera o Goberno galego que o CEIP Canosa-Rus conta cun equipo docente especializado suficiente para atender ao alumnado con NEE?
- Considera que o alumnado con NEE do CEIP Canosa-Rus ten garantida atención e o ensino que precisan e ao que teñen dereito?
- Considera o Goberno galego que é necesario o reforzo de profesorado de apoio neste centro atendendo ás necesidades do alumnado?
- Coñece o Goberno galego cal é o estado actual do CEIP Canosa-Rus?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- É coñecedor o Goberno galego do problema de humidades e goteiras existente neste centro?
- Considera o Goberno galego que é necesaria unha actuación para solucionar humidades e goteiras?
- Coñece o Goberno galego canto tempo pasou desde a última actuación no tellado do CEIP Canosa-Rus? Canto? En que consistiu?
- Considera o Goberno galego que é necesaria a substitución do tellado deste centro?
- Considera o Goberno galego que é necesario renovar a instalación eléctrica deste centro?
- Considera o Goberno galego que as fiestras e portas actuais contribúen á eficiencia enerxética?
- Considera necesario cambiar as fiestras para mellorar a á eficiencia enerxética?
- Considera o Goberno galego que o estado do peche perimetral cumpre con toda a normativa construtiva e de seguridade?
- Ten previsto acometer a realización dun novo peche?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2024

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 28/11/2024 17:13:30

Cristina Fernández Davila na data 28/11/2024 17:15:45





A Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Julio García Comesaña, Carmen Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Víctor Baladrón Lamas, Raúl Santamaría González, María Felisa Rodríguez Carrera e Cecilia Vázquez Suárez deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª Educación e Cultura** .

O luns 30 de setembro do presente 2024, o pleno da corporación de Vigo aprobaba o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións co que o concello da cidade dá por concluída a tramitación municipal que lle permitirá ceder ao Ministerio de Cultura o chan onde está prevista a futura construción da Biblioteca Pública do Estado. Dúas parcelas, situadas entre as rúas Lalín e Coruña, de 6.578 metros cadrados.

Trátase dun paso fundamental que chega tras 17 anos de procura dunha ubicación que permita a localización desta dotación cultural, que Vigo leva décadas anhelando e demandando.

Un paso relevante, pero non definitivo xa que devandito chan deberá ser agora cedido ao Ministerio para licitar o proxecto e posteriormente executar a obra, de cuxa xestión se encargará a Xunta de Galicia.

O 14 de Novembro de 2024 o Goberno de España, respondeu a unha pregunta escrita dos deputados do Grupo Popular na Provincia de Pontevedra con estas palabras: “O Ministerio de Cultura mantén o seu compromiso coa construción da futura Biblioteca Pública do Estado en Vigo. O citado Ministerio manterá as reunións necesarias coas administracións implicadas ao obxecto de que o proxecto se desenvolva con éxito.”

Está claro, polo tanto, que a día de hoxe a pelota está no tellado do Concello de Vigo e do Goberno central.

As negociacións mantidas o longo de todos estes anos a tres bandas, entre o Concello de Vigo (organismo que cede o terreos para a futura Biblioteca do Estado), o Goberno de España (que se encargará de financiar a construción) e a Xunta de Galicia (que xestionaría o equipamento) finalmente frutificaron en 2022 nun acordo polo cal o Ministerio de Cultura aceptaba o programa de necesidades enviado pola Xunta en 2020, e que establecía que a futura biblioteca terían unha dimensión de máis de 8.000

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





metros cadrados (nun edificio de varias plantas) para cumprir coas necesidades da cidade máis grande de Galicia.

Unha proposta que, ademais, conta co respaldo unánime do Parlamento de Galicia, onde o pasado mes de xuño aprobouse por unanimidade unha iniciativa na Comisión de Educación e Cultura en apoio a esta iniciativa.

Nos últimos Orzamentos Xerais do Estado aprobados, de 2023, contan cunha partida de 100.000 euros, máis outros 9,3 millóns nos exercicios seguintes, ata 2026.

Polos motivos expostos, desde o Grupo Popular no Parlamento de Galicia, formulamos as seguintes preguntas orais:

1.-Segundo a posición da Xunta de Galicia, Cal é ou estado de tramitación do proxecto de Biblioteca Pública do Estado en Vigo?

2.-Existe algún avance, novidade ou cronograma para a construción desta infraestrutura cultural pola que vos vigueses agardan desde hai mais de 17 anos?

3.-Ten habido recentemente algunha reunión entre ou Ministerio a Xunta de Galicia e ou Concello de Vigo, para abordar os seguintes pasos a dar? . Existe algún avance no proxecto?

Santiago de Compostela, 28 de novembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 28/11/2024 18:22:57

Cecilia Vázquez Suárez na data 28/11/2024 18:23:08

José Luis Ferro Iglesias na data 28/11/2024 18:23:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Raúl Santamaría González na data 28/11/2024 18:23:28

Julio García Comesaña na data 28/11/2024 18:23:39

Patricia García González na data 28/11/2024 18:23:51

Carmen Pomar Tojo na data 28/11/2024 18:24:08

Rubén Lorenzo Gómez na data 28/11/2024 18:24:24

María Felisa Rodríguez Carrera na data 28/11/2024 18:24:42

Víctor Baladrón Lamas na data 28/11/2024 18:25:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-MQypel5yx-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

